

MEMORIA ANUAL



CEIP MANUEL RESPINO

CURSO 2021/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. VISIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.
3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS E COLEXIADOS DE GOBERNO:
 - 3.1. EQUIPO DIRECTIVO.
 - 3.2. CLAUSTRO DE MESTRES.
 - 3.3 CONSELLO ESCOLAR.
4. VALORACIÓN DAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS E DE DIRECCIÓN.
5. VALORACIÓN XERAL DO CENTRO:
 - 5.1. VALORACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E PROPOSTAS DE MELLORA.
 - 5.2. VALORACIÓN DOS RECURSOS:
 - 5.2.1. RECURSOS HUMANOS.
 - 5.2.2. RECURSOS MATERIAIS.
6. VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN ESCOLAR:
 - 6.1. HORARIOS
 - 6.1.1. HORARIO DOS GRUPOS.
 - 6.1.2. HORARIO DO PROFESORADO.
 - 6.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO.
 - 6.3. EQUIPOS.
 - 6.4. ORGANIZACIÓN DO ALUNADO.
 - 6.5. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS.
 - 6.6. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.
 - 6.6.1. EQUIPOS DE CICLO
 - 6.6.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.
 - 6.6.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.
 - 6.6.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
 - 6.7. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS CONSTITUIDOS NO CENTRO.

6.7.1 EQUIPO DE BIBLIOTECA.

6.7.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

6.8. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO ESPECIALISTA.

6.8.1. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSCIA

6.8.2. LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

6.8.3. EDUCACIÓN FÍSICA

6.8.4. RELIXIÓN CATÓLICA

6.9. VALORACIÓN DAS ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

6.9.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

6.9.2. ATENCIÓN EDUCATIVA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

6.9.3. ATENCIÓN EDUCATIVA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

6.10. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPE O CENTRO:

6.10.1. PLAMBE

6.10.2. SECCIÓNS BILINGÜES

6.10.3. E-DIXGAL

6.10.4. DIGICRAFT NO TEU CENTRO

6.10.5. HORTO ESCOLAR

6.11. VALORACIÓN DOS PLAN E PROXECTOS DO CENTRO:

6.11.1. PLAN DE CONVIVENCIA

6.11.2. PLAN DE IGUALDADE

6.11.3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

6.11.4. PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

6.11.5. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.

6.11.6. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

7. SEGUIMIENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA.

8. VALORACIÓN DOS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS:

8.1. COMEDOR ESCOLAR.

8.2. TRANSPORTE ESCOLAR

9. LIBROS DE TEXTO

10. VALORACIÓN DO PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

11. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

12. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PXA.

13. VALORACIÓN DA XESTIÓN ECONÓMICA

14. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO E DO CONSELLO ESCOLAR.

1. INTRODUCCIÓN.

Segundo a Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, ao finalizar o curso temos que elaborar unha memoria final. A Memoria débemos servir como reflexión para entender que o traballo en equipo é fundamental. Na medida que o equipo achega ao centro, sexa capaz de facer cousas diferentes, ilusionar e investigar, os alumnos beneficiáanse desta forma de traballar, entrando eles na mesma dinámica.

A presente memoria de final de curso que presentamos a continuación é o documento que reflicte o traballo realizado neste centro durante o presente curso escolar, é o resultado dun proceso de avaliación interna, dun proceso de análise e de constatación do grao de consecución dos obxectivos propostos na Programación Xeral Anual para este curso, propoñendo novas liñas de traballo de cara ao curso que vén. Xorde da reflexión e valoración dos membros da Comunidade Educativa: Claustro e Consello Escolar sobre o funcionamento interno do centro, de cada un dos programas e actividades que se levaron a cabo ao longo do curso e dos resultados alcanzados ao final.

Ao elaborar a memoria final do centro pretendemos:

- Dar a coñecer á comunidade educativa o funcionamento do centro e o nivel alcanzado.
- Sinalar os problemas máis importantes do centro.
- Proxectar a acción futura.
- Informar á Administración educativa.

Destacar que, este curso escolar, como o anterior, vén marcado pola incerteza de toda a comunidade educativa en relación á pandemia da Covid-19 e da aplicación dos diferentes protocolos de actuación xa iniciados no curso anterior e que houbo que adaptar e aplicar diariamente no Centro ante esta problemática, aínda que pouco a pouco foronse relaxando as medidas: a autoenquisa diaria, o distanciamento social, o estrito uso da máscara nun primeiro momento, unha docencia ás veces presencial e outras telemática

especialmente no primeiro trimestre do curso, as titorías con diferentes formas de comunicación coas familias, as clases burbulla sen interacción con outros grupos, o comedor escolar, o transporte, etc. Saber manexar esta situación con éxito foi unha dura proba para o alumnado, as familias e o persoal do centro, pero tamén é certo que sen o esforzo e a responsabilidade de todas e todos non se podería obter tan bos resultados. Debemos estar orgullosas/os de chegar a este final de curso con mínimas incidencias despois do esforzo realizado.

Decir tamén que o perfil do noso profesorado amosou un estilo característico: docente entregado, ilusionado e comprometido co Centro, esforzándose por manter a calidade que oferta o centro e cunha plantilla pouco estable sen destino definitivo, pero que facilitou o traballo en equipo e a realización de todas as actividades que a continuación detallaremos. O persoal non docente do CEIP Manuel Respino tamén forma parte do noso equipo de traballo. Sen eles non sería posible o funcionamento do Centro: coidador ANEAE, conserxe, monitoras do comedor, monitoras e condutores do transporte escolar e cociñeiras, realizan un traballo diario que debemos valorar. Mencionamos tamén a implicación e apoio da maioría das familias en todas as actividades que realizamos ao longo deste curso escolar. A temática de Centro, “Xogos e Xoguetes”, coas dificultades que provocou a pandemia, supuxo un traballo coordinado por parte de todos os equipos pedagóxicos. Seguiremos intentando organizar o colexio da mellor maneira posible para que o cambio metodolóxico no que estamos inmersos sexa fructífero, pero sabedores de que aínda nos queda un longo camiño que percorrer.

2. VISIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO.

O nivel de participación e convivencia dos distintos sectores que compoñen a comunidade escolar ao longo do curso foi moi boa, o que cremos que é un elemento imprescindible e necesario para o bo funcionamento do centro. O estado da convivencia, a colaboración dos distintos sectores da nosa comunidade escolar, especialmente das familias e do profesorado, a eficiencia na xestión de todos os axentes implicados, foron aspectos reseñables que debemos ter sempre presentes como referentes na nosa xestión na procura da mellora e o enriquecemento da nosa escola. Todos os titores e titoras, así

como o profesorado especialista, estiveron dispoñibles para atender ás familias, ben de xeito telemático ou presencial segundo as directrices que marcaba o protocolo anticovid en determinados momentos. Ante a imposibilidade de determinadas familias a asistir a estas reunións, o profesorado do centro acordou reunirse con estas familias en calquera outro momento que lle fora ben a ámbalas dúas partes. A parte, o Equipo Directivo tivo as súas horas de atención distribuídas de tal xeito que nas mañás se podía atender as demandas das familias.

Ao longo destes anos consolidáronse liñas organizativas, de xestión interna e externa e de funcionamento, que confiren ao noso centro un estilo propio cuxos acenos de identidade se definen como resposta aos intereses dos distintos sectores e á necesidade de evolución do proceso educativo e do modelo familiar e social. Todo este traballo vese dificultado en certa medida polo alto porcentaxe de mobilidade dos membros do claustro, xa que en cada curso a porcentaxe de novos membros do claustro oscila entre un 40 e un 60 por cento. Esta situación aínda que incide directamente sobre a estabilidade, tamén achega diversidade e progreso. A maior parte deste renovado persoal ten unha situación de carácter estable, o que permite afianzar e garantir a aplicabilidade de liñas de traballo e funcionamento globais e dar carácter de continuidade ás accións que se emprenden.

Este curso, ademais de dar continuidade a iniciativas e proxectos anteriores e centrarnos no estudo e análise de aspectos académicos e metodolóxicos no proceso de ensino, tamén decidimos iniciar novos proxectos, xa que O CEIP Manuel Respino aposta pola participación en dinámicas de traballo e proxectos que nos permitan acadar melloras para o profesorado, o centro, o alumnado e a comunidade educativa no seu conxuto. Así, este ano, co traballo do profesorado, conseguimos que o centro participara en proxectos como:

- PLAMBE
- Programa de Seccións Bilingües
- Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna.
- Proxecto E-Dixgal

- Proxecto “Digicraft no teu cole”
- Proxecto Voz Natura

Tamén valorouse a posibilidade de participar en todos aqueles proxectos de innovación educativa que foron ofertados e que se adaptan ás características do centro e aos intereses e necesidades do alumnado, como a solicitude de participación no Proxecto Polos Creativos no vindeiro curso ou a diseño e elaboración do Plan Dixital.

O grao de consecución dos obxectivos propostos, así como das accións realizadas, foi alto, sempre grazas ao traballo e ao esforzo dos equipos docentes, cuxa profesionalidade e bo facer permítenos alcanzar un grao de satisfacción imprescindible para seguir xerando ilusión na tarefa educativa.

Cómpre facer referencia tamén ao Consello Escolar pola súa implicación así como á boa disposición e colaboración dos seus membros nas iniciativas e propostas do centro.

Doutra banda, agradecer ao profesorado o apoio e a confianza maioritaria depositados na xestión realizada polo novo Equipo Directivo, que se reflicten nos resultados desta memoria e que valoramos notablemente aínda que somos conscientes de que hai propostas de mellora que se indican e que nos servirán como referencia clara para corrixir aqueles aspectos que poden e deben ser mellorables e serven de indicadores para reconducir o noso quefacer na xestión, así como canalizar as inquietudes e os intereses do profesorado sen cuxa implicación non poderíamos crecer e propiciar o desenvolvemento de procesos de renovación e mellora na nosa institución escolar.

Destacar, tamén, a imprescindible e necesaria participación por parte dalgunhas das familias, e o apoio da Administración Educativa, a colaboración do Concello e de distintas entidades e o bo traballo levado a cabo polo persoal laboral que contribúen a materializar o labor realizado e que se sintetiza nas próximas páxinas e darán unha visión global da tarefa efectuada ao longo de todo o curso e sirvan de reflexión para realizar as propostas necesarias que constitúan formulacións de mellora para o próximo curso escolar.

3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS E COLEXIADOS DE GOBERNO

3.1. EQUIPO DIRECTIVO

O novo Equipo directivo estivo formado por:

- Don Emilio Manuel González López (director)
- Dona Paula Pose López (xefa de estudos)
- Dona Patricia García Arias (secretaria)

O Equipo Directivo mantivo a liña de traballo establecida no PEC, exercendo un liderado compartido e de xestión: planificando, organizando a práctica e garantindo a execución, definindo estratexias e dinamizando o centro. Tomando decisións de maneira consensuada cun traballo de participación e cooperación, dando sentido ao traballo en equipo. Este curso, entre outras tarefas, levamos a cabo:

- Deseño de actividades (globais, complementarias, extraescolares...) que aseguren o acceso e participación ás mesmas a todos os alumnos/as.
- Colaborar estreitamente coas familias
- Para poder dar a resposta educativa apropiada a cada alumno/a con necesidades educativas específicas: A aplicación do PXAD (Plan xeral de atención á diversidade)
- Xestión, organización... de toda as actividades do centro.
- Continuar cos plans e proxectos iniciados.
- Solicitar proxectos novos.
- E por suposto todas as actividades administrativas e organizativas que forman parte das funcións propias de dirección.

Resultados: Os resultados foron positivos en todos os eidos.

Propostas de mellora: Fomentar a PARTICIPACIÓN, o traballo de COLABORACIÓN e COOPERACIÓN e a EFICACIA e optimización dos recursos, todo isto para DINAMIZAR a vida escolar.

3.2. CLAUSTRO DE MESTRES.

Todos os mestres que impartiron docencia neste centro durante o ano académico 2021-2022 constituiron o claustro de mestres. O profesorado do centro cumpriu coa súa obrigaón e implicouse na realización edesenvolvemento das actividades planificadas e traballou integrado nos Órganos de Coordinación Docente.

Ademais, os titores/as desenvolveron o seu traballo en estreita colaboración con diferentes membros do Equipo de Orientación (profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe).

Ao longo deste curso celebráronse 12 sesións de claustro con una participación total da maioría dos membros. Estas reunións, ao igual que as de Consello Escolar, celebráronse maioritariamente de xeito telemático través da plataforma WEBEX debido á situación epideomolóxica do momento, e sempre con normalidade nun clima de respecto, cordialidade e colaboración entre os distintos compoñentes.

Ademáis destas reunións, mencionar que tamén se levaron a cabo de xeito habitual reunións de mestres con carácter informativo.

Do tratado e acordado nestas reunións levantouse acta recollidas no correspondente libro de actas. Os temas máis importantes que se trataron, entre outros, foron os seguintes:

- Plantilla do profesorado.
- Organización do curso.
- Elección de cursos e aulas.
- Constitución dos Equipos Docentes e nomeamento de coordinadores.
- Horario do profesorado e alumnado.
- Avaliación inicial.
- Listaxe de alumnos/as a titores/as e especialistas.

- Actividades de Reforzo Educativo.
- Actividades do Plan de Acción Tutorial e Orientación.
- Memoria Informativa.
- PFPP.
- Proposta de temas de interese para as familias.
- Programación Xeral Anual.
- Programación de actividades para as distintas celebracións.
- Seguimento plans e proxectos do centro.
- Estudo, Análise dos resultados das avaliacións trimestrais. Propostas de mellora.
- Información estado de contas até a data.
- Estudo e análise dos resultados das avaliacións trimestrais a nivel de tutoría e ciclo. Propostas demellora.
- Necesidades Educativas Especiais
- Libros de texto 2022-2023.
- Previsión de unidades e alumnos 2022-2023.
- Balance económico até o día da data.
- Aprobación da Memoria final de curso e memorias dos proxectos desenvolvidos no centro.

Como proposta de mellora acórdase seguir traballando nesta liña de colaboración e participación.

3.3 CONSELLO ESCOLAR.

O Consello Escolar do CEIP Manuel Respino funcionou cunha boa dinámica. Os seus membros interviñeron dunha maneira distendida, as decisións e acordos foron tomados de maneira consensuada.

O Consello Escolar deste centro reuniuse un total de 10 veces para tratar diferentes asuntos sinalados na orde do día correspondente. As actas de cada unha das reunións están recollidas no libro de actas correspondente e rexistradas na aplicación XADE da web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A asistencia dos seus membros foi maioritaria por todos os sectores.

Entre os temas tratados, os máis importantes foron os seguintes:

- Plantilla do profesorado, alumnado e organización do Centro.
- Normas de organización e funcionamento.
- Horario xeral do Centro, Educación Infantil e Educación Primaria.
- Aprobación do estado de contas do curso anterior.
- Aprobación do orzamento de ingresos e gastos para o curso escolar.
- Calendario Escolar. Elección de días non lectivo para o curso escolar 2021-2022.
- Información sobre proxectos desenvolvidos no centro.
- Aprobación do Programación Xeral Anual.
- Información de ingresos e gastos realizados no centro.
- Elección de membros do novo Consello Escolar.
- Memoria do curso 2021-2022.
- Memorias de todos os proxectos desenvolvidos no Centro.
- Aprobación de solicitudes de uso das instalacións do centro.
- Presentación do estado de contas do centro até o día da data.
- Aprobación da Memoria final de curso e memorias dos proxectos desenvolvidos no centro.

Ás mencionadas reunións acudiron en primeira convocatoria a totalidade dos membros.

Estas reunións celebráronse de xeito telemático e sempre nun ambiente de respecto e cordialidade.

Destacar que debido a que no ano 2020 non se celebrara o proceso de renovación dos membros do Consello Escolar, na renovación parcial que se

levou a cabo no presente ano quedou finalmente formado polos seguintes membros:

- D. Emilio Manuel González López (Presidente do Consello Escolar).
- Dna.García Arias, Patricia (con función de Secretaria no Consello Escolar).
- Dona Paula Pose López (Xefa de Estudos)

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

- Dona Erminda Domínguez Hervella
- Dona Cristina Gómez Taboada
- Dona Susana Pereiro López
- Dona Luisa María Ríos Rodríguez

REPRESENTANTE DO CONCELLO:

- Dona María Teresa Varela Ancochea

REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS:

- Don Carlos Barreira Alonso
- Dona Carina Rodríguez Rodríguez
- Don Diego Ignacio Alonso Guzmán
- Dona Anabella López González
- Don Carlos Barreira Alonso
- Don Marcos Fernández González

REPRESENTANTE DO PERSOAL NON DOCENTE:

- Don Leonardo García Fernández

Como proposta de mellora acórdase seguir traballando na mesma liña.

4. VALORACIÓN DAS XESTIÓNS ADMINISTRATIVAS E DE DIRECCIÓN.

O equipo directivo xestionou o seu traballo tomando as decisións de forma consensuada. Seguiu fielmente a axenda do equipo elaborada e que serve de guía para xestionar o traballo mensual. Foi fácil de coordinar grazas á colaboración de todo o profesorado e tamén das familias. Do plan de actuación

do equipo directivo formulado a principio de curso, comentar que valoramos positivamente o seu desenvolvemento e sentímonos moi satisfeitos do grao de consecución dos obxectivos do Centro. Os 3 membros tivemos un contacto continuado, inda que se fai necesario buscar máis franxas horarias para ter unha maior coordinación. O gran inconveniente é que existen tramos ao longo da mañá en que os 3 membros do equipo estamos impartindo clase e non hai ningunha persoa que poida atender a secretaría, o teléfono e o timbre do portal exterior, sobre todo cando o conserxe está a traballar no exterior do Centro. O equipo directivo seguirá exercendo as súas funcións ata o 30 de xuño de 2023. Para o vindeiro curso escolar non haberá ningún cambio dentro do equipo directivo.

Como propostas de mellora para as tarefas administrativas e de dirección.

- Revisar e modificar os aspectos que se consideren oportunos dos documentos oficiais do centro.

- Mellorar, dentro do posible, a organización espacial do centro e a súa estética exterior e interior.

- Facilitar a todo o profesorado as mellores condicións posibles para desempeñar a súa labor docente.

- Continuar coa dotación de novo material e mobiliario.

- Mellorar a formación do profesorado en todos aqueles eidos que puideran provocar melloras para o alumnado e para o profesorado.

5. VALORACIÓN XERAL DO CENTRO:

5.1. VALORACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E PROPOSTAS DE MELLORA.

Destacar que durante o presente curso académico levouse a cabo unha reforma integral do edificio principal aínda sen rematar que, a pesar de ser necesario debido ao deterioro do mesmo, ocasionou certas dificultades no día a día do noso traballo: exceso de ruído, falta de limpeza ou redistribución do alumnado en distintas aulas. É primordial que as obras detalladas finalicen nos prazos estipulados para atallar posibles deficiencias debidas á antigüidade das instalacións cun plan de mantemento preciso, programado e efectivo e comezar o vindeiro curso cunhas instalación renovadas e seguras.

En canto a melloras no exterior, instalouse unha placa de grandes dimensións co nome do centro na fachada situada a carón da porta principal do centro, procedeuse no mes de decembro ao pintado das dúas fachadas exteriores así como as cancelas, e tense previsto no mes de xullo ubicar unha zona verde na entrada do recinto.

Do mesmo xeito, a situación na que se atopaban as instalacións do primeiro andar do edificio vello era moi deficiente polo que foi prioritario acometer as seguintes actuacións:

- Instalación de sistemas de protección solar.
- Instalación de tarima flotante.
- Pintar as diferentes dependencias.

Todas estas actuacións do edificio vello levaronse a cabo en períodos non lectivos, polo que non afectaron ao normal funcionamento do centro.

Queda pendente o salón de actos no que se deberá acometer a súa reforma integral despois dos estragos ocasionados polas continuas inundacións sufridas, así como unha mellora do patio de Educación Infantil e o acondicionamento do pabellón cuberto.

Ao tratarse dun CEIP, a conservación e mantemento das instalacións do centro foron competencia do Concello, o cal tratou de satisfacer as nosas demandas dentro das súas posibilidades.

5.2. VALORACIÓN DOS RECURSOS:

5.2.1. RECURSOS HUMANOS.

Os recursos humanos son os que foron básicos para arrancar o proxecto.

O Claustro de mestres estivo formado por 21 docentes para 3 unidades de Educación Infantil e 8 de Educación Primaria, sendo insuficiente o número de profesorado en algunhas das especialidades así como o profesorado de atención a ANEAE, asumindo unha carga lectiva considerable que dificultou a organización da labor docente, tendo en conta ademais, que seguimos inmersos nunha pandemia que afecta á saúde pública e que inevitablemente

causa un aumento das ausencias xustificadas en unha alta porcentaxe do profesorado.

5.2.2. RECURSOS MATERIAIS.

A pesar da solicitude de material didáctico, xogos simbólicos, mobiliario e equipos informáticos feitas durante o mes de outubro á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o tipo de material recibido non foi o solicitado polo que non se adapta ás nosas necesidades. Consideramos que a dotación ou reposición dos equipos informáticos sería imprescindible para así poder contar cunha aula de informática que contribuíra a un mellor desenvolvemento do Plan TIC do centro, xa que os equipos cos que conta na actualidade están completamene obsoletos. En canto ao material didáctico, tivemos a oportunidade de traballar, na maior parte dos casos, cos materiais novos que o profesorado solicitaba gracias ao ingreso económico que ocasionou a participación do centro nos distintos proxectos e programas. É necesario ofrecer ao alumnado e ao profesorado todo aquel material que facilite o desenvolvemento do seu traballo docente e/ou discente.

6. VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN ESCOLAR:

6.1. HORARIOS

6.1.1. HORARIO DOS GRUPOS.

A organización xeral fíxose segundo o establecido na PXA.

6.1.2. HORARIO DO PROFESORADO.

Debemos agradecer a todo o profesorado o esforzo realizado neste aspecto. Os horarios estiveron sobrecargados e as gardas de recreo foron continuas debido a que non se podían mesturar os grupos. O positivo foron as gardas de transporte xa que o profesorado estaba preparado no Centro no momento en que chegaban os autobuses e as entradas e saídas graduadas, contempladas no Protocolo Covid, provocaron que o distanciamento social fose efectivo. Agardaremos á publicación dun posible novo Protocolo Covid da Consellería de Educación de cara ao vindeiro curso para adaptalo e organizar o Centro da mellor forma posible.

6.2. ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO.

Neste ámbito é onde o profesorado máis amplamente desenvolve a súa participación na toma de decisións que afectan á marcha do centro, xa que o profesorado organizouse en ciclos/niveis. O seu funcionamento valórase satisfactoriamente e o sistema de traballo foi o seguinte:

-Tratar previamente nas reunións de ciclo/niveis os asuntos propostos para a reunión do Claustro e de Comisión de Coordinación Pedagóxica, e así favorecer e axilizar a toma de decisións.

As reunións de ciclo/niveis fixéronse en horario de tarde e mensualmente. Nelas tratáronse temas pedagóxicos e organizativos que afectaron ao propio ciclo/nivel ou a todo o centro. Queda constancia dos acordos tomados na acta cumprimentada polo coordinador/a de o ciclo/nivel correspondente, encargado tamén de facer o seguimento do cumprimento dos diferentes acordos, tratándose temas como:

- A distribución dos recursos humanos para realizar os apoios ao alumnado con problemas de aprendizaxe;
- Fíxéronse propostas, planificáronse e executáronse actividades extraescolares, complementarias, globais...
- Aspectos organizativos e metodolóxicos, e adquisición de materiais pedagóxicos. Diseñáronse, planificáronse e realizáronse as actividades dos diferentes plans e o seguimento dos mesmos.
- Planificáronse e organizáronse as reunións con familias.
- Fíxéronse propostas para a PXA e reflexións para a Memoria Final así como propostas de mellora, etc.

Como proposta de mellora considerase necesario seguir na liña de compromiso e responsabilidade co funcionamento e organización do centro e que os coordinadores de ciclo/niveis sexan dinamizadores dos mesmos e “eslabóns” entre niveis.

6.3. EQUIPOS.

Mantivéronse segundo o establecido na PXA, facendo as variacións oportunas cando foi necesario e atendendo sempre ao establecido na lexislación educativa vixente. En canto aos obxectivos pretendeuse coordinar e planificar

as actividades escolares e complementarias de cada nivel e harmonizar a metodoloxía e realizar revisións dos resultados da avaliación así como dos criterios empregados. As actas de cada reunión están recollidas no Libro de Actas correspondente

6.4. ORGANIZACIÓN DO ALUNADO.

No que aos agrupamentos se refire, non houbo ningún cambio con respecto ao establecido na PXA, quedando agrupados os alumnos do seguinte xeito:

Etapa	Educación Infantil			Educación Primaria					
Nivel	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Nº alumnos	14	11	20	12	27	35	18	25	25
Total etapa	45			143					
Total centro	188								

Os alumnos que polas súas características especiais precisaron de atención específica foron atendidos de forma individual e por separado nalgunhas sesións á semana, dependendo das súas necesidades, permanecendo a maior parte do seu horario escolar na aula ordinaria co resto de compañeiros, reforzando así lazos de convivencia e integrandoos dentro do grupo clase .

No proceso de admisión, todas as familias que solicitaron admisión para os seus fillos/as obtiveron praza. Non realizamos xornada de portas abertas, previo ao inicio do período de admisión, debido á situación da pandemia, pero

publicamos na web toda a información precisa e facilitamos a entrega de documentación vía telemática.

6.5. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS.

Durante o horario lectivo as instalacións escolares están destinadas para ser utilizadas polo alumnado e polo profesorado do centro tal e como se recolle na PXA, sen embargo a súa distribución sufriu alguna modificación en momentos puntuais para facilitar as tarefas do persoal encargado da reforma integral do edificio principal que se está a levar a cabo no presente curso académico, o que dificultou en certa medida o normal funcionamento do centro.

Confiamos que no vindeiro curso as obras estén rematadas e podamos disfrutar dos novos espazos acondicionados permitindo unha adecuada planificación dos espazos.

6.6. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.

6.6.1. EQUIPOS DE CICLO

2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Mestres/as integrantes do ciclo e alumnado.

O centro contou cun equipo continuado de 4 especialistas en Educación Infantil.

- **4º de Educación Infantil.** Titora: Cristina Gómez Taboada.
- **5º de Educación Infantil.** Titora: Paula Pose López.
- **6º de Educación infantil.** Titora: Erminda Domínguez Hervella. Coordinadora de Ciclo.
- **Apoio-Psicomotricidade:** Susana Pereiro López. (Substituta Sonia Abalde Campo)

Mestres e mestras especialistas:

- **Audición e Linguaxe:** Pilar Pérez Fernández.
- **Lingua Estranxeira:** Adriana Varela Lorenzo.

- **Linguaxe Musical:** Luisa M^a Ríos Rodríguez.
- **Relixión:** Margarita Blanco Beneitez.
- **Orientadora do Centro:** M^a Elena López Rodríguez.

Alumnado:

- **4º de Educación infantil:** 13 alumnos/as.
- **5º de Educación infantil:** 11 alumnos/as.
- **6º de Educación infantil:** 21 alumnos/as.

Compre sinalar que houbo algunha variación no número de alumnos/as ao longo do curso académico:

En 4º de Educación Infantil iniciamos o curso con 12 alumnos/as e no mes de novembro incorporouse unha alumna máis.

En 6º de Educación infantil aínda que comezamos con 20 alumnos, en outubro incorporouse unha alumna dende Madrid. No mes de Maio houbo unha baixa dun alumno polo que o curso quedou en 20 alumnos/as.

Calendario de reunións de ciclo e temas tratados

Ao longo de case todo o curso (excepto algunhas no primeiro trimestre) as reunións realizáronse de xeito telemático **martes de 17:00h a 18:00h**. Tamén houbo algunhas que se realizaron en momentos puntuais para resolver asuntos urxentes. Os temas tratados seguiron o guión para todos os ciclos, cunha reunión previa todos os/as coordinad@res, pero tamén se completaron con outros asuntos propios do ciclo de educación infantil.

- Elaboración da **P.X.A.**
- Elaboración de **documentación ás familias a comezo de curso:** listaxe de material funxible e libros de texto, medidas hixiénico-sanitarias dentro da aula, obxectivos por cursos, refrixerio de media mañá.
- Organización do **período de adaptación** (coordinar horarios, apoios..)

- Posta en común de **datos sanitarios relevantes do alumnado:** alerxias, intolerancias.
- Organización a principio de curso de diversos temas: filas comedor, transporte, aniversarios, ..)
- Organización do blog por cursos ante posibles confinamentos.
- Aportacións para a reunión das familias dos nenos/as de 3 anos.
- Preparación de puntos en común para a **reunión das familias a comezo de curso. Datas das reunións por aula.**
- Actividades propostas polos distintos equipos de traballo de centro: **Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca.**
- Propostas e acordos da **CCP** e do **DO**.
- Organización de **actividades complementarias:** O Magosto, O Samaín, O Nadal, Día da Paz, O Entroido, Día da muller, Día de Rosalía, Letras Galegas, Día do Libro.
- Elección de libros para **Biblioteca Inclusiva de aula.**
- Organización da **saída de Fin de Curso.**
- Preparación dos puntos a tratar na reunión dos alumnos que se incorporan ao centro o curso 2022-2023.
- Elección do **Material impreso** para o vindeiro curso.

Grao de cumprimento da Programación

Durante o curso académico 2021-2022 pódese dicir que a programación cumpriuse tal e como estaba prevista.

Consideramos que os **obxectivos** programados foron axeitados ás necesidades e características do alumnado. Durante os tres trimestres impartíronse os **contidos** programados e obtivéronse resultados satisfactorios na maioría do alumnado. Houbo casos puntuais que levaron un ritmo de aprendizaxe máis lento debido a diferentes causas, adoptando en cada caso as medidas necesarias dentro da aula.

A nivel de aula tamén se levaron a cabo diversos proxectos partindo dos coñecementos previos do alumnado e das súas motivacións. O resto do traballo globalizado fíxose mediante fichas elaboradas polas titoras e outras que se seleccionaron de diferentes materiais impresos cos que se conta na aula procedentes de diferentes editoriais.

Os obxectivos marcados ao comezo de curso na etapa, fóronse desenvolvendo axeitadamente. A súa vez, revisáronse e axeitáronse, ás características e necesidades dos alumnos/as, incidindo, sobre todo en obxectivos actitudinais e aceptación de normas.

En canto ao nivel de consecución de obxectivos sinalar que todos aqueles que se traballaron este curso foron acadados pola maioría do alumnado.

Os contidos, do mesmo xeito que o resto de elementos da Programación, desenvolveronse nas distintas unidades didácticas, proxectos de traballo, lecto-escritura, etc programados para cada trimestre. Considerando o carácter eminentemente globalizador desta etapa, procurouse que a distribución fose relativamente lexible, no senso de permitir que os contidos propios de cada traballo, interactuasen con outros diferentes, podendo estar suxeitos a modificacións cando se considerou oportuno e introducindo outros que partiron dos intereses dos nenos.

Organización dos espazos.

- Este curso dada a situación Covid primaron sobre todo nos dous primeiros trimestres actividades individuais, onde cada neno/a tiña o seu espazo e o seu material individual, especialmente a nivel de aula. Tamén se realizaron actividades en parella, pequeno grupo e gran grupo, mantendo os grupos burbullas e seguindo as medidas de ventilación e desinfección oportunas.
- Cada titora reorganizou a súa aula facendo variacións e tendo en conta as características do alumnado e as actividades a traballar. Cabe destacar que os alumnos/as de 3 anos este curso non estiveron na aula da planta baixa xa que dita aula é a máis grande e por número de alumnos decidimos que fose ocupado polos nenos/as de 5 anos.

- Dado que se está facendo unha reforma integral en todo o centro a mestra de Psicomotricidade sempre que as circunstancias meteorolóxicas llo permitiron deu as clases no patio xa que no ximnasio non se podía.

Valoración dos recursos humanos e materiais empregados .

- Foron os propios da etapa e os aportados polo alumnado e familias: material de refugallo, funxible, libros, xogos e xoguetes variados...cobrando especial relevancia neste curso os relacionados coas novas tecnoloxías.
- Este curso no 2º trimestre realizouse unha reforma nas 3 aulas e corredor do edificio de Educación Infantil xa que os espazos estaban moi deteriorados. A aula da planta baixa xa fora reformada o curso pasado aínda que este curso colocaron estores en todas as ventás. Tamén nas ventás da planta de arriba.
- Tamén se dotou as tres titorías e a aula de psicomotricidade dunha asignación económica para a mellora do material educativo e de xogo.
- En canto os **recursos humanos**, ademais dos mestres nomeados anteriormente, o 2º ciclo de Educación Infantil contou tamén con todas as persoas que forman parte da comunidade educativa, salientando ás familias. Con respecto a elas destacar que este curso ao igual que o anterior establecéronse novas canles de comunicación, entre as que destacaron Abalar, a páxina web do centro e os blogs de infantil enlazado á mesma, chamadas e video-chamadas, correo electrónico, etc. Este curso seguimos mantendo o horario de titorías os **martes de 17:00h a 18:00h**, favorecendo medios dixitais para levalas a cabo.
- Para o cumprimento dos obxectivos e contidos axudámonos de material elaborado como libros de texto “Espiral de cores”, Ed. Vicens lives para os tres niveles; “Molalaetra” Ed. Edelvives para 4 anos e “Letrilandia” Ed. Edelvives para 5 anos.

Valoración da metodoloxía empregada

A metodoloxía foi global, experimental, participativa, activa e motivadora baseada no principio de aprendizaxe significativa que parte dos coñecementos previos do alumnado, que conectou cos seus intereses, as súas necesidades e que procurou que as aprendizaxes fosen útiles para a vida diaria do neno/a, a través de actividades que xiraron en torno a centros de interese e rutinas diarias que conseguiron dar seguridade aos nenos/as de educación infantil.

Ademais, seguíronse fomentando hábitos de coidado e hixiene persoal así coma os de coidado e limpeza do centro. Tamén se fomentaron hábitos de vida saudable e alimentación equilibrada incentivando ao alumnado a consumir froitas e merendas saudables.

Tratouse de seguir potenciando o gusto pola lectura, facendo lectura de contos na aula, acompañados de actividades de comprensión e expresión oral, de dramatización, plástica, tendo en conta os protocolos Covid vixentes e realizando as actividades acorde aos mesmos. Este curso iniciamos de novo o préstamo de libros para casa da biblioteca de aula.

Actividades complementarias e extraescolares.

En canto ás actividades complementarias e extraescolares, os nenos/as participaron ao longo do curso 2021-2022 nas actividades recollidas na **Programación Xeral Anual**, así como outras que foron xurdindo. Algunhas destas actividades leváronse a cabo a nivel de aula, de ciclo e outras a nivel de todo o centro que implicaron a planificación e deseño de actividades plásticas, musicais e lúdicas a traballar dentro da aula os días previos.

Actividades conxuntas co centro:

- **Día da Biblioteca, o 24 de outubro.** Realización de marcapáxinas relacionados co PFPP deste curso: Xogos e xoguetes.
- **O Samaín, o 30 de outubro.**

-Elaboración dun audioconto terrorífico de Samaín contado polos nenos/as. Cada aula elixiu un conto: Bruxa Maruxa (adaptación do conto Brunilda), Corre, corre cabaciña e A cociña da bruxa.

-Elaboración de manualidades de Samaín.

-Decoración de portas monstruosas con motivos de Samaín.

-Fotocall de Samaín. Por grupo-titoría fomos saíndo a facer a fotografía no hall do edificio de Primaria.

-Decoración das aulas con motivos de Samaín. (O día anterior). Pantasma feitos con globos brancos.

-Venres 30 de outubro: os nenos/as poden vir disfrazados ao centro con vestimentas relacionadas co Samaín. Este día podían traer “Merendas terroríficas de Samaín).

- O **Magosto** o 12 de novembro. Este día saímos ao patio para facer un circuíto de xogos(carretear castañas en carretillas, encestar a castaña, e levar a castaña polo seu camiño) ata a hora da merenda (bolos preñados, castañas e zume). Para a celebración desta festa pídesse ás familias que colaboren cunha presa de castañas. Ós alérxicos ofréceselle merenda alternativa. Nas aulas os neno/as confeccionan unha cesta con papel de xornal ou un cucurucho para as castañas asadas. Tamén se confecciona un colgante para levar o día da celebración.
- **Día Universal da Infancia**, 20 de novembro. Traballamos unha canción por titorías.
- **O Nadal**. Realizamos distintas manualidades, por titorías, relacionadas con esta festividade.

-Video- conferencia con Papá Noel.

-Elaboración de adornos para a árbore de Nadal do centro relacionadas co PFPP: Xogos e xoguetes.

- **Día Internacional contra a violencia de xénero**, 25 de novembro. Mural “Ás máxicas para voar libres”. Cada neno/a decorou unha pluma para pegar no mural. Cando o mural estivo rematado fíxose unha fotografía a cada neno diante das ás.
- **Día escolar da non violencia e a Paz, 30, de xaneiro**, realizamos uns poemas por cursos coloreados polos nenos. Tamén realizamos unhas

mandalas que os nenos/as colorearon e decoraron para poñer na entrada do edificio de primaria.

- Celebración do **Entroido**, a semana do 21 ao 25 leváronse a cabo varias actividades promovidas polo EDLG. Dende o luns desa semana estivemos atentos ao “Meco” este ano Rosalía era a que indicaba que complemento ou característica había que traer ó día seguinte.

Este curso os disfraces do centro relacionáronse co PFPP da Biblioteca: Xogos e xoguetes.

No noso ciclo realizamos un modelo de disfrace por titorías e informamos ás familias para que se implicasen como todos os anos na elaboración do disfrace. Dado que este curso tampouco podemos facer taller de familias no centro, terán que confeccionar unha parte do disfrace na casa. Será un traballo compartido entre familia-escola. Acordamos tamén enviar ás familias un tutorial para que fagan na casa esa parte do disfrace. En algún curso a outra parte realizouse na aula. O material envíase ás familias a través dos nenos/as.

4º de E.I: disfrace de twister.

5º de E.I: Mister Potato.

6º de E.I: Cartas de poker.

O venres 25 desfile con música no patio. Por titorías comezando por 4º de Educación Infantil os nenos/as van desfilando cos disfraces. Ao remate de todos os cursos merenda con churros e chocolate.

- **14 de febreiro Día do amor e da amizade.** Elaboración dunha postal con frases fermosas para darlle a un compañeiro.
- **Día de Rosalía, o 23 de febreiro.** Participamos na decoración dun pétalo (por titoría) no que os nenos poden escribir palabras en galegos e decorar como gusten. Con cada pétalo farase unha flor que levará “Rosalía” na man.
- **8 de marzo día da muller traballadora.** O alumnado de infantil realizou un traballo nun folio A4 sobre: As mulleres máis importantes da nosa vida. Nun folio cunha cara en grande tiñan que completar coas partes.

- **Do 7 ao 11 de marzo Semana da prensa.** Dende o equipo de Infantil a través de “Geneally” realizamos unha noticia relacionada con cada unha das 3 aulas: “O mundo de Yayoi Kusama”, “Chegou a primavera” e “Proxecto xogos e xoguetes”. Tamén en relación ao Proxecto de “Xogos e xoguetes” pídese que os nenos/as aporten noticias relacionadas cos xoguetes.
- **15 de marzo Día Mundial dos dereitos do consumidor,** enmarcado no Proxecto “Xogos e xoguetes”. Dende este proxecto farase chegar ás familias unha enquisa que permitirá facer unha análise crítica sobre a compra de xoguetes nos fogares.
- **21 de marzo Día Mundial das persoas con Síndrome de Down.** Baixo o lema “Operación calcetíns desemparellados”. Por titorías fíxose unha fotografía dos pes de cada neno. Con anterioridade traballamos o tema nas aulas a través dun conto.
- **Día Mundial da Saúde, 7 e abril.** No noso ciclo fixemos a “Carreira Solidaria Save de Children”. Carreira solidaria polo dereito a ser nena. Por cursos os nenos cada un co seu dorsal fixeron a carreira. Ao finalizar cada neno/a subiu ao podio para recoller o seu diploma de participación.
- **Día do Libro semana do 18 ao 22 de abril.** Marcapáxinas da mascota da Biblioteca “Libriña” enmarcada no Proxecto Xogos e xoguetes. No noso ciclo acordamos traballar un conto por aula e facer unha composición a nivel de titoría nun folio A3 ou cartolina grande. Os contos elixidos foron: “Elmer”, “O peixe Arco da Vella” e “No quiero el cabello rizado”.
- **Día das Letras Galegas.** A semana previa ao 17 de maio traballamos sobre Florencio Delgado. Eliximos un poema por titoría e fixemos unha interpretación nunha cartolina A3. Tamén traballamos ao longo da semana con Unidades didácticas do autor. O día 16 celebración no patio todos xuntos para cantar o himno galego e recitado de poesía polos nenos de primaria.

- **2 de maio Día Mundial contra el acoso escolar**, traballamos un conto “Hoy no juegas”. Despois da comprensión farán un debuxo interpretativo del.
- O 21 de abril todos o alumnado agás os nenos de 4º de infantil desprazámonos camiñando ata as instalacións do **Centro Cultural Avenida** para asistir á Proxección de “Valentina”, película infantil de animación protagonizada por unha nena con Síndrome de Down. Posteriormente á proxección da película, no centro leváronse a cabo unha serie de actividades relacionadas coa temática coa que se pretende xerar maior conciencia pública.
- **Saída á finca Fiyuelo (Bembibre)** o 21 de xuño. Esta proposta ao aire libre está pensada para coñecer ós animais e a vida na granxa, a horta e as plantas, realización de xogos tradicionais, reciclado de materiais, etc.
- **Fin de curso.**

ANUAIS:

- **Proxecto “Xogos e xoguetes”. Dentro do PFPP.**

-1º trimestre: Xoguetes. Realización de xoguetes con material reciclado.

-2º trimestre: Xogos didácticos. Xogos de mesa.

-3º trimestre: Xogos tradicionais.

O venres 27 de maio faise unha exposición na aula de música con todo o material elaborado polos nenos/as.

- **Proxecto “Patios dinámicos”.** Co fin de facer o noso patio máis coeducativo, dinámico e inclusivo e adaptalo as características do noso alumnado.

Actividades conxuntas dentro do propio Ciclo.

- **P.E.L.O .** (Programa de Estimulación da Linguaxe Oral). Os nenos/as de 4 e 5 anos teñen unha sesión semanal de estimulación da linguaxe impartida por unha das especialistas en A.L. A experiencia, igual que os

curso pasado, resultou moi enriquecedora para o alumnado e agradecemos que continúe para o vindeiro curso.

- **Graduación do alumnado de 5 anos.** Este curso debido ao falecemento dun neno da aula de 5 anos, a titora e as familias dos nenos/as (previa reunión de grupo) decidiron que a graduación será un pequeno acto que terá lugar na aula de 5 anos e na que só estarán presentes os nenos e a titora.
- **Actividade conxunta coa “Galiña Azul”.** Como todos os anos realizamos unha actividade conxunta cos nenos/as da “Galiña Azul” que se incorporan ao noso centro para o vindeiro curso. Este ano debido a situación Covid realizarase unha xornada de portas abertas pola tarde na que os nenos/as realizarán un percorrido polas instalacións do centro.

Outras actividades complementarias de todo o centro.

- **Proxecto “El rey del silencio”.** Dende o Equipo Directivo propónse levar a cabo o proxecto de centro “El rey del silencio” sobre todo polos niveis de ruído que hai tanto no comedor escolar como nas aulas. Para a realización deste proxecto faise entrega a todos os/as titores dalgún material necesario para a súa realización. Tamén un dossier que se enviará por mail onde se explica a súa realización.
- **Proxecto “Pilabot”.** Concurso de recollida de pilas e acumuladores en centros escolares para concienciar da necesidade de protexer o medio ambiente minimizando a contaminación xeradas polos residuos das pilas.

Contribución plans/proxectos de centro

Dado que o obxectivo xeral da educación é desenvolver todas as capacidades e a formación da personalidade do alumnado, isto non se conseguirá de maneira completa si se obvian valores tan importantes que fan posible a vida en sociedade e que trataremos de maneira globalizada a través do **Plan de Convivencia** recollido no PEC, traballando a o largo do curso os seguintes

valores que acercan a escola á vida e favorecen o desenvolvemento integral dos alumnos/as.

Educación moral e cívica, traballando ao longo da xornada e facendo que os nenos e nenas respecten unhas normas de convivencia consesuadas por eles mesmos, e que asimilen valores como a solidariedade , respecto, xustiza,...

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: que os nenos e nenas vivan experiencias da vida nos diferentes recunchos, sen diferenciar para nenos (coches) e para nenas (cociña), transformar os contos rompendo cos estereotipos, ter a figura do encargado/a ..

Educación para a saúde traballarémolo todos os días fomentando hábitos de limpeza tanto persoal como do entorno (por exemplo recoller a mesa e limpar trala merenda), elaborando un calendario de merendas (luns poden elixir lácteos, bocadillo ou froita, martes froita, mércores bocadillo, xoves froita o venres doce). Ademais incluíranse outros temas como a educación vial, traballada cando vemos o tema dos medios de transporte, a Prevención de Enfermidades e a Educación Sexual

Educación do consumidor: intentaremos que vexan a sorte de que vivan nun lugar privilexiado e que valoren o que teñen. Así deben coidar os seus xoguetes, apagar as luces, cerrar a auga...

Educación ambiental é un tema que traballamos todos os días cando saímos ao patio e non tiramos cousas o chan ou recollemos as que hai, coidamos as plantas do horto, plantamos novas,...

Educación intercultural: moi necesaria debido a que hoxe en día convivimos cunha gran variedade de culturas, por este motivo debemos coñecerlas e enriquecernos con elas.

Contribución ao Plan Lector.

O centro conta cunha biblioteca coa que se pretende fomentar o servizo de préstamo ás diferentes aulas a través do Proxecto Lector, sendo cada titor o que dinamiza o funcionamento da súa **biblioteca de aula**. Polo tanto, como parte do Proxecto Lector do centro, creamos na nosa aula un recuncho

tranquilo e motivador cos libros seleccionados segundo os intereses dos nenos/as.

Concretamente os contos constitúen o primeiro contacto da carácter literario que os nosos alumn@s teñen coa lingua.

Para traballar o Plan Lector realizaremos tarefas como:

- Diariamente dedicamos os últimos 15 minutos a lectura libre tal e como está estipulado no horario do centro.
- Rutinas: Todos os días a primeira hora da mañá, nas rutinas diarias dedicase un tempo a lectura de: 1º palabras tales como o seu nome, o dos compañeiros, días da semana, tempo atmosférico, estacións..et. Tamén Bits e pictogramas de vocabulario
- Préstamo dos contos da biblioteca de aula todos os venres. Cada venres elixen un conto para levar a casa. Á o longo da semana o que lle toque ser encargado contará o conto ós compañeiros.

O Proxecto Lector estará moi presente todos os días nas nosas aulas, ben sexa de forma directa, a través de actividades de dinamización da lectura, de preescritura, prelectura, etc... o de forma indirecta no traballo a desenvolver no día a día da aula.

Contribución ao Plan Tic.

De acordo cos obxectivos propostos no plan global do centro e os contidos que se derivan de eles, realizaremos as seguintes actividades co fin de acadalos.

Dar continuidade ao blog do centro: aportando informacións actualizadas periódicamente, novas de interese, comunicacións ás familias...

Creación dun Recuncho TIC: Nel centralizaremos as actividades relacionadas coas TIC, ofrecéndolles a posibilidade ós nenos de interactuar cos materiais que alí se encontren.

Comunicacións mediante correo electrónico: potenciaremos, durante todo o curso, o uso do correo electrónico para comunicarnos entre nós, os docentes (convocatorias de claustros, informacións varias ...); familia-escola (notificacións, citas titorías ...).

Comunicacións mediante video-conferencias: ao igual que na acción anterior, impulsaremos o seu uso para que o alumnado comunique, durante o curso escolar, experiencias y situacións a través da rede.

Actividades para a PDI: creando materiais útiles para a nosa práctica educativa e utilizando este recurso non como un fin, senón como un medio para que se consigan los obxectivos propostos.

Asesoramento dende a comisión de dinamización das TIC no centro: para resolver todas aquelas incidencias relacionadas coas TIC e organizando pequenas sesións de formación, se as necesidades así o requiren.

Contribución ao Proxecto Lingüístico.

Como parte do Proxecto Lingüístico de Centro, levamos a cabo unha análise das necesidades do alumnado en materia de comunicación lingüística dando cabida á aprendizaxe da lingua materna e resto de linguas que se imparten de forma interdisciplinar e transversal. Segundo os datos obtidos na enquisa efectuada aos pais antes do comezo do curso, actualmente a lingua materna predominante dos tres cursos de Educación Infantil é o castelán, polo que foi a lingua usada na aula, pero sempre tendo en conta o galego e coidando que adquirisen, de forma oral e escrita, o coñecemento desta. É preciso destacar que unha característica esencial desta etapa é a comunicación oral, debido a que a través dela os nenos poden expresar o que senten e o que pensan, sendo fundamental lograr un tratamento adecuado deste tipo de linguaxe, tanto a nivel emocional como social. O desenvolvemento desta competencia requerió tempo e traballo continuado, tanto na escola como por parte das familias, polo que a sincronización de ambas esferas foi fundamental. Neste sentido, entendemos que as situacións lúdicas proporcionaron un contexto moi adecuado para o desenvolvemento da linguaxe a través dos campos cognitivo e afectivo xa que a linguaxe é un elemento esencial para que o xogo funcione e a súa estrutura permite ao neno/a intervir na interacción, orixinando un diálogo.

En concreto, o xogo simbólico, mediante a dramatización e verbalización, fomenta a representación de situacións da vida cotiá. Polo tanto, a organización da aula en recunchos de xogo (a casa, a cociña, os médicos, etc.) permitiu ao neno/a escenificar diferentes situacións cotiás, é dicir, que lles deu a oportunidade de simular situacións que coñecen da súa experiencia diaria, ademais de brindarles diversas posibilidades de xogo que leva á comunicación oral. Doutra banda, tamén estiveron moi presentes os xogos lingüísticos compostos por actividades lingüísticas para que os nenos/as se divirtisen coa linguaxe, como por exemplo: trabalinguas, rimas, adiviñas, refráns, recitación e memorización de poemas, actividades todas elas coas que se tratou de reforzar a entoación, a pronunciación, a escoita, a imaxinación, a expresión, así como o vocabulario entre outras moitas cousas. O tratamento didáctico da lingua baseouse en estratexias individualizadas tendo en conta as diferenzas que os nenos/as adoitan ter con respecto ao dominio da linguaxe (fluidez, actitude, desexo de expresarse, etc.), xa que, algúns nenos/as precisaron de intervencións determinadas. Para iso, foi necesario fomentar un ambiente distendido, de respecto mutuo, no que a comunicación fose libre.

Avaliación: Valoración dos resultados académicos

A valoración do proceso de avaliación pode dicirse que é positiva. A evolución dos alumnos/as ao longo dos trimestres quedou reflectida no boletín de avaliación obtido mediante XADE. A avaliación foi global, continua e formativa, permitíndonos ver os logros e dificultades.

A información contida nos boletíns foi obtida a través da observación continua e directa do alumnado en cada situación de aprendizaxe.

En xeral, son tres grupos de alumnos con bastante motivación polas tarefas escolares e boa disposición para o traballo.

A avaliación final das aprendizaxes do alumnado considerou en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento observado das aprendizaxes e das competencias imprescindibles, así como a información aportada pola familia en canto ao grao de madurez e autonomía acadada.

No caso do alumnado de **4º de infantil**:

Un alumno que se caracteriza por ser unha persoa cunha especial sensibilidade sensitiva. En relación á canle auditiva destaca, entre outros, polo seu sentido do ritmo ou o interese cara os idiomas; respecto á canle visual é quen de ler números de tres díxitos así como palabras en letra ligada; e, en relación á canle táctil, prefire evitar superficies frías, areosas, sente moita dor ante as caídas, sente moita tristeza ante calquera corrección, etc. Este alumno séntese desbordado ante situacións con moitos estímulos, frústrase ante situacións cotiás que non consegue facer correctamente no primeiro intento e atópase constantemente excitado.

Outra nena que chegou ó centro (en novembro do 2021) e observamos a falta de intención comunicativa co seu contexto próximo. Só en casos puntuais, cando algún dos compañeiros lle retiraba algún obxecto, dicía en ton moi alto un fonema vocálico para chamar a miña atención. Durante o curso, empezamos a empregar a comunicación xestual para favorecer a intencionalidade do acto comunicativo así como a utilización de palabras moi concretas para favorecer o seu recoñecemento e posterior repetición e a realización de preguntas directas para que puidesen ser contestadas con “si” ou “non”. Actualmente, é quen de dar resposta a preguntas directas, repite nomes de compañeiros así como, o de algúns obxectos/palabras traballadas durante o curso e repite certos sons de cancións. En relación a autonomía persoal, resulta necesario ter en conta a falta total de control de esfínteres (non sente incomodidade estando mollada nin é consciente do acontecido), así como certa rixidez e inestabilidade corporal (incapacidade de dar saltos, flexionar pernas, dificultade na subida de pasos, etc.); sendo necesario tamén o acompañamento individualizado para a realización das diferentes actividades que desenvolvemos na aula.

A nivel xeral, o grupo de **alumnos/as de 5º de Educación Infantil** cumpre cos parámetros habituais de desenvolvemento nas áreas cognitiva, motora e socio-afectiva, pero non a nivel lingüístico e de conduta. En liñas xerais, o grupo, inda que con supervisión, é autónomo para todas as actividades básicas da vida diaria cun progresivo control dos seus sentimentos e emocións, seguindo con facilidade os contidos traballados dentro da aula, pero con importantes

dificultades a nivel de comportamento que desembocan nunha elevada excitación de todo o grupo e que dificultan a adquisición de novas aprendizaxes. A pesar de ser un grupo reducido de alumnos, precisan da repetición constante de indicacións e unha elevada motivación que favoreza a súa disposición ao traballo pola escasa atención que presentan e a necesidade constante de movemento. Estas características con leva no establecemento de pautas de actuación conxunta entre todo o equipo docente para reducir ese nivel de excitación e favorecer así a atención e concentración con actividades mais relaxadas que melloren o clima da aula. Ao longo do curso foron adaptando o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos, interiorizando algunhas das normas e rutinas e amosando certo interese por todo o que os rodea. Debido probablemente á súa idade, a maioría presenta un desenvolvemento lingüístico en proceso con algunhas dificultades de articulación de fonemas que, de non ser superadas, no vindeiro curso solicitarase unha avaliación ao Departamento de Orientación.

No presente curso, temos de momento, un alumno con Necesidades Educativas, que conta con informe psicopedagógico do Departamento de Orientación por presentar condutas perturbadoras dentro da aula e importantes dificultades no control de impulsos e que está á espera de confirmación de diagnóstico polo servizos externos.

Así mesmo, está pendente dende o mes de abril unha avaliación psicopedagóxica polo Departamento de Orientación á petición da familia por sospeita de altas capacidades.

No caso do alumnado de **6º de E.I** :

Hai unha alumna con avaliación psicopedagóxica dende o curso pasado. Dita alumna está saíndo á aula de Audición e Linguaxe dúas sesións semanais debido a múltiples dislalias.

Este curso ademais a titora solicitou dúas avaliacións psicopedagóxicas para dous alumnos. Un deles por dificultades na coordinación visomotriz e na motricidade fina así como escasa concentración nas tarefas e dificultades na autonomía persoal. Este alumno ten apoio dentro da aula. Dúas sesións semanais por parte da mestra de apoio de Educación Infantil.

Outro dos alumnos presenta dificultades na execución de tarefas, pouca mobilidade facial, atención dispersa e dificultades na autonomía persoal así como dificultades na coordinación dinámico-xeral. Este alumno está saíndo dúas sesións semanais á aula de Audición e Linguaxe.

Outra das dificultades encontradas é unha alumna con atención dispersa e dificultades para resolver positivamente conflitos. Aínda que non se solicitou petición ao D.O para unha posible avaliación psicopedagóxica si se solicitaron a dito departamento pautas de actuación para traballar conxuntamente familia e titora.

Todos/as as alumnas de 6º de educación infantil promocionan a educación primaria.

No proceso de avaliación así como na sesión de avaliación saíron propostas para o vindeiro curso en canto a apoios de AL e incluso PT para algúns nenos/as que o precisan.

As titorías mantivéronse cada vez que foron necesarias, tanto a nivel académico, social, afectivo-emocional e psicolóxico, e sempre que as familias as solicitaron.

Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

No presente curso o equipo docente do 4º curso reuniuse para facer a valoración dunha alumna ante a detección de falta de comunicación oral, ausencia de intención comunicativa, falta total de control de esfínteres e inestabilidade corporal. Trala reunión, leváronse a cabo 19 sesións de apoio específico dentro da aula ca mestra de apoio de Educación Infantil; dito apoio foi fundamental tanto na adquisición e repetición de novas palabras, como na realización de actividades específicas que requirían de axuda adulta. Aínda que se propuxo realizar unha sesión semanal de estimulación da linguaxe con dita alumna, a falta de dispoñibilidade horaria da especialista de audición e linguaxe, imposibilitou a súa posta en marcha. A titora reuniuse con dita especialista (fóra de horario), que lle ofreceu pautas sobre posicións fonéticas, xogos auditivos, de estimulación visual, táctiles, labial, de memoria e atención, etc.

Dende o primeiro momento, contouse coa colaboración, a axuda e o interese das especialistas de audición e linguaxe que axudaron a titora, dende o mes de novembro, con recursos, programas e orientacións de linguaxe e control de esfínteres. Así como tamén, a axuda e o apoio constante das compañeiras de ciclo.

A orientadora do centro reorganizou, en colaboración coa xefa de estudos, os apoios de E.I. trala reunión para asignar 1 sesión semanal de apoio específico para a alumna e entregou un documento con pautas para a titora no mes de xuño.

Atendendo ás medidas de atención á diversidade en 5º de E.I., salienta que no presente curso está matriculado un alumno con avaliación psicopedagóxica solicitada no curso anterior que non conta cun programa específico de intervención á espera de confirmación de diagnóstico por servizos externos. Por este motivo, dende a titoría propóñense unha serie de pautas de actuación conxunta entre o profesorado que imparte docencia para tratar de reducir as condutas disruptivas dentro da aula, observándose unha notable melloría do seu comportamento ata o terceiro trimestre, momento no que se dá un retroceso no control de impulsos que afecta a todas as áreas curriculares, así como á capacidade de atención e concentración de todo o grupo. Por este motivo, considérase necesario un seguimento periódico dentro da aula por parte do Departamento de Orientación para valorar a posibilidade dun apoio especializado de cara o vindeiro ano académico se fose necesario, así como pautas de actuación concretas para todo o equipo docente en función do seu diagnóstico.

Con respecto a 6º de E.I. houbo tres alumnos con avaliación psicopedagóxica un deles dende o curso pasado.

Dous dos alumnos/as saíron dúas sesións semanais á aula de Audición e Linguaxe. A coordinación entre a mestra de A.L e a titora foi constante ao longo de todo o curso.

O outro alumno tivo dúas horas semanais de apoio dentro da aula por parte da mestra de apoio a E.I. Ao longo do curso traballouse conxuntamente titora-mestra de apoio para a programar as tarefas adaptadas para este alumno.

Os prazos dos seguimentos trimestrais ao alumnos con avaliación non se realizaron nos prazos marcados.

Necesítase máis coordinación e unha mellor comunicación entre o D.O e as titorías, así como un seguimento periódico “real” das necesidades dentro da aula que permitan un maior coñecemento das necesidades, dadas as características evolutivas do noso alumnado.

Propostas de mellora.

- Cambiar as “casiñas” do patio de infantil dado que están moi deterioradas.
- Sombreado para o patio de infantil.
- Maior limpeza das aulas e do patio.
- Posibilidade de seguir co programa P.E.L.O (Programa de estimulación da lingua oral incluíndo tamén a 4º de E.I)
- Continuar coa renovación do equipamento das aulas.
- Renovación do mobiliario da aula da planta baixa de E.I.
- Priorizar o estudio das solicitudes de avaliación psicopedagóxica por parte do Departamento de Orientación unha vez detectadas as dificultades dentro da aula. Realizar os seguimentos trimestrais en coordinación co titor/a.
- Poder dispor do D.O, non só para a solicitude de Avaliacións psicopedagóxicas e a avaliación do alumnado, senón tamén para colaborar na prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento e de aprendizaxe. Tamén para apoiar e asesorar ao profesorado.

Para terminar, **como ciclo**, queremos valorar positivamente:

- Poder dispor de cousas que precisamos continuamente para as aulas. **O equipo directivo** estivo pendente de todas as necesidades que hai no ciclo e dispuxemos dunha asignación económica para renovar material.

Tamén moi agradecidos/as pola reforma que tanto se necesitaba nas aulas da segunda planta do edificio de E.I.

- A participación da totalidade dos compoñentes deste ciclo en todos os cursos de **formación** impartidos no centro.
- A participación, entusiasmo e colaboración que pon todo o ciclo en todas as actividades que se propoñen dende os equipos.
- A **colaboración das familias** en todo canto lles pedimos. A colaboración familia-escola é fundamental no proceso de aprendizaxe do alumnado.

MEMORIA DO 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Introducción.

Ubícome de titora no CEIP Manuel Respino, na comarca da Rúa de Valdeorras (Ourense), a modo de introducción salienta que nesta memoria do 1º ciclo se recollen, en cada un dos seus puntos tódolos compoñentes que conforman o ciclo, tal como profesorado que imparte materias tanto en 1º de Ed. Primaria como en 2ºA e 2º B, o alumnado e as súas características, os temas que se foron tratando ao longo do curso académico, así como actividades que foron levadas a cabo dende o 1º ciclo, os calendarios de reunións, os cales como coordinadora do 1º ciclo tiñan lugar con carácter mensual todos os martes para debater e propoñer todo tipo de actuacións e actividades a levar a cabo dende os ciclos.

Nesta memoria abordaremos tamén o grao de cumprimento da programación dende un punto de vista lexislativo LOMLOE, a organización da aula, a metodoloxía a empregar e o aproveitamento de recursos.

É importante tratar o punto da atención á diversidade dentro da aula seguindo a Orde 8 de setembro do 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na CA de Galicia. Tendo en conta dende medidas ordinarias e unha vez esgotadas éstas medidas de carácter extraordinario.

Valorar as actividades extraescolares e complementarias, que por motivos da situación epidemiolóxica non se puideron levar a cabo moitas, pero si fixemos dende o primer ciclo algunhas delas que detallerei unha vez chegado a este punto.

Valoraremos tamén os resultados académicos en xeral do alumnado, concreción dos plans e proxectos do centro, así como valoración da praxis ou práctica docente e da programación e por último as propostas de mellora para o vindeiro curso académico 2022/2023.

2. Compoñentes do ciclo.

O profesorado que integra o 1º ciclo é o seguinte:

- Estefanía Pol Álvarez , Coordinadora e titora de 1º
- Noelia González Vidal, titora de 2º B
- Marisol Ferreiro López, titora 2º A
- Margarita Blanco Beneitez, mestra de relixión.
- Luísa Mº Ríos Rodríguez, especialista de música.
- Elena Rodríguez, orientadora e xefa do Departamento de Orientación

3. Outro profesorado que intervén no ciclo.

- Luísa Mº Ríos Rodríguez, especialista de música
- Elena Rodríguez, orientadora e xefa do Departamento de Orientación
- Margarita Blanco Beneitez, mestra de relixión.
- Gabriel Lago Marote, Mestre de Educación Física.
- Adriana Varela Lorenzo, mestra de Inglés
- Noelia González Vidal, ARTS 1º a 4º
- Pilar Pérez Fernández, especialista AL
- Natividad Carracedo López, especialista PT

4. Alumnado.

O alumnado no 1º curso de E.Primaria está conformado por 14 alumnos e alumnas, dos cales hai cinco nenas e nove nenos, cunha nova incorporación dun neno procedente do estranxeiro, en concreto de Ucraia. O cal a partir de maio está saíndo un par de horas xunto a outro neno procedente de Ucraia do terceiro curso con mestres para que vaia adquirindo o idioma, o neno de 1º xa ten completamente adquirido idioma e non presenta ningunha dificultade de tipo académica, pero sí dende o centro é una boa axuda para favorecer a este alumnado que se incorporou tardíamente o centro e que procede dun país en conflito bélico.

En 2º A hai un total de 14 nenos, 7 nenos e 7 nenas, constatar a chegada tamén dun neno procedente de latino américa no mes de xaneiro , e noutro curso, 2º B tamén hai 14 nenos, 7 nenas e 7 nenos, destacar que houbo una nova incorporación ao comezo de curso dunha nena procedente doutro centro educativo.

En conxunto entre primeiro e os dous segundos hai un total de alumnado de 32 discentes. Promociona de curso tanto en 1º como en 2º A e 2º B o 100% do alumnado acadando así os obxectivos.

5. Calendario de reunións e temas tratados.

O calendario de reunións do 1º ciclo foi o seguinte:

A 1º reunión de ciclo tivo lugar o 14 de setembro na que se trataron temas e puntos de incio de curso, calendario de reunións cas familias, organización da aula, materiais, recursos.

O 19 de outubro: para abordar a temática do Magosto e o Samaín, propoñendo actividades a facer dende o centro, como decoración do centro por medio de murais, traballar dende as titorías o Samaín por medio de contos, actividades que nos propoñen dende o equipo de dinamización de bibliotecas proporcionándonos contos relativos a esta temática. Organización do Magosto, por medio dunha chocolatada e boliños preñados que degustaron todos os alumnos e mestres.

9 de novembro: entre algúns temas a tratar participación no centro en concienciación do lixo e respecto de cara o Medio ambiente coa recollida de pilas.

Abordar a temática do Nadal que ao final non se fixo festival porque había bastante incidencia de COVID no concello nesta época, pero si se fixeron murais en conxunto con elementos decorativos do Nadal feitos dende as titorías, e decoración por aula desta temática.

21 de decembro: Entre outros temas, reunión de ciclo sobre o balance do primeiro trimestre.

18 de xaneiro: organización do día da Paz por medio dunha cantiga e un baile, elaboración das pombiñas da Paz.

8 de febreiro: organización do Entroido coas ordes do meco que como coincidía co día de Rosalía acordouse que fora Rosalía a Meca este ano. As ordes do Meco na primeira semana do Entroido cumpríronse do luns ata o xoves e o venres os alumnos fixeron o desfile de Entroido seguindo a temática e o proxecto deste ano no centro: xogos e xoguetes.

Os alumnos de 1º disfrazáronse de parchís e os de segundo de dominós.

Outra reunión do 1º ciclo tivo lugar o pasado 15 de marzo para reflexionar sobre actividades que fixemos o día da Muller. A seguinte tivo lugar o 19 de abril para falar un pouco do balance da segunda avaliación e a organización do día do libro.

O 10 de maio tivemos tamén outra reunión de ciclo para falar de cara o día das Letras Galegas como se ía organizar, o día adicado a Florencio, no que viñeron a facer una exposición das súas obras e un roteiro para alumnado doutros ciclos superiores, ademáis como estamos coa temática dos xogos veu un rapaz artesán a ensinalles xogos tradicionais aos nenos

Organización da excursión de fin de curso a finca Fiyuelo para fomentar o respecto cara o medio ambiente e os animais.

O 14 de xuño: reunión de avaliación do 1º ciclo.

6. Desenvolvemento da programación.

6.1. Grao de cumprimento da programación.

De maneira xeral o grado de cumprimento da programación foi o adecuado no 1º ciclo de Educación Primaria. Ademais, por tratarse dun documento flexible, púidose adaptar os pequenos imprevistos que foron xurdindo ao longo de todo o curso escolar.

6.2. Valoración dos recursos educativos empregados.

Durante todo o curso traballamos cos diferentes recursos presentes nas aulas do 1º ciclo de Educación Primaria, por exemplo: un portátil con canón e PDI, a biblioteca de aula, cortiza e expositores, carteis e láminas, material escolar funxible, libros de lectura e de texto.

As dificultades atopadas durante este curso escolar foron motivadas pola convivencia coas obras de mellora do centro, que ocasionaron ter que realizar cambios de aula, a necesidade de ter todo recollido e envolto, imposibilidade de acceder a diferentes lugares do centro...

Os recursos empregados foron os libros da editorial Vicens Vives, para o vindeiro curso cambianse os libros, en 1º curso seguiremos ca mesma editorial, pero son libros máis novos que presentan imaxes máis motivadoras, e actividades de investigación, lúdicas como a búsqueda do tesouro deste xeito se cambiarán por outros máis novidosos que traballan por proxectos da mesma editorial, e moi bo contar tamén ca aula virtual para ir subindo algo de contidos, o uso da pizarra dixital moi útil para ir facendo actividades de carácter lúdico, proxectar videos ou contos, xogos didácticos.

6.3. Valoración da metodoloxía empregada.

A metodoloxía empregada e sempre moi participativa, na que os discentes poidan tamén falar, expresarse, comentar, lúdica por medio dos recunchos lúdicos e tamén de carácter activa.

Ademáis seguindo a Bruner nas aulas traballamos ao longo deste curso por medio dunha metodoloxía de aprendizaxe colaborativo e cooperativo, nos que uns se van axudando aos outros, a chamada titoría entre iguais, e una forma de aprender de xeito máis motivador.

Tamén una metodoloxía activa como dixen anteriormente, na que os discentes fagan una ficha ou actividade na que poidan eles autocorrexirse así mesmos.

7. Organización da aula e aproveitamento dos recursos.

Ao longo do curso académico por motivos de situación da elevada incidencia na comarca de COVID dispuxemos ao alumnado sentado de maneira, individual e conforme a situación se iba normalizando en 1º curso están dispostos en forma de U, en 2º B sentados en pequenos grupos de traballo e en 2º A de maneira individual.

Os recursos cos que conta a aula a parte de persoais como a figura do titor e os Mestres que veñen a facer apoio, contamos con recursos de carácter dixital como un ordenador por aula, cun proxector, una pizarra dixital, e ao final do curso actualizouse material, suprimindo encerados antigos, por outros máis novos con pizarra branca.

Ademais en cada aula, hai un recuncho para a lectura con andéis onde hai moitos libros para que lean os cativos, este rincón o empregamos na hora de ler. A coordinadora de biblioteca nos proporcionou por cursos tanto en primeiro como en segundo una chea de libros para fomentar o hábito lector procedentes da biblioteca do centro.

A existencia de diferentes recursos dixitais e audiovisuais en cada aula: ordenadores portátiles, proxector e encerados dixitais ou tablets, favorece a introdución das novas tecnoloxías no ritmo diario da aula. Ademais, dadas as circunstancias sanitarias, resultou de gran axuda a páxina web, a Aula Virtual, Cisco Webex Meetings ou Falemos xa que, ademais de servir como métodos de comunicación coas familias, tamén axudaron a que o alumnado participase nas diferentes actividades organizadas e complementase o seus coñecementos dun xeito máis lúdico.

8. Valoración das medidas de atención á diversidade:

Segundo a Orde 8 de setembro do 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade na CA de Galicia, no artigo 3 enténdese a atención á diversidade como conxunto de

medidas e actuacións para dar resposta, intereses, motivacións, estilos de aprendizaxe e diversos ritmos para así atender á diversidade.

8.1. Agrupamentos.

Valórase positivamente o agrupamento do alumnado tendo en conta a diversidade do mesmo e unha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos.

Por iso, na organización e na xestión das aulas do 1º ciclo procurouse a participación de todo o alumnado, o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.

8.2. MAD ordinarias.

No 1º ciclo as medidas ordinarias que se levan a cabo é contar con profesorado de apoio con disponibilidad horaria no centro, esta medida foi acordada a primeiros de curso e comezouse a aplicar no mes de outubro. Cada curso en función das necesidades do seu alumnado conta cun número determinado de horas de apoio, no 1 ciclo cada curso á semana ten un total de dúas horas de apoio. Na clase de 2º B, 4 horas semanas, no 1º e 2º trimestre, agás no 3º quedáronse con 1 hora semanal. En 2º A no 1º trimestre 2 horas semanas, no 2º trimestre 4 e no derradeiro trimestre 2 horas semanas.

Levaremos a cabo unha adecuación da estrutura organizativa do centro á aula segundo o artigo 43, adecuación da programación ao entorno, metodoloxías de carácter cooperativo seguindo como dixen anteriormente a ubicación en forma de U seguindo a Bruner. Adaptación ritmos de aprendizaxe. Cun neno de 2º A levouse a cabo un programa de habilidades sociais, que se parou porque non funcionaba, xa que tiña problemas a nivel condutual tanto cos seus iguais como o profesorado, non acataba ordes, nin tiña motivación polo traballo. Percibiuse una gran melloría dende o 2º trimestre.

En 2º B levouse a cabo un programa de modificación de conduta que resultou satisfactorio en coordinación coa familia e co resto do profesorado que imparte clase nese curso.

8.3. MAD extraordinarias.

As medidas extraordinarias de atención á diversidade aplicáronse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Ditas medidas extraordinarias son todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Entre as medidas adoptadas, no 1º ciclo, atópanse:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

9. Actividades complementarias e extraescolares.

No tocante ao tema de actividades extraescolares e complementarias este curso académico non se puideron dende o 1º ciclo facer moitas salidas, pero grazas a situación do COVID que foi mellorando no segundo e terceiro e derradeiro trimestre si se fixeron saídas como a visita do Concello un dúas veces por parte do alumnado de 2º A e 2º B. E tamén a excursión fin de curso organizada dende o 1º ciclo que tivo lugar o día 21 de xuño a finca Fiyuelo. Nesta excursión tamén foron alumnado de tódolos cursos de Ed. Infantil e alumnado de 3º A e 3º B de Primaria.

A finalidade desta excursión é para tratar temas transversais como a conciencia e respecto decara o medio ambiente, as plantas, os animais, de feito na excursión o alumnado puido darlle de comer os animais, tocar os animais, desenvolver a destreza da autonomía e pasaron moi ben porque fixeron actividades de xogos tradicionais, temática moi boa a tratar, xa que este ano o proxecto do centro vai sobre os xogos tradicionais.

10. Valoración dos resultados académicos:

10.1. Por materias.

CUALIFICACIÓN 1º		
MATERIAS	NEGATIVAS	POSITIVAS
Ciencias Naturais	0	14
Ciencias Sociais	0	14
Matemáticas	0	14
Lingua Castelá e Literatura	0	14
Lingua Galega e Literatura	0	14
Lingua estranxeira: Inglés	0	14
Música	0	14
Plástica	0	14
Educación Física	0	14
Valores	0	7
Relixión	0	7

CUALIFICACIÓN 2º A		
MATERIAS	NEGATIVAS	POSITIVAS
Ciencias Naturais	0	14
Ciencias Sociais	0	14
Matemáticas	0	14
Lingua Castelá e Literatura	0	14
Lingua Galega e Literatura	1	13
Lingua estranxeira: Inglés	0	14

Música	1	13
Plástica	0	14
Educación Física	0	14
Valores	0	7
Relixión	0	7

MATERIAS	CUALIFICACIÓN 2º B	
	NEGATIVAS	POSITIVAS
Ciencias Naturais	0	14
Ciencias Sociais	0	14
Matemáticas	0	14
Lingua Castelá e Literatura	0	14
Lingua Galega e Literatura	0	14
Lingua estranxeira: Inglés	0	14
Música	0	14
Plástica	0	14
Educación Física	0	14
Valores	0	5
Relixión	0	9

10.2. Factores que incidiron nos resultados.

Para acadar uns resultados satisfactorios partiuse da avaliación inicial para adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe ao alumnado das nosas aulas. Seguidamente, adoptáronse medidas de atención á diversidade tan pronto como foron detectadas as necesidades, contando coa colaboración do

departamento de orientación. Ademais, axudámonos dos recursos que nos brindaba o centro e fomentamos o bo clima na aula.

10.3. Valoración da aplicación do Plan específico de reforzo para o alumnado que tivera que permanecer un ano máis no mesmo curso.

Valórase positivamente a elaboración dos Plans específicos de reforzo para o alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso para, en cada sesión de avaliación realizar o seu seguimento e, de ser necesario, realizar os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Neste ciclo non será necesario a elaboración do mesmo porque todo o alumnado promociona ao curso seguinte.

10.4. Decisións relativas á promoción.

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en concreto, no artigo 6, establece que ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.

Tendo o anterior en conta, na clase de 1º de Educación Primaria promocionan todos os alumnos/as ao curso seguinte. Dous deles por imperativo legal.

11. Concreción plans/proxectos de centro:

11.1. Concreción do Plan de Convivencia.

Desde as aulas do 1º ciclo de Educación Primaria contribuímos ao Plan de Convivencia fomentando os valores e as normas de convivencia para aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Incentivamos a adquisición de habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos

que se relacionan. Favorecemos o respecto ás diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

11.2. Concreción do Proxecto Lingüístico.

Con respecto ao Proxecto Lingüístico desde o 1º ciclo:

- As materias impártense equitativamente entre lingua galega e lingua castelá. A excepción de Arts e Lingua estranxeira: inglés.
- En todos os actos, conmemoracións e festivais do centro a lingua vehicular é o galego.
- Na comunicación cos pais, circulares que se lles envía, comunicación a través das axendas, titorías e entrevistas a lingua vehicular é o Galego.

11.3. Concreción do Plan Lector.

Concretamos o Plan Lector tódolos días adicando trinta minutos á lectura, traballando en tódalas áreas de xeito transversal a lectura, facendo actividades lectoras coma conta-contos, xogos e actividades nas que haxa que ler. Temos un recuncho na aula adicado á lectura con diversos libros adaptados a idade dos discentes.

Actividades encamiñadas dentro do Plan Lector, o día do libro, que fixemos marcapáxinas que cada alumnado decorou de maneira orixinal, desta forma é una iniciativa para o fomento e incentivación da lectura.

11.4. Concreción do Plan TIC.

Dende o 1º ciclo potenciamos no alumnado a capacidade para acadar as competencias dixitais necesarias para buscar, obter, procesar e comunicar información transformándoa en coñecemento. Ademais, potenciamos o uso do ordenador como un medio de aprendizaxe e non só de xogo por parte dos alumnos/as. Desta maneira o alumnado debe consultar a web do centro e é usuario da aula virtual, a través dela os profesores/as compartimos recursos (presentacións, vídeos, actividades, infografías...). A maiores, proxectamos contidos e realizamos actividades interactivas na pizarra dixital.

12. Avaliación:

12.1. Avaliación da práctica docente.

En cada sesión de avaliación o profesorado avaliou os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluíu aspectos como: as aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación, o grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas, as medidas de atención á diversidade aplicadas, o clima de traballo na aula e a coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Dende as titorías deberíamos valorar e facer una autoavaliación a modo autocrítica para coordinarnos máis, posto que non existe coordinación entre especialistas e titorías. Debemos ir camiñando nunha mesma dirección para ir todos ao unísono. Tamén debe existir una coordinación para que todo o que suceda nos espazos comúns como o recreo se lle sexa informado ao titor. Non falar coas familias sen antes a aprobación dos titores porque se non nos coordinamos o que pasa e que o titor chega a final de curso e enterase tarde das propostas. Cando haxa un día conmemorativo avisar con previa anterioridade.

12.2. Avaliación da propia programación.

Cada mestre/a establece na súa programación mecanismos de revisión e modificación da mesma. Desta maneira, a programación é un documento vivo, suxeito aos cambios que aconteceron ao longo do curso (incorporación alumnos, dificultades que se foron xerando, actividades complementarias que modificaron a temporalización, intereses dos alumnos, corentenas ou confinamento na casa...)os cales obrigaron a realizar cambios e axustes nela.

13. Propostas de mellora.

Para o vindeiro curso académico consideramos dende o 1º ciclo que hai que mellorar os seguintes aspectos:

- Mellora de coordinación entre especialistas(AL,PT, Lingua estranxeira, Ed. Física) e titorías.
- Modificación de horarios nos apoios fóra da aula sen poñelo en coñecemento á titora.
- Nos periodos de lecer, informar o que acontece no patio.

MEMORIA DO 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Introducción.

O equipo do 2º ciclo, que agrupa a todos os mestres que imparten docencia no mesmo, é o órgano de coordinación docente básico encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Este curso 2021/22 , igual que o curso anterior, estivo marcado pola pandemia da COVID-19, feito que condicionou o funcionamento habitual do centro xa que foi preciso seguir en cada momento o protocolo sanitario pertinente.

2. Compoñentes do ciclo.

Forman parte de forma permanente do Equipo do 2º ciclo:

- Titora 3ºA: María Dolores Rodríguez López, substituída por Iago Pérez Lorenzo.
- Titora 3ºB: María Teresa Fernández Arias, substituída por Natalia Cid González.
- Titora 4º: Leticia Docampo Cantón.
- Mestra especialista en Lingua Estranxeira (Inglés): Adriana Varela Lorenzo.
- Audición e Linguaxe: Patricia García Arias.

Periodicamente contamos, nas reunións de ciclo, coa presenza da orientadora, María Elena López Rodríguez.

3. Outro profesorado que intervén no ciclo.

Ademais do profesorado permanente no ciclo inciden tamén nel:

- Educación Plástica impartida en Lingua Estranxeira (Inglés): Noelia González Vidal.
- Educación Musical: Luisa María Ríos Rodríguez.
- Educación Física: Gabriel Lago Marote.
- Relixión: Margarita Blanco Beneitez.
- Audición e Linguaxe: Pilar Pérez Fernández.
- Pedagogía Terapéutica: Natividad Carracedo López.
- Orientadora: María Elena López Rodríguez.

4. Alumnado.

Os tres cursos que conforman o 2º ciclo contan co seguinte alumnado:

- A clase de 3ºA de Educación Primaria conta cun total de 17 alumnos/as.
- A clase de 3ºB de Educación Primaria conta cun total de 19 alumnos/as. Dos cales un incorpórase unha vez iniciado o curso, o día 04/04/2022.
- A clase de 4º de Educación Primaria conta cun total de 19 alumnos/as. Dos cales dous incorporáronse unha vez iniciado o curso, un alumno o 13/10/2021 e unha alumna o 03/03/2022.

5. Calendario de reunións e temas tratados.

As reunións do ciclo durante o curso realizáronse de maneira mensual e tiveron lugar de forma presencial (nunha aula do centro) ou telemática (mediante Webex) os martes ás 17:30 horas.

Ditas reunións celebráronse os días 19 de outubro, 9 de novembro, 18 de xaneiro, 8 de febreiro, 15 de marzo, 19 de abril e 10 de maio, levantando acta das mesmas.

Os temas tratados foron os seguintes:

- Facilitouse aos membros do ciclo información variada: información e actualización dos protocolos covid, caixas de material do xogo para o patio,

valoración dos apoios recibidos, actualización legislativa, conmemoracións, PFPP, elaboración do Plan Dixital...

- Déronse a coñecer diferentes concursos nos que podía participar o alumnado do ciclo.

- Propostas de actividades dende o Equipo de Biblioteca para levar a cabo durante todo o curso, información sobre recursos, biblioteca inclusiva, Semana da Prensa, Semana do libro...

- Propostas dende o EDLG e o EACE para a celebración de Samaín, Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Día da Infancia, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día de Rosalía, Semana das Letras Galegas...

6. Desenvolvemento da programación.

6.1. Grao de cumprimento da programación.

De maneira xeral o grado de cumprimento da programación foi o adecuado no 2º ciclo de Educación Primaria. Ademais, por tratarse dun documento flexible, púidose adaptar os pequenos imprevistos que foron xurdindo ao longo de todo o curso escolar.

6.2. Valoración dos recursos educativos empregados.

Durante todo o curso traballamos cos diferentes recursos presentes nas aulas do 2º ciclo de Educación Primaria, por exemplo: un portátil con canón e PDI, a biblioteca de aula, cortiza e expositores, carteis e láminas, material escolar funxible, libros de lectura e de texto.

As dificultades atopadas durante este curso escolar foron motivadas pola convivencia coas obras de mellora do centro, que ocasionaron ter que realizar cambios de aula, a necesidade de ter todo recollido e envolto, imposibilidade de acceder a diferentes lugares do centro...

6.3. Valoración da metodoloxía empregada.

Con respecto á valoración da metodoloxía, intentouse dende o 2º ciclo de Educación Primaria ter presente o artigo 15 do Decreto de currículo. Por iso,

fixemos fincapé na atención á diversidade do alumnado, no logro dos obxectivos e das competencias clave e o fomento do hábito lector.

7. Organización da aula e aproveitamento dos recursos.

Ao longo do curso académico, por motivo da situación sanitaria, nos cursos do 2º ciclo primeiramente dispuxemos ao alumnado sentado de maneira individual e, conforme a situación se ía normalizando, comezamos a sentalos en parellas ou pequenos grupos.

Os recursos dos que nos aproveitamos nas aulas son os seguintes:

- **Persoais:** a figura dos titores/as, os docentes que imparten clase no ciclo, especialistas de PT e AL, xefa do departamento de orientación e o profesorado con dispoñibilidade horaria que realizan apoios nas aulas.
- **Materiais dixitais:** un ordenador por aula, un proxector, unha pizarra dixital e tablet, favoreceron a introdución das novas tecnoloxías no ritmo diario da aula. Ademais, dadas as circunstancias sanitarias, resultou de gran axuda a páxina web do centro, a Aula Virtual, Cisco Webex Meetings, AbalarMóbil que, ademais de servir como métodos de comunicación coas familias, axudaron a atención educativa virtual.
- **Materiais:** substituíronse, en dúas clases do ciclo, os encerados antigos de xiz por outros brancos de rotuladores. Nas aulas contamos con biblioteca de aula, con libros procedentes da biblioteca do centro, para fomentar o hábito lector. Ademais, tamén empregamos a cortiza e expositores, carteis e láminas, material escolar funxible, libros de lectura e de texto.

8. Valoración das medidas de atención á diversidade:

8.1. Agrupamentos.

Valórase positivamente o agrupamento do alumnado tendo en conta a diversidade do mesmo e unha visión inclusiva, de equidade, de heteroxeneidade e de optimización dos recursos.

Por iso, na organización e na xestión das aulas do 2º ciclo procurouse a participación de todo o alumnado, o acceso aos recursos, a flexibilidade nos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida.

8.2. MAD ordinarias.

Leváronse a cabo medidas ordinarias de atención á diversidade que facilitaron a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro docente e ás características do alumnado do 2º ciclo.

Entre as medidas que destacamos positivamente atópanse:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
Nome: Victoria Castro Besteiro	Especialidade: Titora do 5º nivel de EP.
Avaliación da propia programación	Valoración
Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos.	Sempre
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.	Case sempre
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos.	Sempre
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.	Case sempre
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.	Sempre
Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar.	Case sempre
Adecuación da metodoloxía.	Case sempre
Adecuación da secuencia de traballo na aula.	Sempre
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.	Sempre
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.	Sempre
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación	Sempre

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.	Sempre
Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.	Case sempre
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.	Sempre
Levase a cabo a revisión e actualízase a programación coas melloras introducidas durante o curso.	Sempre

Nome: Emilio M. González López	Especialidade: Titor do 6º nivel de EP.
Avaliación da propia programación	Valoración
Adecuación da secuenciación e da temporalización das UD/proxectos.	Sempre
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.	Case sempre
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das UD ou proxectos.	Sempre
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.	Case sempre
Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.	Sempre
Adecuación dos diferentes instrumentos empregados para a avaliación de cada estándar.	Case sempre
Adecuación da metodoloxía.	Case sempre
Adecuación da secuencia de traballo na aula.	Sempre
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.	Sempre
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos	Sempre

estándares.	
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación	Sempre
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.	Sempre
Adecuación das actividades complementarias e extraescolares previstas.	Case sempre
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias.	Sempre
Levase a cabo a revisión e actualízase a programación coas melloras introducidas durante o curso.	Sempre

10. Propostas de mellora.

- Reducir a carga burocrática para adicarlle máis tempo ao alumnado.
- Axilizar o proceso de elaboración de avaliacións psicoedagóxicas por parte da Xefa do DO.
- Contar con maior número de horas de apoio ao alumnado NEAE por parte dos mestres especialistas de PT e AL.
- Facer seguimentos semanais do ANEAE dentro das aulas ordinarias por parte da Xefa do DO.
- Elaboración de informes de seguimento trimestrais do ANEAE por parte da Xefa do DO.
- Contar co programa PROA.
- Establecer todos os mecanismos posibles para unha maior implicación por parte de determinadas familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe, reforzando a diario o traballo comenzado no colexio e participando con asiduidade na vida do centro.
- Dotación do mobiliario solicitado para as diferentes aulas.

6.6.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.

Ao longo do curso, foi un órgano fundamental na vida do centro, xa que a través del se coordinou de forma habitual e permanente as labores docentes do profesorado, dos diferentes niveis, dos titores e especialistas, das actividades lectivas, docentes, complementarias, extraescolares... así como todos os traballos académicos e a actividade lectiva do centro. Esta comisión reuniuse cunha periodicidade mensual. Leváronse a cabo oitoreunións. A asistencia a estas reunións por parte dos membros integrantes foi maioritaria. De cada reunión levantouse a súa correspondente acta cos asuntos tratados e acordos tomados, das que destacamos:

- Propostas para a elaboración da Programación Xeral Anual.
- Concreción de actividades complementarias.
- Seguimento dos plans, proxectos e experiencias iniciados.
- Seguimento de coordinacións, comisións etc.
- Seguimento ANEAE.
- Estructuración apoios ANEAE.
- Solicitudes ao Departamento de Orientación.
- Solicitudes Equipo de Orientación Específico.
- Libros de texto.
- Material escolar.
- Promoción alumnado.
- Diferentes temas relacionados coa organización e funcionamento do centro.
- Organización e programación das actividades globais do centro.
- Establecemento de comisións.
- Deseño, programación e organización de proxectos nos diversos niveis.
- Organización de actividades complementarias e extraescolares.

- Planificación de simulacro de evacuación.
- Calendario de reunións do profesorado, sesións de avaliación, entrega de notas...
- Informacións varias.

Como proposta de mellora acórdase seguir traballando na mesma liña.

6.6.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

1. INTRODUCCIÓN

Esta documento recolle a relación de actividades potenciadas polo EDLG e levadas a cabo durante este curso escolar.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, coa composición que se detalla na PXA para o actual curso 2021-2022, reuniuse cunha periodicidade mensual. O contido das mencionadas reunións quedou recollido no libro de actas correspondente.

Coa finalidade de potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro, lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia, potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa, deseñáronse e leváronse a cabo as actividades que de seguido se detallan.

2. MEMBROS DO EDLG

A composición do EDLG neste curso estivo conformada polos seguintes membros:

- Dna Cristina Gómez Taboada
- D. Emilio Manuel González López
- Dna Patricia García Arias
- Dna Adriana Varela Lorenzo
- Dna Susana Pereiro López (coordinadora)

3. CALENDARIO DE REUNIÓN E TEMAS TRATADOS

Durante o curso 2021-2022, o EDLG reuniuse como estaba previsto, unha vez ao mes na sala de mestres do CEIP Manuel Respino, elaborando a pertinente acta, tal e como se pode ver na carpeta de Actas.

DATA DA REUNIÓN	TEMAS TRATADOS
3-09-22	Constitución do equipo
5-10-22	Aportacións a PXA, Concursos, Letras adicadas a Florencio, Samaín, Magosto
2-10-22	Magosto
30-10-22	Nadal
11-01-22	Proxecto de Fomento do Uso do Galego, actividades sobre Florencio, entroido
1-02-22	Día de Rosalía, entroido
8-03-22	Actividades para o día das letras galegas
24-03-22	Actividades para o día das letras galegas, revista escolar
3-05-22	Actividades para o día das letras galegas, revista escolar

4. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

4.1. GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

Desde o EDLG consideramos que se cumpriron satisfactoriamente os obxectivos plantexados para este curso escolar.

Un ano máis traballamos no fomento do uso do galego como lingua propia, levando a cabo diferentes actividades que se detallan no último apartado desta programación.

Festexamos as conmemoracións programadas na orde do calendario escolar en colaboración e coordinación con outros equipos docentes.

4.2. VALORACIÓN DOS RECURSOS EMPREGADOS

Valoramos positivamente os recursos empregados durante este curso. Para levar a cabo as diferentes actividades empregamos todo tipo de recursos materiais (material funxible, de reciclaxe...) e tamén recursos humanos, entre os que destacamos a coordinación co resto de docentes do centro e coas familias. Tamén nos coordinamos con asociacións e centros da contorna, por exemplo para a celebración das letras de Florencio.

4.3. VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLO EQUIPO

En canto as actuacións levadas a cabo, consideramos que foron positivas xa que contribúen ao fomento do uso do galego e con elas tratamos de implicar a toda a comunidade educativa.

5. VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO RESTO DE ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE E GRAO DE IMPLICACIÓN.

Un dos puntos clave para a realización das actividades foi a coordinación cos demais equipos docentes, entre eles destacamos o EACE e o equipo TICs. A coordinación con estes equipos foi fundamental para a realización das actividades, especialmente daquelas relacionadas con conmemoracións.

O equipo TICs contribuíu a dar visibilidade a todo o traballo realizado durante o curso, facendo publicacións na páxina web do centro. Isto permitiu que a comunidade educativa fora coñecedora das actividades do centro.

6. PROPOSTAS DE MELLORA.

Para o vindeiro curso a composición dos membros do EDLG pode variar, malia isto, como propostas de mellora destacamos:

-Continuar traballando en coordinación con outros equipos docentes, tratando de implicar nas actividades a todo o profesorado e alumnado.

-Ampliar a adquisición de libros e material educativo en galego

-Coordinación con EDLG doutros centros

-Retomar saídas culturais e actividades presenciais que quedaron limitadas pola pandemia

Destacar e agradecer ao equipo directivo deste curso as facilidades dadas para a adquisición de material e para a realización de actividades.

7. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

Durante este curso académico realizáronse diversas actividades para fomentar o uso da lingua galega na escola e na contorna educativa. Para levar a cabo as tarefas, tivemos en conta a situación de Covid-19 e os protocolos vixentes sobre esta pandemia.

As actividades realizadas son as que se detallan a continuación:

Actividades para potenciar no centro a celebración de festas tradicionais galegas

□ Samaín : con ambientación nas aulas e no centro. En coordinación coa Biblioteca e o PFFP do centro sobre xogos e xoguetes did'acticos, algunha decoración do Samaín inclúe tamén motivos

- Decoración de cabazas. O EDLG propón que os nenos decoren as cabazas na casa e envíen unha foto das mesmas. Con todas elas faremos un video que será colgado no blogue de galego.
- Creación de receitas terroríficas. O EDLG propón como tarefa voluntaria que o alumnado elabore unha receita terrorífica, que pode ser real ou inventada. Esta tarefa realizase na casa en colaboración coas familias e logo envían unha foto ou vídeo do traballo realizado.

- O equipo de TICs do centro elabora un genially con tódalas receitas, que se publica no blogue de galego e na páxina web do centro para que poida ser visualizado polas familias
- Gravación de audio-contos de Samaín. Por aulas, o alumnado interpretou contos de medo en galego, que foron gravados e publicados tamén no blogue a través dun genially elaborado polo equipo de TICs.
- Difusión de diferentes unidades didácticas sobre o Samaín para traballar nos diferentes ciclos
- Ambientación relacionada co Samaín no centro
- Creación dun mural na entrada do centro, que invita a xogar con elementos do Samaín, en coordinación co PLAMBE de biblioteca sobre xogos e xoguetes. O alumnado de 3º ciclo de primaria colaborou na elaboración do mural, e o día do Samaín tódalas aulas acudiron a realizar os xogos propostos no mesmo.
- Venres 30 de outubro: Os nenos poden vir disfrazados ao centro con vestimentas relacionadas co Samaín.
- Ese día realizamos fotos co mural de Samaín e tamén inmortalizamos momentos terroríficos no photocall de Samaín creado polo EDLG. Nas horas de recreo amenizamos con música de Samaín.
- Magosto: este ano festexamos o magosto con ambientación nas aulas e no centro.
- Na entrada do centro elaboramos un mural de magosto, en coordinación con EACE e o Plambe de biblioteca.
- -O venres 12 festexamos o magosto na escola con xogos tradicionais, empregando castañas nalgúns deles. Para iso, o EDLG organizou distintos xogos en varios lugares do cole patio. Tamén se organizou ao alumnado en distintas quendas para realizar os xogos tendo en conta o protocolo Covid e seguindo tódalas medidas de prevención.
- Algúns dos xogos que realizamos foron:

- -Infantil: "Carreta as castañas na carretilla", "Leva a castaña polo camiño" e "A castaña polo aro"
- -Primaria: "Encesta a castaña", "Transporta a castaña", "O circuío da castaña", "3 en raia con castañas" e "Pon cara á castaña".
- Nos tempos de recreo o alumnado degustou boliños de pan con chourizo e castañas. Tamén amenizamos os patios con música en galego.
- Un sorriso pola palma: O venres 8 de outubro animouse ao alumnado a traer un plátano de canarias para merendar, en solidariedade coa situación vivida na palma nese momento
- Nadal con ambientación alusiva nas aulas e no centro.
- Realización de tarxetas de Nadal en galego. Anímase a todo o alumnado a participar
- Decoración do centro con elementos do Nadal. Na entrada do centro elaboramos un mural de nadal no que os adornos son xogos e xoguetes, en coordinación co PFPP de biblioteca e elaborados coa colaboración do EACE.
- Realización de manualidades e tarefas relacionadas co Nadal
 - Videoconferencia con Papá Noel a través da plataforma falemos.
 - Escribimos cartas ao apalpador. O alumnado escribe cartas ao apalpador, a modo de proposta de mellora de obxectos, elementos ou recursos que lles gustaría ter na escola. Logo botan esas cartas nun buzón elaborado con cartón e colocado na entrada do centro
 - Entroido:
 - Creación da figura do meco. Este ano, dado que o entroido coincide na data de Rosalía de Castro, a nosa meca é a autora, que vai designando para cada día da semana o complemento de entroido que debemos traer.
 - Realización de manualidades e tarefas de entroido nas aulas.

-Desfile de disfraces no centro. Seguindo a temática do PLAMBE de biblioteca cada curso escolleu un disfraz dun xogo.

-Degustación de chocolate con churros no tempo de recreo.

O alumnado de 6º de educación primaria levou a cabo un traballo de investigación sobre a autora

- Día das letras galegas:

Este ano as letras galegas están dedicadas a un autor da nosa comarca: Florencio Delgado Gurriarán. Desde o centro levamos a cabo varias actividades:

-Exposición sobre o autor no centro. Colocamos no patio varias lonas sobre o autor e o día 10 de maio Débora realizou a exposición para o alumnado, organizado en varios grupos.

-“As palabras de Florencio”. Cada aula decora en cartolina A3 unha palabra ou un poema sobre o autor, en función do nivel educativo do alumnado. Logo esas cartolinas son expostas en diferentes establecementos e comercios da Rúa.

Decoración dun lienzo sobre o autor en colaboración cunha nai do centro.

-Elaboración de retratos sobre o autor polo alumnado de 6º de primaria.

-Acto de conmemoración sobre Florencio. O día 16 de Maio festexamos no patio do centro as letras de Florencio.

Primeiramente escoitamos e interpretamos todos xuntos o himno galego. Logo escoitamos o poema “Os maios”, musicalizado en versión rap polo alumnado de 6º de primaria. A continuación cada grupo/aula de xeito voluntario leu algún manifesto sobre o autor e rematamos escoitando cancións en galego: “Terra”, de As Tanxugueiras, ou “Galiza, cada día máis linda máis linda”.

-Realización de unidades didácticas e manualidades nas aulas, a criterio de cada titor.

-O alumnado de 6º musicalizou o poema “Ahí ven o maio”, en colaboración coa especialista de música

- Revista escolar “A laverquiña”

Un ano máis continuamos coa elaboración da nosa revista de EDLG. Este curso realizase en versión dixital e nela recollese un resumo de actividades realizadas durante o curso, coas aportacións dos diferentes membros do claustro.

Para a elaboración do número deste ano contamos coa colaboración dos distintos equipos docentes, en especial do equipo TICS.

A revista será colgada na páxina web do centro e no blogue de galego.

Para a portada seguimos a liña doutros anos. Convocamos un certame de debuxo onde o alumnado voluntariamente presentaba un debuxo en folio A4 da Laverquiña, incluíndo preferiblemente xogos e xoguetes, a temática do PFPP deste curso.

- Participación na actualización, redacción e publicación de contidos na páxina web

Un ano máis continuamos co blogue educativo de galego con enlaces as diferentes actividades sobre as conmemoracións celebradas.

O equipo Tics tamén publicou estas actividades na páxina web do centro.

Colaboración na ambientación do centro: outras actividades nas que se fomenta o uso do galego

- Ambientación axeitada ás distintas festas e conmemoracións (Samaín, Entroido, Nadal, Día da Paz, Letras Galegas, Semana da Prensa, Día do Libro, Día da muller ...) con murais, exposicións... en galego
- Motivos alusivos ao uso cotiá e efectivo do galego e á salvagarda da nosa cultura en carteis, murais, exposicións...

Este curso non puidemos realizar moitos murais dada a reforma integral do centro que impedía colgar papeis en determinadas paredes de

centro. Malia isto, fixemos algúns carteis e murais relacionados coas temáticas conmemorativas que tamén se foron expoñendo nas aulas.

-Semana da prensa: O alumnado de educación infantil elaborou noticias que logo o equipo TICs publicou nun genially na páxina web do centro.

O alumnado tamén recompilou noticias sobre xoguetes, en con colaboración co PLAMBE, que foron expostas na entrada do centro.

-20 de novembro: Día da infancia. En coordinación co PLAMBE elaboramos un mural poñendo de manifesto a importancia do xogo para os cativos, con imaxes de xoguetes tradicionais

-Día do libro

No día do libro algúns alumnos buscaron contos relacionados con xogos e xoguetes e fixeron un debuxo sobre os mesmos.

- Conmemoración do día de Rosalía de Castro

-Realización de unidades didácticas e murais sobre a autora

-Decoración de poemas sobre Rosalía de Castro. Cada aula decorou un pétalo e con todos eles construimos unha rosa.

-Rosalía de Castro foi a nosa meca do entroido

-PFPP: XOGOS E XOGUETES, PATIOS DINÁMICOS

Desde o PLAMBE de biblioteca deste curso traballamos acerca dos xogos e xoguetes e tamén dos patios dinámicos.

Neste itinerario fixemos numerosas actividades nas que se promoveu o uso do galego. Algunhas delas foron:

- Creación de xoguetes con materias de reciclaxe, favorecendo a igualdade, sen clases sociais así como o coidado do medio ambiente e evitando o consumismo.

Xoguetes elaborados na etapa de educación infantil: Dragóns, pinball, pulpo de números, encesta a bola

Xoguetes elaborados na etapa de educación primaria: bonecos, xogos de memoria, labirinto con canecas, pelota con papel de alumnio, prismáticos, discos voadores, buxainas, encesta a pelota,

Con cada xoguete cubriuse unha ficha cunha serie de datos relativos ás súas características: materiais utilizados, funcionamento, destrezas ou habilidades que se traballan, fotografía... Con todas as fichas fíxose un caderno un caderno que pasará a formar parte do material elaborado da biblioteca. Ofreceuse un modelo de ficha para tódolos titores e especialistas.

- Tamén se realizou un traballo de investigación de adiviñas, retahilas, poesías, sorteos sobre xoguetes e recollelos para a Biblioteca. O alumnado buscou e recompilou adiviñas de xoguetes e con todas elas elaborouse un caderno. Ademais, o equipo TICs creou un genially con estas adiviñas, que se publicou na páxina web do centro.

- Realizamos un cuestionario sobre os xoguetes e os xogos e a partir de aí intentamos favorecer a coeducación a través do uso indistinto de xogos e xoguetes. Formulamos varias preguntas que se colgaron na páxina web do centro para que os pais/nais puideran acceder a el e analizamos os resultados.

- O 3º trimestre estivo enfocado aos xogos tradicionais, que se traballaron especialmente desde a área de ximnasia e psicomotricidade.

O alumnado de 6º de educación primaria investigou acerca dos xogos tradicionais e puxeron en práctica algúns deles.

- Tamén tivemos xornadas de xogos tradicionais no centro. O día 31 de xaneiro o alumnado de 4º de primaria disfrutou dunha xornada de xogos tradicionais no centro da man de monitores

- Xornada de xogos de orientación: Os alumnos de 5º e 6º de Primaria disfrutaron dun obradoiro de Iniciación ao Deporte de Orientación organizado polo Club Pena Trevinca, unha actividade dirixida a dar a coñecer este deporte que se desenvolve no medio natural e que cada vez ten máis practicantes e que consiste nunha parte

teórica onde se tratan temas como a identificación de elementos básicos, a interpretación dun mapa, o uso do compás e aspectos básicos das carreiras de orientación e unha parte práctica desenvolta no noso pavillón.

- **OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE SE FOMENTA O GALEGO QUE NON ESTABAN PROGRAMADAS A PRINCIPIO DE CURSO**

- Sesión de cine no centro cultura de A Rúa para o visionado da película “Valentina”

- Charlas informativas ao alumnado a cargo da cruz vermella, policía...

- Sesión formativa para docentes sobre xogos e xoguetes tradicionais

6.6.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

INTRODUCCIÓN

O importante nun centro educativo é ensinar a vivir, despertar inquedanzas e educar en e para a liberdade baseándose nuns valores que conformen o respecto pola vida que nos rodea.

As actividades complementarias e extraescolares permiten conectar a vida do noso colexio coas diversas materias e coa vida real procurando a formación do alumnado en aspectos reflectidos á ampliación do horizonte cultural, á preparación para a súa inserción na sociedade e o uso do tempo de lecer.

O noso alumnado non debe limitar ao académico a súa experiencia educativa, senón que o centro educativo debemos, co fin de contribuir á igualdade de oportunidades, apoiar e impulsar a canalización adecuada das súas inquedanzas, dos seus proxectos e os seus desexos de comprender a realidade que lles rodea e de contribuir a melloralas.

As actividades extraescolares e complementarias son un estímulo positivo para o centro, un instrumento que favorece aspectos como o traballo en equipo, a colaboración, a coordinación, a reflexión a comprensión do mundo que nos rodea.

Así mesmo as actividades extraescolares tamén realizan un efecto positivo no profesorado, pois axuda a unir o traballo entre departamentos ao desenvolver obxectivos común e osixena a rutina do día a día. Son en definitiva un mecanismo para dinamizar e democratizar a comunidade educativa

Enténdese como actividades complementarias aquelas de carácter xeral que son levadas a cabo coa implicación de todo o profesorado e de todo o alumnado, é dicir, son de obrigatorio cumprimento, xa que transcurren dentro do horario lectivo. A regulación está establecida nos arts. 69 e seguintes do Decreto 374/96 do 17 de outubro, e no Capítulo VI, punto 4 e 9 da Orde do 22 de xullo de 1997. Orde do DOG nº 168 do 2 de setembro do 1997. Artigos 69 e 75 do ROC.

O equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, a partir de agora, ACeE, é o encargado de promover, organizar, coordinar e facilitar estas actividades, entendendo por Complementarias as que se desenvolven durante o horario lectivo e as extraescolares as que teñen lugar fóra do horario.

A nosa intención é que os estudantes poidan achegarse en todo momento a contidos culturais relevantes, transversais en varias áreas de coñecemento. A ecoloxía, a coeducación, a cultura da paz, o pacifismo, a solidariedade, o respecto as diferenzas, o pluralismo, a saúde...son exemplos de contidos a traballar.

É preciso promover no noso entorno actividades que favorezan nos nosos alumnos a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade, actividades que amplíen os seus horizontes.

COMPOSICIÓN DE EQUIPO

O equipo de ACeE do centro foi constituído tal como recolle a lexislación vixente cos seguintes membros:

- Margarita Blanco Beneitez (Relixión)
- Estefanía Pol Álvarez (1º ciclo EP)
- María Teresa Fernández Arias (2º ciclo de EP)
- María Elena López Rodríguez (Orientación)

- Pilar Pérez Fernández (AL Y Coordinación)

PROXECTO COMÚN

O CEIP Manuel Respino presentou a principio de curso un centro de interese en torno o cal xirarán a maioría das actividades e celebracións. “XOGOS E XOGUETES TRADICIONAIS”.

As actividades propostas son consensuadas por todos os Equipos e Coordinación de Ciclos.

CALENDARIO DE REUNIÓNS E TEMAS TRATADOS

As reunións celebráronse en sesión ordinaria o primeiro martes de cada mes, en horario de 17:00 a 18:00 horas e de forma extraordinaria ao principio, para constituír o Equipo e ao final de curso para recoller a memoria, así coma cando sexa necesario.

03/09/2021 Constitución Equipo ACeE

07/09/2021 Reunión Xeral

A coordinación cos Equipos permite organizar as actividades e relacionas co Proxecto común. Por parte do Equipo de BIB, ten lugar unha exposición detallada das actividades propostas.

A organización trimestral é a seguinte:

- 1º Trimestre: Xoguetes
- 2º Trimestre: Xogos Didácticos
- 3º Trimestre: Xogos Tradicionais.

05/10/2021 Reunión Xeral

Nesta reunión concretamos as actividades máis cercanas no calendario e a nosa aportación na festa do Samaín e o Magosto.

A festa do Samaín tivo lugar o 29 de outubro. Aademáis de traballos relacionados nas titorias, colaboramos na realización dun mural para infantil e primaria.

No magosto tivo lugar unha proposta de xogos inspirados na temática de outono no que participamos para a súa realización e montaxe.

02/11/2021 Reunión Xeral

O 20 de novembro elaboramos un cartel para o corcho da entrada baixo o lema “Xoguetes e sorrisos de antes e agora”

Por outra banda en canto ao Nadal, propúxose recuperar o Festival que queda fixado para o día 21. Dirección expón a posibilidade de pedir o “Centro Cultural Avenida” para representar alí as actuacións pero dadas as circunstancias e o aumento de casos polo COVID estimouse a opción de facer un festival máis íntimo por titorías e facendo unha recopilación virtual que foi colgada na páxina web do centro.

Fixemos unha foto de apoio pola catástrofe do volcán no parque natural de Cumbre Vieja na illa da Palma nas Illas Canarias.

Festexamos o 22N cun mural de plumas que forman unhas as baixo o lema “AS MÁXICAS PARA VOAR LIBRES”

30/11/2021 Reunión Xeral

Nesta reunión concretamos a organización da festividade de Nadal. A decoración do vestíbulo foi con árbores de fieltro en verde para adornar con xoguetes feitos de goma eva. A idea foi un bosque baixo o lema “O bosque da ilusión” e que cada curso teña a súa árbore para pegar os adornos a modo de xogo con velcro.

Os alumnos e alumnas por titorías pintaron estrelas e folepas para decorar o mural.

O día 21, día de remate das clases, fixemos unha festa no patio con tódalas medidas protocolarias e compartimos villancicos e chocolate con churros, como despedida trimestral.

11/01/2022 Reunión Xeral

O día 11 de xaneiro de 2022 ten lugar de xeito telemático unha reunión con carácter xeral do Equipo de ACeE.

Cóncretase que a celebración do día da Paz terá lugar o venres 28 de xaneiro xa que este ano a festividade sinalada cae a domingo.

Os obxectivos para esta actividade sería educar ao alumnado no valor da paz, da non violencia, da tolerancia, do diálogo e o civismo.

Para ese día pensamos a idea de facer un papaventos por aula con materiais de refugallo, decorado con desexos e frases de maneira que faremos unha actividade no patio para voar os papaventos, ler un manifesto e cantar unha canción.

Interpretación ao unísono, dunha canción que fale desta temática.

Recital de poesías elaboradas polo alumnado alusivos á paz.

Realización dun mural dunha árbore e nas polas mensaxes con pombas de periódico alusivo ao conto “El hombrecillo de papel”

Temos concretado un obradoiro de xoguetes e xogos tradicionais a cargo dun artesán da zona. Farase unha exposición de xoguetes tradicionais e un obradoiro de xogos de inxenio con todo o alumnado. Isto será ao longo do mes de maio coa intención de que non falten tantos alumnos xa que este mes de xaneiro estamos a ter moitas ausencias.

01/02/2022 Reunión Xeral

O día 1 de febreiro de 2022 ten lugar de xeito telemático unha reunión con carácter xeral do Equipo de ACeE.

A reunión baséase no apoio e organización da seguinte festividade que é o Entroido.

Este ano pensamos que como o día 23 de febrero celébrase o día de Rosalía, pareceunos boa idea que Rosalía fora a “Meca” desta semana de entroido.

Este ano as ordes da Meca serán as seguintes na nosa celebración:

- ✓ O luns, algo na cabeza, e facerlle algo tamén a Rosalía.
- ✓ O martes algo no pescozo.
- ✓ O mércores unha toquilla ou un chaleque.

- ✓ O xoves ,calcetíns diferentes e todo o disfraz completo.

Deste xeito vamos completando o disfraz de Rosalía ao mesmo tempo.

De cara ao proxecto de xogos e xoguetes, facemos un mural titulado:

“A que xogaba Rosalía?”

O venres día 25 celebrárase un desfile de Entroido, cada curso elixiu un xogo. Pedírase a colaboración das familias para a confección do disfraz con material facilitado polo centro.

Falamos do 8 de marzo, día da muller para buscar ideas de xogos e actividades para conmemorar ese día.

08/03/2022 Reunión Xeral

O día 8 de marzo de 2022 ten lugar na Sala da plataforma Webex unha reunión con carácter xeral do Equipo de ACeE. Este día xa está feito un mural sobre o 8M día internacional da muller. Planifícase unha convivencia que terá lugar co alumnado do CEIP O BOLO.

03/05/2022 Reunión Xeral

O día 3 de maio de 2022 ten lugar na Sala da plataforma Webex unha reunión con carácter xeral do Equipo de ACeE.

Nesta reunión concretamos os días que seguen de conmemoracións sendo os seguintes:

- 1. 16 ao 20 de maio de 2022 Semana das Letras galegas.*
- 2. 17 de maio de 2022 Día Internacional contra a LGTBIQ + FOBIA*
- 3. 5 de xuño de 2022 día internacional do medio ambiente.*
- 4. Festival Fin de Curso.*

En canto as actividades da semana das Letras Galegas están organizadas e planificadas por Normalización prestando tódolos equipos a colaboración.

Do mesmo xeito queremos darlle moita importancia ao Día Internacional contra a LGTBI+FOBIA poñéndonos en contacto coa asociación Arelas para planificar unha sesión para este día. As actividades propostas son as seguintes:

- El, 1º e 2º de EP: propónse o traballo a través do conto “Por cuatro esquinitas de nada” Ademais de visualizacións.
- 3º e 4º de EP: propostas de visualizacións , e varios contos para traballar na aula.
- “Cada familia a su aire” Béatrice Boutignon
- “Billy y el vestido rosa” anne Fine
- ¡Vivan las uñas de colores” Alice Acosta
- 5º e 6º de EP:
- Pintado da bandeira LGTBIQ+
- Pintado das letras para o mural: “VEMOS A VIDA DE MOITAS CORES”
- Visualizacións de videos.

Actividade conxunta que sería o pintado dunhas lentes de cartolina proporcionada a cada titoria coas cores da bandeira LGTBIQ+ para saír ao patio o próximo xoves 19 despois do recreo así mesmo ler un manifesto, facer unha foto e festexar este día.

En canto ao día Internacional do medio ambiente en colaboración co horto pensamos en plantar sementes de “desexos” para festexar este día.

En canto ao festival Fin de Curso quedamos en pensar propostas que xiraran en torno a: Festival de baile, Festa de auga, Gincana de xogos deportivos...

RELACIÓN DE ACTIVIDADES:

Teremos en conta as datas de especial relevancia a celebrar polo centro con carácter xeral que se establecen na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022, nos centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Según a organización do Centro e en coordinación cos diferentes equipos de traballo, o Equipo de ACeE coordinará as seguintes actividades enmarcadas na temática trimestral:

- ❖ 1º TRIMESTRE: XOGUETES
- ❖ 2º TRIMESTRE: XOGOS DIDÁCTICOS
- ❖ 3º TRIMESTRE: XOGOS TRADICIONAIS

➤ **Mes de outubro**

Preparación dun mural para festexar o outono, un mural interactivo onde o alumnado poda xogar.

Participación na organización e decoración das actividades para festexar o Magosto 2021

Decoración de cabazas

Audioconto para o e-book

Receitas terroríficas coa implicación das familias.

Venres 29 de outubro día de vir disfrazados.

Gyncana de xogos coa temática do Magosto

En outubro tiveron lugar charlas de sensibilización da "Cruz Roja" para 5º e 6º, ademáis da participación no proxecto "Acerca de ti" para 5º e 6º, con charlas de sobre a menstruación.

➤ **Mes de novembro**

20 de Novembro de 2021: Día Universal da Infancia (Xogos e xoguetes para todos os nenos e nenas)

Esta actividade consistiu nun mural feito para festexar o día internacional da infancia.

Semana da ciencia. Actividade grupal, por titorias foron a un proxecto subvencionado pola "Fundación da Caixa". "O bus da ciencia"

Actividade grupal por titorias para axudar ao alumnado de La Palma, No momento tan duro que viviron co Volcán Cumbre Vieja.

Participación nos Retos sobre Educación Medioambiental, o primeiro ten que ver coa redución de plástico. Stand avaliación do uso do plástico e nomeamento de Ecovixiante

➤ **Mes de decembro**

Celebración da festividade de Nadal (Recollida solidaria de xoguetes, elaboración dunha árbore de Nadal con material de refugallo, adornada polo alumnado das diferentes titorias con adornos por cursos feitos con reciclaxe. Concurso de postais co tema “xoguemos”

Participación no programa EDUEMPRENDE (programa para fomentar o emprendemento)

Participación no concurso de reciclaxe PILABOT, para o reciclaxe de pilas.

Participación no programa da Xunta en colaboración coa estación de esquí de Manzaneda para alumnado do centro para os días 21-22 e 23 de febreiro.

➤ **Mes de xaneiro**

30 de xaneiro, día escolar da Non Violencia e da Paz (elaboración, decoración e posterior uso nese día sinalado).

➤ **Mes de febreiro**

24 de febreiro, día de Rosalía de Castro, a que xogaba Rosalía?

Entroido no colexio. Festexamos este día cun desfile. Cada titoria elixiu un xogo e fixemos un disfraz coa temática de xogos e xoguetes.

Fixemos as ordes da meca, neste caso con Rosalía, ademáis de facer a comadre que inauguraba o Entroido.

➤ **Mes de marzo**

8M DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Do 7 ao 11 de marzo de 2022, semana da prensa (noticias en prensa escrita e dixital sobre xoguetes e xogos tradicionais).

Elaboración da revista A Averquiña en formato dixital, colgada na páxina web

Taller de orientación a Cargo de Clube Trevinca para as titorias de 5º e 6º de EP

➤ **Mes de abril**

Do 18 ao 22 de abril, semana do libro (recopilación de retahílas, adiviñas, cancións... dos xogos da comba, da goma, coa pelota

Creación do caderno viaxeiro para que os pais, avós e avoas cubran cos nomes dos xogos aos que eles xogaban cando eran nenos.

Convivencia co CEIP O BOLO día 25 de abril

➤ **Mes de maio**

17 de maio, Día das letras galegas e Día internacional contra a LGTBIQ+fobia (coeducación).

Taller de xogos impartido polo artesán quirogués, taller de artesanía Enxógate.

➤ **Mes de xuño**

5 de xuño, día Mundial Do Medio Ambiente (apostamos pola reciclaxe)

Festa fin de curso (gyncana de xogos e xoguetes).

Excursión de fin de curso para Infantil, 1ºEP, 2ºA EP, 2ºB EP, 3ºA EP, 3ºB EP o día 21 de xuño á Granxa Escola Finca Fiyuelo na localidade de As Ventas De Alvares, León.

Excursión para 4ºEP, 5ºEP e 6º EP que tivo lugar o xoves 16 de xuño ás Médulas coa empresa Bierzoaventura.

Ao longo do curso visualizáronse algúms filmes relacionados co tema de xogos e xoguetes e por idades como: Tim Toy (1988) para os peques; Toy Story (para 1º e 2º ciclo de EP) e Toys para (3ºciclo de EP).

Estas eran unhas saídas programadas que non de puideron facer.

- Casa da Bonecas en Monforte de Lemos.
- Museo Galego do Xoguete en Allariz.

- Museo Etnolúdico en Ponteceso (A Coruña).
- Museo e tenda Barquiños e Xoguetes antigos en Santillana del Mar.

Non puidemos facer todas as saídas que tiñamos programadas xa que a incidencia dos casos con COVID foi constante durante todo o curso escolar. Quedan pendentes para o vindeiro curso escolar as propostas para o tema relacionado cos xogos e xoguetes e por outra banda o día 6 de xuño que tiñamos pensado unha saída relacionada co medio ambiente, de cara ao vindeiro curso facela antes para que non se solape coas saídas de fin de curso

VALORACIÓN

A avaliación das diferentes actividades establécese a partir dos seguintes indicadores:

Planificación da actividade:

- Grao de adecuación da actividade aos obxectivos propostos.
- Grao de adquisición das CCBB
- Grao de adecuación da actividade aos intereses do alumnado.
- Grao de adecuación da duración da actividade.

Desenvolvemento da actividade:

- Grao de organización da actividade.
- Grao de implicación do alumnado nas actividades propostas.
- Valoración da actividade.

Este curso planificáronse moitas actividades complementarias, sen embargo en varias ocasións tivemos que pospoñelas ou incluso anulalas pola incidencia da COVID-19. As actividades extraescolares este curso académico non se reanudaron polo mesmo motivo.

En canto ao grao de cumprimento dos obxectivos propostos hai que salientar que as actividades que se fixeron foron valoradas positivamente tanto polo profesorado como polo alumnado.

De cara ao curso seguinte tamén fomos suliñando actividades que este ano non puidemos facer como un taller coa asociación Arelas, algunha actividade máis en relación ao Síndrome de Down así como xornadas de sensibilización sobre alumnado NEAE.

As actividades programadas si que cumpriron en todo momento a participación activa do alumnado para lograr autonomía e responsabilidade. Nesta mesma liña as actividades sempre xiraron en torno a un desenvolvemento integral promovendo a capacidade de participación.

É unha asignatura pendente promover no noso alumnado o desexo de saber favorecendo a sensibilidade a curiosidade e a creatividade con actividades curriculares noutros escenarios, en contacto coa natureza, visitando museos, proxectos cercanos...esperamos poder retomar no curso que sigue estas propostas se a situación o permite.

Un obxectivo moi importante que promoven as actividades complementarias conxuntas é o sentido de pertenza ao noso centro educativo. Despois destes dous cursos tan difíciles no sentido de compartir momentos é preciso darlles a estas actividades a importancia que teñen para lograr ese sentimento de apego.

Tamén como mestres e mestras son este tipo de actividades momentos fundamentais para convivir co noso alumnado e mellorar a relación fóra do ámbito académico.

Nestas circunstancias que estamos a vivir o acceso á cultura dende a escola convértese nuha ferramenta fundamental para exercer un efecto compensador de desigualdades sociais. Quedan pendentes de cara ao vindeiro curso máis actividades de teatro, títeres... en definitiva traer de volta á escola cultura de espectáculos.

Por outro lado dicir que a participación das titorías é bastante desigual así como a dos membros do propio equipo. Pídese máis implicación na planificación e na participación de actividades.

Por último quero deixar constancia nesta memoria do bo comportamento do alumnado nas saídas extraescolares que tivemos motivo polo cal os felicitamos despois de cada excursión.

PROPOSTAS DE MELLORA

1. Planificar unha semana específica cultural onde anxendemos saídas de tódolos cursos e así poidamos organizar mellor os tempos curriculares.
2. Manter as excursións de fin de curso e para o alumnado de 6º de EP unha saída con pernocta que os alumnos e alumnas agradecen moito e lles permite gardar un fermoso recordo do paso polo colexio.
3. Os equipos docentes debemos alentar as actividades e motivar para o seu aproveitamento académico, cultural e/o vivencial procurando reequilibrar o esforzo dos departamentos e solicitar un maior compromiso do profesorado que non se implicou nas actividades máis sinaladas como Halloween, festival de Nadal...de maneira que non se sobrecargue ao Equipo Directivo ou Departamentos máis concretos.
4. Priorizar as actividades gratuitas para o alumnado con ánimo integrador e garantir que as viaxes non sexan inadsequibles para determinadas familias que son aquelas que precisamente teñen máis barreiras de acceso aos estímulos socioculturais.
5. Explorar a posibilidade de realizar un maior número de actividades complementarias dentro do centro se a situación sanitaria non permite asistir a actividades fóra do centro.

6.7. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS EQUIPOS CONSTITUIDOS NO CENTRO.

6.7.1 EQUIPO DE BIBLIOTECA.

1. Introducción.

Cada ano pretendemos, tanto con todas aquelas actividades que se van repetindo con certa periodicidade como con aquelas novas que van xurdindo, fomentar o gusto pola lectura, pola nosa biblioteca en particular, e polas bibliotecas en xeral, descubriendo nela/s, un punto de encontro entre alumnado de todas as idades, onde intercambien experiencias e información; onde non haxa alumnado desfavorecido porque todos contan con igualdade de oportunidades; onde ademais de buscar información poidan ver nela un recurso privilexiado de desfrute; un lugar máxico de encontro cos seus amigos os libros e co resto de recursos que lles darán a oportunidade de desenvolver a súa imaxinación e creatividade.

2. Membros do equipo.

- Erminda Domínguez Hervella (Profesora definitiva de E. Infantil)

- Natividad Carracedo López (Profesora definitiva de PT)

- M^a Sol Ferreiro López (Profesora interina de Primaria)

- Leticia Docampo Cantón (Profesora interina de Primaria)

- Luisa M^a Ríos Rodríguez (Profesora definitiva de E. Musical y responsable da Biblioteca)

3. Calendario de reunións e temas tratados.

Todos os primeiros martes de cada mes, dende o mes de setembro ata maio, fixemos una reunión de carácter virtual, con excepción das primeiras, a través da plataforma webex das 16:00 ás 17:00 horas.

Os temas abordados tiveron que ver cos aspectos relacionados coas distintas conmemoracións (Día Internacional das Bibliotecas, Semana da Prensa, Día do Libro...) relacionadas coa biblioteca e coas distintas actividades que veñen recollidas na programación da biblioteca sobre o seu proxecto "Xoguetes, xogos didácticos e tradicionais". Outro punto tratado e importante foi acordo por unanimidade da continuación de cara ao próximo curso, cos xogos tradicionais e introducir o tema da reciclaxe.

4. Desenvolvemento da programación.

4.1. Grao de cumprimento dos obxectivos.

Neste particular curso académico 2021-2022, debido as obras nas que estivemos inmersos durante todo o curso, pois xa dende setembro tivemos que deixar todo recollido e empaquetado, todas as actividades que se facían na Biblioteca (lectura, estudo, consulta de información, préstamo, xogos, utilización de ordenadores, actividades de formación de usuarios, decoración...) non se puideron realizar pois ao estar toda a planta en obras xa dende un principio, non se tiña acceso a ela.

Ao menos, para que o alumnado puidese seguir lendo, o que se fixo foi levar lotes de libros da biblioteca a cada unha das aulas, que xunto cos libros que os nenos traían das casas, foron os que leron na media hora de lectura que o colexio ten marcado no horario lectivo e que coincide precisamente cun dos períodos de lecer.

O tempo que dedicamos aos xogos tradicionais que foi o terceiro trimestre foinos escaso e precisamente por iso é que imos continuar con el para o seguinte curso combinándoo co tema da reciclaxe. O noso proxecto levará por título **“Xogos tradicionais III e recicla todo o que ves”**.

Aínda con estes contratempos, consideramos o grado de consecución dos obxectivos propostos como satisfactorio xa que desenvolvemos a meirande parte das actividades que nos tiñamos proposto realizar e o nivel de implicación tanto do alumnado como do profesorado foi moi bo.

4.2. Valoración dos recursos empregados.

En canto aos recursos materiais empregamos basicamente material de refugallo como: tubos de papel hixiénico, caixas de pizza, caixas de zapatos, xornais, cd's, tapas, vasos de plástico, depresores, goma eva, pallas de refresco, pratos de plástico, toallas, lás, bastoncillos, bolsas de plástico, cartón, papel de celofán, cartolinas

En canto aos recursos humanos contamos coa boa implicación do noso alumnado, mestr@s e tamén coa colaboración nalgúns momentos dos pais e nais.

6.3. Valoración das actuacións levadas a cabo polo equipo.

➤ 24 de outubro **Día Internacional das Bibliotecas Escolares.** Neste día, todas as aulas de Infantil e Primaria, recibiron un marcador de lectura, diferente para cada nivel, cun xogo de atención que tiñan que resolver e cunha frase de animación á lectura.

➤ **Semana da Prensa.** Para conmemorar esta semana, pediúselles ao alumnado de Primaria que fixera indagacións na rede e trouxera noticias relacionadas cos xoguetes. Expuxéronse nun taboleiro á entrada. Infantil publicou diversas experiencias das aulas de 3, 4 e 5 anos no seu periódico dixital titulado “A voz de Infantil”.

➤ **Día do Libro,** pediuse aos nenos máis pequenos que fixeran a portada dun libro co seu título, no que o protagonista fose o seu xoguete preferido. Os máis maiores, ademais da portada, tiñan que inventar un conto.

➤ Tamén todos os cursos decoraron uns marcadores da nosa mascota Libriña xogando.

O alumnado de Infantil tamén aportou o seu gran de area. 4º de Infantil traballou o conto de Elmer; 5º de Infantil o conto “ O peixe arcodavella” e 6º de Infantil o conto “No quiero el cabello rizado”.

➤ **Materiais elaborados.**

✓ Coas noticias de prensa recollidas, fíxose un caderno que quedará de consulta na biblioteca.

✓ Os contos que fixeron os maiores para o día do Libro, foron recollidos nun caderno e algúns deles podes escoitarse na páxina web do centro.

- ✓ Cada titoría construíu cos seus alumnos, dous xoguetes diferentes

con materiais de reciclaxe. Ademais de facer os xoguetes, tiñan que cubrir unha ficha de cada un onde se explicaba o nome do xoguete, as habilidades que desenvolvía, os materiais empregados, o proceso de elaboración e unha imaxe do mesmo. As fichas están plastificadas e recollidas nun caderno para consulta na biblioteca.

- ✓ O alumnado de segundo e cuarto fixo unha labor de indagación

sobre adiviñas relacionadas cos xoguetes e os xogos. Traballouse co material que aportaron e montouse outro caderno de consulta.

- ✓ Tamén temos outro caderno cos raps sobre xogos e xoguetes que

Inventou o alumnado de 5º e 6º de primaria. Algúns deles foron gravados polos propios nen@s e poden escoitarse na páxina web do colexio.

5. Valoración da coordinación co resto de órganos de coordinación docente e grao de implicación.

Ao comezo de curso, tivemos unha reunión todos os coordinadores dos diferentes equipos: Extraescolares, Normalización Lingüística, Tics e Biblioteca onde a coordinadora de Biblioteca expuxo as actividades que tiña programadas en torno ao proxecto “Xogos e xoguetes”. De estas propostas xurdiron novas ideas que se foron desenvolvendo ao longo do curso coa colaboración e apoio dos distintos equipos.

6. Propostas de mellora.

Segundo as instrucións de comezo de curso da dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2021/2022, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da consellería de cultura, educación e universidade di que unha vez distribuído o horario de atención directa ao alumnado, a dirección do centro deberá dar prioridade á biblioteca escolar e asignar horas lectivas e complementarias ao responsable da biblioteca e ao profesorado do equipo de apoio, axustadas ao labor que estes docentes

realizan en beneficio de toda a comunidade educativa, a efectos de facer rendibles os importantes investimentos realizados nas bibliotecas e de velar polo cumprimento das funcións que lles corresponden no centro educativo.

Desde a xefatura de estudos favorecerase, no posible, un tempo para a coordinación entre os membros do equipo de biblioteca.

A Inspección Educativa velará polo cumprimento das presentes instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, e orientará en relación coas mesmas aos distintos sectores da comunidade educativa.

Atendendo a estas instrucións que se repiten ano tras ano, desexamos que de cara ao próximo curso se poidan levar a cabo e se facilite, ao menos unha sesión, para cada membro do equipo de apoio á responsable da biblioteca.

6.7.2. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TIC

1. Introducción.

Dado que no noso centro concédese unha gran importancia ao desenvolvemento da competencia dixital tanto do alumnado como do profesorado, desde o Equipo de Dinamización das TICs tratouse de destinar unha parte importante dos recursos e esforzos a incrementar o nivel dos equipos informáticos, adquirir novos recursos e formar a toda a comunidade educativa tratando de alcanzar moitos dos obxectivos recolleitos no Plan TIC que melloren os procesos de ensino-aprendizaxe en todos niveis.

2. Membros do equipo.

A primeiros de setembro o Equipo de Dinamización das TICs quedou constituído polos seguintes membros:

- Paula Pose López (coordinadora)
- Iago Pérez Lorenz en substitución de María Dolores Rodriguez López
- Victoria Castro Besteiro en substitución de Vicente Rodríguez Díaz
- Gabriel Lago Marote

- Noelia González Vidal

3. Calendario de reunións e temas tratados.

A coordinación entre os membros do equipo foi fluída e construtiva, reuníndonos ao longo do curso os martes en horario de tarde cando así o recollía o calendario de reunións. Ditas reunións, como o resto dos equipos e órganos de coordinación docente, foron desenvolvidas de xeito telemático por medio da plataforma WEBEX e nas que, en liñas xerais, tratáronse catro grandes bloques de contidos:

1. Formación do profesorado
2. Actualización da páxina web
3. Visibilidade das actividades e traballos realizados polo alumnado
3. Inventariado de material informático e limpeza de equipos obsoletos

4. Desenvolvemento da programación.

4.1. Grao de cumprimento dos obxectivos.

Pode decirse que os obxectivos e actividades programadas fóronse acadando ao longo do curso de modo óptimo:

1. Con respecto ao alumnado:

Este curso púxose de novo en funcionamento a aula virtual do centro como parte do proceso de ensino aprendizaxe. Seguimos actualizando a páxina web. Esta actualización potencia a consulta dos mesmos polo alumnado, xa que poden ollalos para ver cales son os novos contidos. Todas as actividades do centro tiveron unha proxección exterior a través da web dinámica, poñendo nesta última as actividades referentes a conmemoracións e a avisos importantes; así como todos os documentos que as familias necesitan (xustificantes, documentación para as axudas de material escolar, matrícula...).

2. Con respecto ao profesorado:

Debido ao protocolo anticovid incentivouse máis o uso de Abalar, páxina Web, plataforma E-Dixgal, videoconferencia Webex, aula virtual, etc. O esforzo do

profesorado no seu uso fixo posible que moitas actividades puidesen realizarse de xeito dixital.

3. Con respecto á comunidade educativa:

A actualización da web posibilitou que as familias tiveran unha maior información do que se está a realizar nas aulas e no centro. Tamén destacar que moitos dos trámites presenciais para as familias realizáronse de xeito dixital: admisión, axudas para material escolar, reserva de transporte escolar, etc.

4.2. Valoración dos recursos empregados.

Non foi posible a programación dun horario de uso da Aula de informática debido á reforma integral que se está a levar a cabo no presente curso académico, inda que si proceduse á limpeza e inventariado de todo o material informático, observando que moito dese material está obsoleto e moi deteriorado.

4.3. Valoración das actuacións levadas a cabo polo equipo.

A modo de síntese, as accións levadas a cabo no actual curso académico foron as seguintes:

- Ao comezo do curso, concretamos que era fundamental levar a cabo unha formación para todo o equipo docente sobre o uso e manexo da aula virtual para poder facer fronte ás esixencias dunha posible educación non presencial. Os obxectivos primordiais eran reforzar os coñecementos xa adquiridos, aprender outros novos e por outra banda, ensinarlle aos novos docentes o seu uso e manexo xa que non tiñan experiencia. Xeráronse usuarios e déronse de alta a todo o alumnado e profesorado, así como os que se foron incorporando durante o transcurrir do curso. Tratáronse de solventar as posibles dúbidas a través de tutoriais e recursos compartidos na “sala de Mestres” da Aula Virtual Moodle.
- Parafavorecer a formación do profesorado en novas tecnoloxías levouse a cabo unha recompilación de recursos multimedia que foron de utilidade na súa labor docente. Imprimiuse, ademais, os titoriais para o acceso a Aula Virtual.

- Acordouse levar a cabo unha limpeza e reorganización da aula de informática descatalogando todo o material informático e audiovisual obsoleto e actualizando todo o inventario.
- Levaronse a cabo todas aquelas actividades multimedia que permitiron dar visibilidade aos proxectos tanto a nivel de centro como de aula do presente curso, así como promover a formación do alumnado e profesorado nas contornas dixitais e fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa. Creouse, ademáis, unha conta de usuario en dúas ferramentas multimedia para a creación de contidos interactivos que permitiron dar visibilidade aos proxectos do centro a través da páxina web.
- Impartiuse aos membros do equipo unhas nocións básicas sobre o manexo das ferramentas multimedia interactivas mais empregadas para o deseño de páxinas web.
- Creouse unha conta gmail que permitiu compartir arquivos co resto do profesorado para dar visibilidade aos proxectos de centro a través do seu drive.
- Levouse a cabo unha reorganización da páxina web do centro añadiendo novas seccións e contidos cun novo deseño.
- Edixgal: Chequeo e catalogación dos portátiles recibidos para profesorado e alumnado, así como as bolsas/carteras dos mesmos. Clonación da derradeira versión da maqueta Abalar de todos os portátiles do profesorado por non estar actualizada. Resolución de diversas incidencias acaecidas no día a día por medio do Servizo Premium Edixgal.
- Colaborouse na elaboración do Plan Dixital e formalizouse a solicitude do novo Proxecto de Innovación Educativa “Polos Creativos” de cara ao vindeiro curso.

Ademais de todo o anterior, tratáronse de solucionar diferentes problemas que ían xurdindo no día a día. Cando non se podían solventar, por descoñecemento, abríase incidencia na Unidade de Atención a Centros (UAC) ou solicitábase a asistencia dunha empresa informática que o centro ten

contratada. Se o problema ía dirixido aos equipos do programa Eva Edixgal recurríamos obrigatoriamente ao Servizo Premiun Edixgal.

Por outra banda, ao longo do curso, e dentro do marco dunha das liñas do PFPP e no que o Equipo de Dinamización das Tics tivo un papel relevante, acometeuse a realización do Plan Dixital do centro baseado nunha análise da situación de partida (a través do test Selfie e do Cuestionario de Competencia Dixital Docente), e que requeriu dunha análise DAFO que nos permitiu elaborar unha serie de obxectivos do noso plan de acción para o vindeiro curso.

5. Valoración da coordinación co resto de órganos de coordinación docente e grao de implicación.

Pode afirmarse que todos os membros do equipo amosaron unha actitude activa cara á formación relativa aos recursos e novidades en novas tecnoloxías. Estes novos coñecementos tratáronse de transmitir ao resto de profesorado a través dos distintos órganos de coordinación docente mediante o asesoramento e indicacións que enriqueceron en certa medida a labor de todo o equipo observándose un resposta positiva a tales informacións.

6. Propostas de mellora.

Demandamos un ano máis a necesidade urxente de novos equipos informáticos para ir renovando os equipos antigos e obsoletos dos que dispoñemos. Os actuais non cubren as necesidades que nos demanda o actual sistema educativo e isto está a xerar constantes problemas que dificultan o bo desenvolvemento das aulas. Tamén se demanda a instalación de kits dixitais para determinadas aulas por non dispor das mesmas, especialmente nas aulas de educación infantil e nas aulas valeiras, así como mellorar as conexións wiffi de todo o centro.

A pesares dos esforzos que se teñen feito en formación docente, resulta necesario, e así o confirman os tests realizados como parte da elaboración do Plan Dixital, incidir de novo na capacitación básica do profesorado en ferramentas dixitais así como no cumprimento dos protocolos de uso dos equipamentos e no coñecemento e posta en práctica do protocolo de comunicación.

Salientar ademáis, que a día de hoxe, existen aspectos nos que aínda teñen unha marxe de mellora na integración das TICs no noso centro educativo polo que é preciso dar continuidade aos obxectivos propostos para a mellora das Tic no noso centro educativo:

1. Con respecto a ao profesorado:

- Aumentar o uso dos recursos TIC do centro
- Mellorar a participación nos entornos colaborativos de traballo
- Empregar ferramentas TIC para o desenvolvemento de metodoloxías activas.
- Incrementar o emprego da Aula Virtual como banco de recursos para o alumnado e comunicación coas familias.
- Crear materiais dixitais para o alumnado e compartilo co resto de profesorado.

2. Con respecto ao equipo TIC:

- Mellorar as actuacións de formación do profesorado
- Instalar maiores medidas de seguridade e protección dos equipos informáticos
- Actualización periódica da web institucional do centro.
- Crear un aula STEAM

3. Con respecto ao Equipo Directivo:

- Reemplazar equipos informáticos obsoletos da aula de informática
- Adquirir equipos para ordenadores equipos de todo o profesorado

4. Con respecto ás familias:

- Aumentar a participación das familias nas plataformas do centro (Aula Virtual, páxina web e Abalar)
- Supervisar o uso adecuado das TICs no entorno familiar

6.8. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DO PROFESORADO ESPECIALISTA.

6.8.1. EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSCIA

MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN MUSICAL

1. Introducción.

Na etapa de Educación Infantil, a Ensinanza Musical predominante foi a sensorial e potenciadora de capacidades motrices, auditivas, rítmicas, vocais e creativas.

Dende a área de Educación Musical, na etapa de Educación Primaria, pretendo desenrolar a sensibilidade do neno/a e inicialo na linguaxe musical mediante a participación activa na práctica musical, incidindo fundamentalmente na educación do oído, da voz, do sentido rítmico e da técnica instrumental.

2. Desenvolvemento da programación.

2.1. Grao de cumprimento da programación.

Ao longo dos tres trimestres foise desenvolvendo a programación realizada ao comezo de curso para os diversos niveis, de xeito que a área de música foi contribuindo ao desenvolvemento dos obxectivos e fins das dúas etapas educativas, tanto de Educación Infantil como de Primaria

Nas aulas de 3 e 5 anos, quedan por terminar un par de fichas do libro que remataremos a volta das vacacións nas primeiros semanas do mes de setembro. No caso de Primaria, quedánnos pendentes no 1º curso, algunhas actividades relacionadas con cancións e ritmos que remataremos no mes de setembro.

2.2. Organización dos espazos.

A organización dos espazos foi a seguinte. Co alumnado de 4º e 5º de Infantil, ao estaren no primeiro andar e por evitarlles andar subindo e baixando as escadas, fun eu quen se desprazou as súas respectivas aulas. No caso dos nen@s de 6º de Infantil, dabamos as clases na miña aula por estar a súa aula pegada á de música.

No primeiro e segundo ciclo de Primaria, as clases impartíronse durante todo o curso na aula de música.

No terceiro ciclo, ao ter as aulas preparadas para traballar co programa E-dixgal, impartín a miña materia nas súas respectivas aulas por ter unha maior cobertura de internet que na propia aula de música pois nin todos se conseguían conectar.

2.3. Valoración dos recursos educativos empregados.

Ademais dos propios libros de texto, ben impresos ou dixitais, o material audio, o instrumental Orff, o canón o ordenador a pantalla e o visor (este último especialmente no curso de primeiro), tamén utilicei a aula virtual e diferentes recursos de internet. O uso da aula virtual permitíume colgar actividades para que aqueles nen@s que estiveron en corentena puideran traballar dende a casa. Tamén me serviu para colgar actividades que lles permitise repasar para os exámenes.

2.4. Valoración da metodoloxía empregada.

Adoptei unha metodoloxía activa, sempre baseada en actividades lúdicas e motivadoras, baseada na aprendizaxe significativa mantendo a perspectiva globalizada e cun enfoque interdisciplinar.

Tendo o conta o protocolo covid de estar no interior con mascarillas, pasamos case todo o curso con elas pois aínda que no terceiro trimestre estaba permitido non utilizalas, a meirande parte do alumnado continuaba con elas polo que non puidemos poñer en práctica nin a práctica vocal nin a instrumental de vento coa fruta.

Centreime principalmente no bloque da escoita e a discriminación auditiva, na linguaxe musical, no ritmo, na cultura musical e na práctica instrumental utilizando o propio corpo como instrumento de percusión ou entón obxectos dos nen@s ou instrumentos fabricados por eles propios.

No que se refire á práctica vocal, limitámonos a facer unha escoita activa das cancións que tiñamos que traballar. No que se refire a interpretacións de melodías e cancións coa fruta doce, quedou restrinxido ao seu uso na casa. Eu explicáballes na aula a dixitación das melodías que lles daba para tocar na casa, despois colgaba na aula virtual un vídeo demostrativo de como se

tocaban e por último, eles enviábanme un vídeo cunha melodía a través do correo electrónico.

A agrupación dos nen@s na clase tamén quedou condicionada polo covid. A excepción dos alumnado de Infantil que estaban nas súas clases en grupiños, o resto dos cursos que ían a miña aula, traballaron sempre de forma individual.

3. Actividades complementarias e extraescolares.

Para a conmemoración do día da Paz, preparei con toda Primaria unha coreografía para a canción “Libertad” de Nil Moliner.

Para a conmemoración do día das Letras Galegas, escollín o poema “Ahí ven o Maio” de Florencio Delgado, busquei unha base instrumental de rap, adaptei a letra á música e ensaieina cos alumn@s de 6º de Primaria. Por outra banda, co resto dos cursos de Infantil e Primaria preparei unha sinxela coreografía para acompañar o rap. Nese día, mentres os alumnos de 6º curso rapeaban o poema o resto do cole facía a coreografía.

Para a graduación dos alumn@s de sexto, utilicei a base instrumental da canción “Despacito” de Luis Fonsi e fixen unha adaptación da letra da canción ao tema da graduación.

4. Contribución plans/proxectos de centro:

4.1. Contribución ao Plan de Convivencia.

Unha das finalidades básicas da educación é a de aprender a convivir. Na aula debemos facilitar un clima social que favoreza a convivencia, o respecto e a tolerancia. Ten que haber respecto mutuo e aceptación é cumprimento dunhas normas comúns e de aceptación de estilos e formas de vida diferentes á nosa.

Dende a Educación Musical preténdese inculcar aos alumn@s o respecto aos tempos de silencio para a escoita de sons e de audicións musicais os tempos de intervencións das demais persoas (compañeiros e profesora) así como o respecto ás distintas opinións e os gustos musicais dos outros.

É importante que tamén haxa un respecto por todo o mobiliario, materiais e instrumentos que se atopan na aula e que comparten con todos os alumn@s do centro preocupándose polo seu coidado e mantemento.

4.2. Contribución ao Proxecto Lingüístico.

Aínda que a miña materia de música impártese en castelán, cando os alumn@s teñen que realizar calquera tipo de traballo escrito favorezo que o presenten os traballos en galego se así o desexan.

Participo e colaboro en todas as actividades que dende Normalización Lingüística se me solicitan como foi nas Letras Galegas deste ano e que xa expliquei anteriormente, que se me pediu musicalizar un poema de Florencio Delgado.

4.3. Contribución ao Plan Lector.

Na área de educación musical o fomento da lectura levarase a cabo mediante todo tipo de formatos e soportes (libros de texto, libros de lectura, ordenador, internet, murais...) de textos continuos (narrativos, descritivos....) e descontinuos (esquemas, musicogramas, partituras....).

En cada clase de música dedicaremos ao menos quince minutos á lectura comprensiva (texto de cancións, partituras, exercicios....).

Tento participar nas distintas actividades que dende a Biblioteca se propoñen. Este curso o proxecto da biblioteca xira entornando aos xogos e xoguetes, así que lles pedín aos alumn@s de 5º e 6º que inventasen cada un un rap sobre este tema. Están recollidos nun caderno que quedará recollido na biblioteca e algúns deles poden escoitarse porque as súas gravacións están colgadas na páxina web do centro.

4.4. Contribución ao Plan TIC.

A aula de música dispón dun ordenador con conexión a internet e un proxector polo que se fai imprescindible a utilización das TIC como recursos educativos de reforzo, complemento e ampliación. Tamén teño un visor na aula, o que nos permite o seguimento simultáneo no encerado, da actividade que esteamos a realizar (especialmente musicogramas e partituras).

Nos cursos de 5º e 6º traballo co programa **E-dixgal**. A través do libro dixital, accedemos a unha serie de **recursos educativos** en internet como: procura de imaxes, información, programas de creación musical ou curiosidades e

selección e organización para transformar estes elementos en coñecemento. Accedemos ademais a **actividades interactivas**: o alumno/a responde seleccionando a opción adecuada, clasificando elementos de diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta. Ao finalizar, o programa informa dos acertos e dos erros e bríndalle a oportunidade de corrixilos. Tamén se traballan **tarefas de competencia e intelixencias múltiples**: formula unha serie de actividades de investigación orientadas a un produto final. Para realizalas, o alumno/a debe de buscar información ou procesa a que se lle facilita. A información requirida se complementa con fragmentos musicais en formato audio, ou con escenas procedentes de películas ou musicais.

Utilizo a aula virtual como medio para colgar actividades de repaso de cara aos exames o para que aqueles nen@s que estiveron confinados traballen dende as súas casas. O correo electrónico tamén se utiliza como medio de envío dos vídeos cos traballos de fruta que me teñen que enviar.

Tamén fixen uso das TIC con algúns dos raps que me inventaron os alumn@s de 5º e 6º xa que fixen as gravacións dos raps para ser colgados posteriormente na páxina web do colexio.

5. Avaliación:

5.1. Valoración dos resultados académicos.

Aínda que o desexable sería que o 100% do alumnado alcanzase os obxectivos mínimos, os resultados son moi bos xa que un 91,40% supera os obxectivos mínimos.

5.2. Factores que incidiron nos resultados.

O curso de primeiro está formado por 14 nen@s dos cales dous son estranxeiros. Unha nen@ de orixe marroquí con moi bo nivel de español e outro ucraniano que chegou no segundo trimestre e que se vai defendendo co idioma. A pesar destes casos, a porcentaxe de aprobados é dun 100%.

Nun dos cursos de segundo tamén veu no segundo trimestre un neno colombiano. Dos 28 nen@s que hai, soamente un non alcanza os obxectivos mínimos na área de música, xa que pola súa falta de interese, esforzo, participación nas actividades propostas así como polos problemas de carácter

condutual e de interacción que manifesta cos seus compañeir@s e coa súa profesora, fan que repercuta de forma negativa na súa aprendizaxe e na do resto do grupo.

Novamente nun dos cursos de terceiro, incorporouse no terceiro trimestre, un neno de orixe ucraniano sen coñecemento algún do idioma nin da linguaxe musical. Este, xunto con outro neno que non mostra interese algún pola materia de música, son os que non acadan os obxectivos mínimos.

No curso de cuarto de primaria, todos os alumn@s superan os obxectivos mínimos a excepción dun alumno marroquí que chegou este curso e que aínda que non presenta problemas de comprensión do idioma, non amosa interese ningún pola materia de música. O outro caso é unha nen@ con Síndrome de Down á que lle farei unha adaptación curricular de cara ao próximo curso. Tamén hai unha nena nova procedente de Venezuela, que aínda que nos seus plans de estudo non tivera a materia de música, mostra moi boa disposición e interese pola materia e aproba sen dificultade.

No quinto curso de primaria hai 5 nen@s que non acadan os obxectivos mínimos na área de música. Dous deses alumnos son repetidores e outra é unha nena de orixe brasileira que chegou nova este curso. O denominador común tanto duns como dos outros é a falta de motivación, interese e de esforzo que amosan.

Rematando co último curso de primaria, comentar que tamén se incorporou a finais do segundo trimestre un neno que por idade tiña que estar na ESO e que a pesar do pouco nivel que traía conseguiu aprobar a materia. Dos outros 25 alumnos, suspenden dúas nenas repetidoras e un neno que presenta problemas de aprendizaxe e ten adaptación curricular no resto das áreas. De cara ao próximo curso fareille unha adaptación curricular en música.

5.3. Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

Poño especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno. Para o alumnado con maiores dificultades adopto medidas específicas tendo en conta o ritmo de aprendizaxe de cada neno/a.

Á hora de avaliar, non só tiven en conta os coñecementos adquiridos pola parte do alumno/a, senón tamén, o seu esforzo persoal, o seu interese por superar as dificultades, a participación na aula e o respecto as normas de convivencia.

6. Propostas de mellora.

De cara ao próximo curso farei 3 adaptacións curriculares da materia de música para dous nen@s de sexto e unha nen@ de quinto.

Durante practicamente todo o segundo e terceiro trimestre tiven problemas cun alumno de segundo curso, do cal xa falei antes, que se mostrou sempre cunha actitude desafiante, de rebeldía, de desobediencia e de falta de respecto á miña persoa. Por outra banda como non quería traballar, buscaba a forma de provocar aos compañeiros para que entraran na súa dinámica de provocación e xogo. Coa chegada dun compañeiro novo a situación soamente empeorou pois a súa nova diversión consistía e molestalo verbalmente ata conseguir contrarialo e que algún dos outros compañeiros tamén se metesen con el. Todo isto acabou creando un mal clima que repercutiu negativamente no desenvolvemento das clases.

Como xa manifestei na reunión de avaliación, quero que se tome algún tipo de medida de cara ao próximo curso como un apoio dentro da aula, un cambio no horario...calquera tipo de medida efectiva que nos beneficie a tod@s.

6.8.2. LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

1. Introducción.

O proxecto curricular para a área de Linguas estranxeiras desenvolveuse ao longo de todo este curso no centro cunha soa especialista na materia de Inglés, Adriana Varela Lorenzo, encargada de impartir a especialidade de Lingua Inglesa nos tres niveis de Educación Infantil e nos seis niveis de Educación Primaria. Trátase de 196 alumnos e alumnas repartidos en tres aulas de Educación Infantil e repartidos entre as seis aulas de Educación Primaria. O centro conta cunha sección bilingüe na materia de Educación Plástica en toda a etapa de Primaria. Ademais, o proxecto E-Dixgal impártese en 5º e 6º de Primaria.

2. Desenvolvemento da programación.

2.1. Grao de cumprimento da programación.

O nivel de consecución dos obxetivos propostos na programación anual foi adecuado en liñas xerais, tanto en Infantil como en Primaria. Os alumnos amosáronse interesados pola aprendizaxe da lingua e participaron activamente nas diferentes actividades propostas. Os contidos recollidos na programación foron acadados por porcentaxes amplos do alumnado, tanto atendendo aos específicos coma os xerais da área de Lingua Estranxeira.

2.2. Organización dos espazos.

As sesións impartíronse unha vez á semana na etapa de Infantil nas propias aulas de Infantil. En Primaria impartíronse dúas sesións de 45 minutos en 1º e 2º e tres sesións en 3º, 4º, 5º e 6º, tanto na aula de inglés coma nas súas aulas, xa que debido ás obras realizadas durante o curso escolar a aula de inglés quedou inactiva a partir do segundo trimestre.

2.3. Valoración dos recursos educativos empregados.

Debido ás obras que aínda continúan a realizarse no colexio, a aula de inglés foi pechada cara o final do primer trimestre, quedando así inutilizados os recursos propios da aula de inglés, a excepción dos libros de texto, polo que se pasou a utilizar os recursos disponibles nas distintas aulas das titorías.

2.4. Valoración da metodoloxía empregada.

Na intervención educativa cos alumnos e cas alumnas tivemos en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

De maneira resumida podemos dicir que en Educación Infantil as actividades desenvolvidas baseáronse no traballo fundamentalmente oral. As actividades e a súa secuenciación sempre buscaron o aspecto lúdico, ocupando tempos de duración curtos. Cabe destacar a presenza da metodoloxía TPR como elemento motivador e dinámico na etapa de Infantil, máis concretamente nas aulas de tres e catro anos, xa que resultaba máis complicado empregar esta metodoloxía nunha aula tan numerosa coma a de

cinco anos. Todas as sesións tiveron un formato similar. As rutinas xogaron un papel fundamental en Infantil; coma a rutina de poñer o día e dicir que tempo había, canción de benvida (Hello, hello), canción do tempo, canción de despedida (Bye bye to you)... Fixemos fincapé na rutina do tempo atmosférico traballando con flashcards, etc. Entre a temática vista durante o curso destaca o vocabulario relacionado co tempo, partes do corpo, tamaños, cores, números e formas. O alumando repasaba o vocabulario a través de actividades lúdicas na pizarra dixital, libros, cancións e xogos.

En Educación Primaria, despois da introducción da rutina mediante o uso das Tics na pantalla dixital dicíamos a data, o tempo que facía, a estación que era e como se sentían eles e elas, pasabamos a traballar con método *ALL ABOUT US de Oxford* en 1º, 2º, 3º e 4º. En 5º e 6º de Primaria, empregouse unicamente o programa dixital E-DIXGAL.

En canto á **metodoloxía** empregada na etapa de Infantil a metodoloxía posta en práctica foi integradora, participativa e lúdica. As destrezas traballadas foron a comprensión oral e a expresión oral. Utilizouse material visual, tanto *flashcards* como material *multimedia*: imaxes, videos, cancións, libros... As actividades levadas a cabo foron basicamente cancións, rimas, contos, videos e xogos. O alumnado tamén tivo a oportunidade de realizar actividades interactivas facendo uso da pizarra dixital .

Xa na etapa de primaria, en 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria, as destrezas máis traballadas foron a comprensión oral e a expresión oral. Tamén se traballou a lectura e escritura de palabras. Ao igual que en Infantil, utilizouse material visual, tanto *flashcards* como material *multimedia*: imaxes, videos, cancións...As actividades levadas a cabo foron basicamente cancións, contos e xogos. Ademais das actividades orais, o alumnado realizou actividades diversas no libro de texto (relación, concentración, lectura de palabras...) para afianzar os contidos adquiridos.

En 5º e 6º de Primaria a metodoloxía posta en práctica foi tamén lúdica, pero en menor medida co resto dos niveis. Na medida do posible, o alumnado adquiría os contidos novos por dedución e unha vez presentados realizaba

actividades diversas coa finalidade de consolidar o aprendido. Utilizouse o ordenador e a pizarra dixital así coma os netbooks dos nenos e nenas.

3. Actividades complementarias e extraescolares.

Durante este curso os alumnos participaron en todas as actividades complementarias e extraescolares propostas polo centro, utilizando, sempre que foi posible a lingua inglesa.

Nas actividades como a celebración do Día de Paz, o Entroido, Nadal, Halloween, Pascua, San Valentín, os alumnos, dende a clase de inglés realizaron diversas actividades nas que a lingua vehicular foi o Inglés.

4. Contribución plans/proxectos de centro:

4.1. Contribución ao Plan de Convivencia.

As estratexias referidas ao alumnado respecto ao Plan de Convivencia están relacionadas ca educación como a chave da resolución de conflitos dun xeito asertivo, algo que se traballou durante todo curso; e no referente ás familias, informóuselle pedíndolles a súa colaboración a fin de modificar algunhas condutas pouco acertadas do alumnado ao longo do curso.

4.2. Contribución ao Proxecto Lingüístico.

O proxecto lingüístico tivo como finalidade adoptar medidas para a obtención dunha competencia adecuada do galego e do inglés nesta etapa.

Os obxectivos que se traballaron foron:

- Espertar o interese pola lingua galega e inglesa para comunicarse oralmente e por escrito con persoas destas linguas.
- Fomentar actitudes como a tolerancia e o respecto, á vez que reforzar o espírito de cidadanía europea, promovendo o coñecemento doutras culturas europeas.
- Ofrecer os fundamentos da lingua inglesa que lle axudará en cursos superiores.
- Promover o desenvolvemento do currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outras.
- Fomentar o pracer no uso da lingua coa lectura de textos, refráns,

contos e a representación de pequenos diálogos.

Como actividades para conseguir estes obxectivos sinalamos:

- ✓ Realización de unidades didácticas sobre festas populares.
- ✓ Lectura de libros e comentario sobre os mesmos
- ✓ Proxectar vídeos e películas nas dúas linguas.
- ✓ Conversacións sobre os produtos típicos e as festas tradicionais da nosa comunidade.
- ✓ Realización de teatros.
- ✓ Recompilacións de cancións para diversas celebracións.

4.3. Contribución ao Plan Lector.

Respecto ás accións de contribución ao plan lector do centro, propuxéronse as actividades para desenvolver a competencia lectora en inglés, tales como a lectura en voz alta de textos por parte dos alumnos, os grupos de lectura, ou a lectura graduada relacionada coa linguaxe e/ou tema da unidade na casa.

4.4. Contribución ao Plan TIC.

Ademáis do uso das novas tecnoloxías (proxector, portátiles, video, ordenador, internet, etc), intentouse favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira ao mesmo tempo que se pretendía:

- Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.
- Facilitar o acceso á información en soporte dixital.
- Investigar e contrastar información.
- Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais.
- Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.
- Crear documentos en formato dixital.
- Descargar e compartir recursos.

5. Avaliación:

5.1. Valoración dos resultados académicos.

A valoración dos resultados do proceso ensino-aprendizaxe neste curso resultou positiva, aínda que queremos expresar que as interaccións en lingua

inglesa dentro da aula melloran moi lentamente debido ao perfil do alumnado e o número.

O nivel de consecución dos obxectivos propostos na programación anual foi adecuado en liñas xerais. Os alumnos participaron nas diferentes actividades propostas. Os contidos recollidos na programación foron acadados polo alumnado, tanto atendendo aos específicos coma os xerais da área de Lingua Estranxeira.

De maneira xeral, todos acadaron os obxectivos propostos tendo en conta os mínimos esixibles, exceptuando aqueles alumnos e alumnas que non o fixeron debido a diferentes: ritmo de aprendizaxe lento, factores ambientais, problemas familiares, desmotivación, falta de interese...

5.2. Factores que incidiron nos resultados.

Aqueles factores que incidiron nos resultados de forma negativa dalgúns alumnos foron principalmente por falta de implicación por parte das familias, o cal repercute na motivación, no interese e no rendemento académico do alumnado.

Nalgunhas clases foi complicado impartir clase por mor do mal comportamento de determinados alumnos. A súa actitude disruptiva creaba unha atmósfera inadecuada para a aprendizaxe na aula.

5.3. Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

En moitos casos, modificouse ou adaptáronse contidos ou metodoloxía para que todos os alumnos alcanzasen os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, ofrecéronse actividades de extensión para aqueles alumnos máis capaces ou receptivos co fin de abordar estas diferenzas.

6. **Propostas de mellora.**

A principal proposta é a necesidade urxente de outro mestra@ especialista en Lingua Inglesa co fin de evitar sufrir unha carga horaria excesiva como a deste curso que finaliza, e ademais, co fin de poder ofrecer una ensinanza de calidade en todos os grupos.

Así mesmo, é importante a posibilidade de contar con auxiliares de conversa con experiencia en educación primaria e con coñecementos pedagóxicos que permitan un ambiente propicio para aprender dentro da aula.

Por outra banda, as propostas de mellora están relacionadas cunha ampliación na variedade de actividades e o uso de exposicións orais de proxectos ó final de cada trimestre, especialmente nos niveis de 4º, 5º e 6º.

6.8.3. EDUCACIÓN FÍSICA

1. Introducción.

A área de Educación Física foi impartida polo mestre Gabriel Lago Marote en todos os niveis de Educación Primaria, sendo un total de 8 cursos con 2 sesións semanais cada un.

Neste curso tivemos que tomar medidas preventivas pola COVID 19, de xeito que planificáronse as diferentes Unidades Didácticas e sesións adaptándoas, na medida do posible, a esta situación sanitaria, polo que me vin na obriga de adaptar tanto contidos a traballar, os espazos a utilizar, metodoloxía, recursos etc, co fin de facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A medida que foi pasando o curso fóronse reducindo as medidas preventivas xa que a pandemia foi remitindo.

Cabe destacar que as obras do centro condicionaron, en parte, as sesións de Educación Física posto que desde ese momento todas tiveron que ser no patio.

2. Desenvolvemento da programación.

2.1. Grao de cumprimento da programación.

Os obxectivos didácticos programados en cada Unidade Didáctica cumpríronse basicamente na súa maioría. O alumnado desenvolveu en maior ou menor medida as súas capacidades e as habilidades ás que se refiren as competencias básicas reflectidas en cada nivel.

2.2. Organización dos espazos.

Para o desenvolvemento das sesións de Educación Física o centro conta cun ximnasio pequeno e cun patio bastante amplo dentro do cal temos un pavillón aberto polos lados.

No ximnasio fixéronse varias sesións cos cursos de 1º e 2º ao principio do curso, posto que no eran moi numerosos, pero co inicio das obras do centro vímonos na obriga de facer todas as sesións no patio.

Co resto dos cursos a totalidade das sesións foron no patio.

Tamén destacar que tivemos que mover o material de Educación Física cara o salón de actos por mor das obras do centro.

2.3. Valoración dos recursos educativos empregados.

Os recursos educativos empregados foron variados, atendendo sempre as necesidades do alumnado.

Na área de Educación Física se fixo un inventario do material dispoñible a principio de curso, e conforme a iso o centro facilitounos a compra do material necesario para levar a cabo as unidades didácticas plantexadas para este curso académico, e para repartir entre os diferentes cursos o material que disporían no recreo.

O uso das TIC foi de gran axuda para plantexar o que se foi traballando ao longo do curso.

2.4. Valoración da metodoloxía empregada.

A metodoloxía empregada foi baseada principalmente no xogo a través de diferentes estilos de ensinanza como son: a asignación de tarefas, o mando directo, o descubrimento guiado, os grupos reducidos, programas individuais, resolución de problemas e o ensino recíproco. Atendendo a isto, en función da actividade practicada, ao número de participantes e as condicións do grupo e do medio, aplicouse un método ou outro, con resultados motivantes e satisfactorios na maioría das sesións.

Igualmente, as unidades didácticas introducíanse cunha presentación, en vídeo, subida a aula virtual para que o alumnado fora coñecendo o que e ía practicar.

3. Actividades complementarias e extraescolares.

Posto que en gran parte deste curso convivimos coas restricións pola COVID 19, non se puideron facer apenas actividades complementarias e extraescolares.

Ao principio de curso solicitouse, dentro do Plan Proxecta e no programa Xogade, a actividade Xogos Populares, pero non recibimos resposta, de xeito que non puidemos dispoñer do material que proporcionan para practicar algúns destes xogos.

No mes de marzo fíxose, no patio do colexio, unha actividade de orientación co alumnado de 5º e 6º de Primaria.

No mes de Xuño, dentro das actividades extraescolares, fixemos unha saída co alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria. A empresa Bierzo Natura organizounos unha visita ás Médulas facendo unha andaina da 4 kms, e posteriormente se practicaron actividades de tiro con arco, tirolina e paintball na localidade de Toral de los Vados.

4. Contribución plans/proxectos de centro:

4.1. Contribución ao Plan de Convivencia.

A Educación Física, polo entorno no que se desenvolve e a propia dinámica das clases, e propicia para a educación en habilidades sociais. Polo tanto, en todo momento a pretensión foi manter sempre un alto grao de colaboración, cooperación, traballo en equipo, participación e respecto.

Para tentar conseguir estes obxectivos de convivencia, nas sesións fixéronse tarefas variadas e que foran motivantes para o alumnado. Igualmente, os agrupamentos foron diferentes segundo as necesidades de cada xogo ou actividade, favorecendo así a interacción con todos os membros do grupo.

Ao longo do curso tivemos varias incorporacións aos grupos, e desde esta área puidemos facilitar a integración de este alumnado novo con compañeiros que xa estaban no centro.

4.2. Contribución ao Proxecto Lingüístico.

Tanto a biblioteca da aula como a do centro escolar proporcionaron información para a adquisición de hábitos de lectura, favorecendo con esta medida a dedicación dun tempo diario a ela. Particularmente, neste curso, fixemos gran incidencia nos xogos populares e tradicionais posto que, desde o equipo de biblioteca do centro, tratouse o proxecto de xogos e xoguetes.

4.3. Contribución ao Plan Lector.

O traballo realizado dende a área de Educación Física en relación ao plan lector foi basicamente motivador, animando ao alumnado a ler acerca de temas relacionados coa materia e as unidades didácticas levadas a práctica.

4.4. Contribución ao Plan TIC.

En relación co plan TIC, ao comezo de cada unidade didáctica, presentábase o contido a traballar na páxina da materia, en Edixgal para 5º e 6º e na aula virtual para o resto de cursos. O método de traballo era con vídeos explicativos e actividades interactivas en relación aos contidos traballados en cada unidade didáctica. Todo isto complementaba as explicacións por parte do mestre, facilitando así a posterior práctica.

Igualmente, en 6º de Primaria tiveron que facer un traballo en relación aos xogos populares e tradicionais.

5. Avaliación:

5.1. Valoración dos resultados académicos.

Tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos, referentes tanto a aspectos motrices, de actitude, de hixiene e autonomía, todo o alumnado superou a materia posto que acadou os obxectivos mínimos establecidos para este curso académico.

5.2. Factores que incidiron nos resultados.

O alumnado mostrouse moi implicado nas actividades practicadas participando, propoñendo e desfrutando en todo momento das mesmas. Igualmente, as interaccións cos compañeiros foron, na maioría dos casos, satisfactorias.

5.3. Valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas.

No centro temos unha nena con síndrome de Down, á cal se lle aplicaron pequenos reforzos a nivel de aula como unha comunicación mais directa, explicacións mais sinxelas e exemplificadas, alumno/a titor... medidas mediante as cales puido seguir o ritmo da clase pero con bastante dificultade. Da mesma maneira, tamén dispón da figura dun coidador que está pendente dela en todo momento.

Neste curso tamén tivemos a incorporación de 2 nenos de fala estranxeira procedentes de Ucraína que se integraron rapidamente nos seus respectivos cursos. A comunicación nas sesións de Educación Física foi mais sinxela que na aula ordinaria posto que con xestos e demostracións, estes nenos puideron seguir o ritmo da clase sen ningunha dificultade na maioría das actividades.

6. Propostas de mellora.

A principal mención en canto a melloras, é a referente as obras que se están levando a cabo neste curso académico no centro. Unha vez finalizadas as obras, no próximo curso, disporase dun ximnasio mas amplo do que se tiña e dun cuarto de material mellor acondicionado e amplo, facilitando unha mellor organización de todo o que dispoñemos nesta área de Educación Física.

6.8.5. RELIXIÓN CATÓLICA

1. Introducción

O número de alumnos e alumnas que elixiron Relixión Católica foron :

20 de Educación Infantil

84 de Educación Primaria

2. Desenvolvemento da programación.

2.1. Grao de cumprimento das programacións

a. Temporalización adecuada.

- b. Obxectivos acadados.
- c. A maioría dos contidos traballados

2.2. Organización dos espazos

A clase de Relixión Católica impartíuse en diferentes espazos ao longo do curso debido ás obras que se están a realizar no colexio:

- a. Na aula de Relixión Católica, no segundo andar, ata o comezo das obras.
- b. Na aula de Plástica , no primeiro andar.
- c. Na sala de Mestres algúns días

As mesas estaban distribuídas separadas e cada unha tiña o nome dos alumnos/as que se sentaban en cada hora.

2.3. Valoración dos recursos educativos empregados

Os recursos materiais empregados foron todos menos o robot e a cadela Kai que non se usaron pola pandemia.

Os recursos didácticos estiveron un pouco escasos. Non tivemos pizarra dixital. Usamos soamente un ordenador persoal para poder ver os relatos e escoitar as cancións.

2.4. Valoración da metodoloxía empregada.

A clase de Relixión Católica impartíuse de maneira presencial durante todo o curso.

Ao mesmo tempo a Aula Virtual contiña actividades que podían realizaros alumnos e alumnas que permaneceron confinados durante varios días.

A metodoloxía fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as.

3. Actividades complementarias e extraescolares.

Seguimos en espera de poder realizar algunhas actividades complementarias.

As actividades extraescolares propostas xa se poideron realizar este ano.

4. Contribución plans/proxectos de centro:

4.1. Contribución ao Plan de Convivencia.

Na clase de Relixión Católica facilitamos un bo clima de convivencia, respecto e tolerancia. Demos unha gran relevancia aos valores.

4.2. Contribución ao Proxecto Lingüístico

Realizamos actividades escritas, orais, probas escritas, vocabulario das distintas unidades, diálogos.

4.3. Contribución ao Plan Lector

Fixemos durante o curso:

- Lectura dos temas
- Lectura de relatos bíblicos
- Secuenciación de historias

4.4. Contribución ao Plan TIC

Este curso usamos os recursos Tic:

En 5º e 6º de Educación Primaria (Edixgal)

En Educación Infantil.

No resto dos cursos non polas obras.

5. Avaliación

O tanto por cento de aprobados en Relixión Católica foi:

1º de Primaria: 100%

2º de Primaria: 100%

3º de Primaria: 100%

4º de Primaria: 100%

5º de Primaria: 100%

6º de Primaria: 100%

6. Propostas de mellora.

- Contar con unha aula de Relixión con todos os recursos.

6.9. VALORACIÓN DAS ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

6.9.1. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

1.INTRODUCCIÓN

A orientación educativa é un proceso de mellora e dinamización da calidade educativa polo que a participación e implicación de todos os mestres

no proceso de orientación é fundamental e necesario para o seu desenvolvemento.

A orientación non é unha cuestión dos especialistas en Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe ou do Departamento de Orientación. É un proceso inserto na actividade educativa e implica a participación dos/as titores/as, mestres/as, familias e alumnos/as.

Como Xefa do Departamento de Orientación, correspóndeme a redacción da memoria final do Departamento que paso a desenvolver.

2.COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Xefa do Departamento de Orientación: M^a Elena López Rodríguez.
- Mestra Especialista en Pedagogía terapéutica: Natividad Carracedo López
- Mestra Especialista en Audición e linguaxe: Patricia García Arias.
- Mestra Especialista en Audición e linguaxe: Pilar Pérez Fernández (compartida co CEIP O Bolo).
- Coordinadora de Educación infantil: Erminda Domínguez Hervella
- Coordinador do 1º ciclo de Educación Primaria: Estefania Pol Álvarez
- Coordinadora do 2º ciclo de Educación Primaria: Leticia Docampo Cantón
- Coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria: Victoria Castro Besteiro

3.CALENDARIO DE REUNIÓN

As reunións do centro quedan establecidas de forma xeral para os martes de 16:00h-17:00h para familias e de 17:00h- 18:00h para CCP, EDLG,TIC, Biblioteca, Departamento, Claustro, reunións xerais etc.

-Reunións xerais: Unha reunión o trimestre e sempre que sexa preciso.

-Departamento de Orientación do centro base e centro con orientación compartida CEIP O Bolo: Duas reunións extraordinarias unha o comezo de curso e outra o remate do mesmo. Unha vez o trimestre farase unha reunión ordinaria os Martes pola tarde, tendo en conta o horario do outro centro e sempre que se considerase preciso.

-Coordinación co profesorado de apoio: Martes de 16:00h-17:00h. Periodicidade semanal e sempre que se considere necesario.

-Coordinación co profesorado titor: Sempre que o demanden tendo en conta a urxencia e adaptándose o horario do mesmo.

-CCP: Unha reunión mensual os martes de 17:00 -18:00h.

- Comisiós: Unha vez o mes os martes de 17:00-18:00h.

-Coordinación co IES: Será con unha periodicidade mensual/ trimestral e sempre que sexa preciso de forma telefónica e se as circunstancias o permiten presencial.

-Coordinación co centro adscrito: Será os martes o longo da mañá e sempre que sexa preciso de xeito telefónico.

- Reunións co equipo directivo: Sempre que se demande e sexa necesario (semanalmente)

- Outras que se teñan que establecer en base as indicacións da Consellería e tendo en conta a evolución da situación actual.

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A intervención do Departamento de Orientación realizouse nos seguintes ámbitos:

- 1. -Alumnado:** A intervención do Departamento neste ámbito centrouse na detección e avaliación das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado, no asesoramento e deseño de criterios organizativos e pedagóxicos para atención á diversidade, na integración inicial do alumnado de novo ingreso, na realización da avaliación psicopedagóxica cando os casos así o requiran, na atención a demandas persoais de orientación e no asesoramento e orientación académica en momentos decisivos da historia escolar do alumnado.

2. **-Profesorado:** O Departamento colaborou con todo o profesorado nas demandas que se plantexaron, contribuíndo á prevención, observación, detección, recollida e rexistro de información e análise e valoración da mesma. Realizouse un labor de asesoramento, cando o profesorado así o solicitou, sobre as actuacións que os titores podían levar a cabo en canto a atención á diversidade, avaliación, material adecuado, situacións persoais especiais etc.
3. **-Familias:** O Departamento colaborou coas familias dándolle resposta ás súas demandas, na medida das posibilidades. A meirande parte das entrevistas foron telefónicas con carácter informativo e cando así se require para a avaliación psicopedagóxica foron presenciais. Trátase dunha labor de información e asesoramento ás familias do alumnado con NEE e as familias de aquel alumnado que se atopa en períodos de transición, remate da educación primaria, remate do ensino infantil, inicio da escolarización.
4. **-Outros organismos:** A actuación do Departamento con outros organismos ou institucións pretendeu dar unha solución a dificultades que non se podían afrontar unicamente desde o propio centro, así como coordinar a intervención profesional que incide na atención do noso alumnado desde distintos ámbitos.

Fomentouse a relación cos servizos e institucións que prestan atención socio- educativa e sanitaria a algún dos nosos alumnos. En concreto traballouse especialmente en coordinación cos servizos externos de psicoloxía, Atención Temperá, Saúde Mental, Equipo de Orientación Específico, especialistas privados que ofrecen axuda puntual a determinados alumnos/as do noso centro.

5. AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A maioría das actividades e actuacións recollidas no Plan de Orientación, fóronse levando a cabo durante o curso escolar, seguindo a programación das mesmas para cara trimestre aínda que con modificacións debido a algunha alta de alumnado de AL e P T e a incorporación de outros a aula de apoio tanto coa mestra de PT como de AL.

A partir da avaliación inicial e tendo en conta o alumnado de necesidades, o D.O. colaborou co profesorado para establecer o tipo de intervención máis axeitada con estes alumnos/as: axustar programación, programar e organizar as actividades de reforzo educativo... participando ademais no seu seguimento.

Esta avaliación tivo como obxectivo primordial, recoller toda a información posible para poder analizar a situación real, tanto persoal como académica, e establecer as medidas de atención necesarias.

Entre as medidas de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe :

Medidas preventivas: A través da avaliación inicial e diagnóstica detectamos as necesidades do noso alumnado. Levouse a cabo a través de diferentes instrumentos que permitiron coñecer a situación socio-familiar, persoal (intereses, expectativas, trazos de personalidade...), hábitos de estudio e dominio das técnicas instrumentais básicas, ademais dos coñecementos específicos de cada área.

Medidas de apoio. Unha vez detectadas as necesidades máis sobresaíntes a través da avaliación inicial e completadas, na maioría dos casos, cunha avaliación psicopedagóxica, establecéronse unha serie de medidas de apoio ordinarias.

En definitiva podemos concluír que os obxectivos establecidos para este curso foron acadados na súa totalidade, debido a implicación de todos os membros que forman o departamento e en xeral do equipo docente, aínda que sería conveniente mellorar o diálogo e coordinación con algunha titoría, maior coordinación entre titores e mestres de apoio para acadar os obxectivos plantexados totalmente.

6. VALORACIÓN DO PXAD

O Plan Xeral de Atención á Diversidade implica por un lado a atención da escola ás necesidades de todos os alumnos/as e por outro esixe facer axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo. As decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á personalización da propia enseñanza.

O noso centro trata de dar resposta á diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do Plan Xeral de Atención a Diversidade.

A atención á diversidade é unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e a todo o alumnado. Tendo en conta as diferencias que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares e as distintas causas como poden ser os intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias, coñecementos previos, contorno social e cultural, en definitiva un conxunto de factores que poden interferir individualmente ou en conxunto no alumno. Todos estes aspectos darán lugar a un alumnado heteroxéneo en canto as súas necesidades educativas, que irán desde o menos ao máis diferente e que determinarán, asúavez, as respostas educativas, que irán das máis ordinarias ás máis extraordinarias.

Tendo en conta o anteriormente podemos concluir, que durante o curso escolar demos resposta a todas as necesidades educativas dos alumnos priorizando as de maior necesidade como a incorporación de alumnado ucraíno que descoñece o idioma, de maneira que a organización dos apoios tanto de Mestras de PT/ AL ou de Mestres con disponibilidad horaria foi aberta, flexible e suxeita a modificación ao longo do curso.

Quizais a maior dificultade foi atender o alumnado que se escolarizou o longo do curso e que a súa atención mermou os apoios nalgunhas aulas ou alumno en concreto dificultando a correcta consecución dos obxectivos no alumnado. Por outra banda sinalar que o apoio a este alumnado que descoñece o idioma debería levarse a cabo co menor número de profesorado facilitando en todo momento a coordinación co titor do alumno e informando as familias de todos os logros ou retrocesos para que colaboren e se impliquen coa aprendizaxe do alumno. Tamén debemos de ter en consideración que o feito de non poder mezclar alumnado de dúas aulas distintas na aula de apoio fai que o número de horas que se precisa para a súa atención sexa maior limitando o recurso persoal e mermando a consecución dos obxectivos dos alumnos que a reciben.

7. VALORACIÓN DO PAT

Tratase dun proceso de axuda continuo e sistemático, dirixido a toda a

comunidade educativa, con especial énfase na prevención e no desenvolvemento persoal, social e curricular, que se realiza ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, coa implicación de todos os axentes educativos e sociais.

Todo o profesorado do centro ten a responsabilidade de levar a cabo tarefas de acción tutorial, pero a coordinación destas debe estar centrada no profesor tutor/ado grupo de alumnos/as, que será o responsable directo da acción tutorial, desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas funcións reguladas polo normativo.

Levarase a cabo ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, sendo a función máis importante, tanto para o tutor como para o/a orientador/a, a de poñer os medios para garantir que todo o alumnado, en función das súas necesidades, teña a oportunidade de aprender e conseguir os obxectivos marcados para o curso no que se atopa escolarizado.

O Departamento de Orientación será o encargado de apoiar, asesorar e colaborar neste proceso, axudando a estruturar e organizar a función orientadora e tutorial do profesorado.

O que se pretende é favorecer o desenvolvemento persoal e social do alumnado, o proceso de ensino-aprendizaxe e a maduración vocacional, para o que será necesario ensinalle a pensar, ser persoa, convivir, comportarse e decidir.

Por tanto, o remate do curso podemos dicir que se conseguiu:

- Proporcionar materiais e recursos os tutores sobre técnicas de estudo, coñecemento e avaliación do alumnado, estratexias de intervención etc.

- Intervir directamente con algún alumno cando o solicite o tutor ou equipo docente.

- Previr e detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais e escolares, dando resposta ao alumnado coas estratexias e hábitos axeitados.

- -Establecer xunto co titor entrevistas coas familias para informar sobre a evolución académica dos seus fillos e implicalos nas actividades de reforzo e apoio escolar.

- Proporcionarlle os titores axuda e orientación na elaboración das Adaptacións curriculares.

De cara o curso próximo deberíamos mellorar e establecer maior coordinación e apoio entre o profesorado no que algunha titoría se refire en relación os alumnos de necesidades sen interferir no traballo do resto de compañeiros evitando as veces malestar ou situacións indesexables.

8. ALUMNADO ATENDIDO POLO D.O

8.1 Relación de alumnado atendido polo D.O

Durante o presente curso escolar atendéronse as necesidades xa existentes e as que se foron incorporando o centro, así como todas aquelas que foron xurdindo ao longo do mesmo. O número de alumnado atendido durante o curso escolar foi de un total de 47 alumnos, dos cales 32 recibiron apoio das mestras de AL e 15 da mestra de PT.

Tendo en conta que algún alumno de apoio marcha para o IEs, outro tivo alta o longo do curso e algúns son alumnos con apoio de ambas especialistas, isto fai que para o vindeiro curso o número de alumnado que precisa apoio e de 34 alumnos.

Podemos dicir que en xeral as necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense a:

- Deficiencias lingüísticas presentes a distintos niveis: expresión oral, comprensión lectora etc.
- Dificultades nas habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.
- Problemas condutuais e de comportamento.
- Necesidade de fomentar habilidades e estratexias sociais que favorezan un bo clima para a convivencia no centro.

- Situacións de privación sociocultural e descoñecemento das linguas.
- Alumnado con nee: Síndrome de Down, TELE, TDA, TDAH...
- Necesidade de fomentar o desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía dos alumnos e alumnas.
- Dificultades de linguaxe (rotacismo, dislalias etc).

Así pois, o centro escolariza alumnado que require unha atención singular e global que dea resposta ás súas necesidades, donde tamén se observa que as familias teñen preocupación pola educación dos seus fillos/as que precisa e demanda, cada vez máis, asesoramento e apoio.

8.2 Alumnado valorado polo D.O

Durante este curso escolar levaronse a cabo 8 avaliacións psicopedagoxicas:

-3 de alumnado de educación infantil: 2 de 6ºE.I e 1 de 5º E.I. As dúas primeiras unha e de apoio de AL e a outra recibe apoio de Mestres con disponibilidad horaria na aula ordinaria.

-2 de alumnado de 2º de Educación Primaria: Un recibe apoio da mestra de PT e o outro da mestra de AL.

-1 de alumna de 4º de Educación Primaria. Recibe apoio da mestra de PT.

-2 alumnos de 5º de Educación Primaria: Un recibe apoio da mestra de PT e AL e o outro so de AL.

Ademais das avaliacións psicopedagóxicas tamén se levaron a cabo informes de escolarización debido a incorporación de alumnos procedentes de outros países que nalgún caso descoñecían o idioma e precisaban apoio do mestre titor e Mestres con disponibilidad horaria na aula ordinaria.

8.3 Previsión de necesidades para o vindeiro curso 2022/23

Tendo en conta os aspectos recabados na avaliación final tanto por parte do titor como dos distintos Mestres de área e na observación da orientadora na aula ordinaria e en coordinación coas mestras de PT e AL podemos concluir que para o vindeiro curso escolar precisan apoio das mestras de PT e AL un total de 34 alumnos da seguinte maneira:

.Educación Infantil: Estimulación da linguaxe dentro da aula en 5º e 6º E.I.

Educación Primaria:

1ºE.P: 2 alumnos(2 s AL)

2ºE.P: 5 alumnos: 1 (3s PT), 2 (2s AL), 2(1s AL)

3ºE.P: 7 alumnos: 1 (2s PT), 2 (2s AL) 1 (2s AL 1s PT),1 (3s PT),2 (1s AL)

4ºE.P: 7 alumnos:1 (2s AL 3sPT), 2 (1s AL), 2 (2s AL), 1 (3s PT), 1 (1s AL 2s PT)

5ºE.P:5 alumnos:1 (12s AL, 4s PT), 1(2sAL 2sPT), 1(2sAL), 2 (2sPT)

6ºE.P: 8 alumnos: 1 (8sAL, 4sPT), 3 (1sAL),3 (2sAL,2sPT), 1 (4sPT)

8.4 Alumnado que recibiu atención da Mestra de AL

Durante este curso escolar recibiron apoio das mestras de AL un total de 32 alumnos dos seguintes cursos:

-Educación Infantil: 2 alumnos de 6º E.I e estimulación da linguaxe na aula de 5º e 6º E.I.

-Educación Primaria:

.1º E.P: 5 alumnos

.2º E.P:6 alumnos, alta un alumno

.3º E.P:6 alumnos

.4º E.P: 4 alumnos

.5º E.P: 5 alumnos

.6ª E.P: 4 alumnos, alta un alumno.

8.5 Alumnado que recibiu atención da mestra de PT

Durante o curso escolar recibiron apoio da mestra especialista de PT un total de 15 alumnos dos seguintes cursos:

Educación Primaria:

.2ºE.P: 3 alumnos

.3ºE.P: 2 alumnos

.4º E.P: 5 alumnos

.5ºE.P: 2 alumnos

.6ºE.P: 3 alumnos, dous recibiron alta.

8.6 Alumnado atendido por profesorado de dispoñibilidade horaria

Tendo en conta as necesidades educativas nas diferentes aulas, decidese levar a cabo apoios dos Mestres con dispoñibilidade horaria nas áreas

instrumentais naquelas aulas donde se aprecian maiores dificultades nos alumnos. Estes apoios foron variando o remate de cada avaliación e tendo en conta as necesidades do momento.

Durante o primeiro trimestre todas as aulas de educación infantil e primaria tiveron apoio de Mestres con disponibilidad, no segundo trimestre e en base a proposta do titor está aula prescindiu destes apoios.

No terceiro trimestre houbo cambios nos apoios dos Mestres de dispoñibilidade horaria tanto en educación infantil como en educación primaria que debido a incorporación de alumnado ucraíno fixo que se reorganizaran estes apoios quedando mermados nalgunhas aulas ordinarias. Con estes apoios atenderonse o redor de 20 alumnos nas aulas e quedaron distribuídos da seguinte maneira:

-4º E.I: 5h de apoio aula.

-5º E.I: 1h de apoio aula

-6º E.I: 7h de apoio das cales 5 h son apoio a todo o alumnado e 2h a un alumno.

-1º E.P: 1 alumno ucraíno (3h de apoio)

-2ºA E.P: 5 alumnos (2h de apoio)

-2ºB E.P: 3 alumnos (2h de apoio)

-3ºA E.P: 3 alumnos (3h de apoio)

-3ºB E.P: 1 alumno ucraíno (9h de apoio)

-4º E.P: 2 alumnos (3h de apoio)

-5º E.P: 3 alumnos (3h de apoio).

8.7 Actuacións prioritarias no mes de setembro

O principio do curso fixéronse reunións individuais cos titores e todos os mestres novos no centro para explicarlle as necesidades que ten a súa aula (AC, sesións de PT/AL, repeticións etc) , e coas mestras de PT e AL para a distribución dos apoios do alumnado de necesidades co número de sesións recomendables para cada un. A continuación levouse a cabo a solicitude de becas de alumnado con necesidade educativa e finalmente elaborouse o do Plan de Orientación, no que se contempla a realidade do centro atendido, e a constitución do Departamento de Orientación, tal e como aparece especificado no Plan de Orientación do presente curso escolar.

9. DIFICULTADES ATOPADAS

Durante este curso a maior dificultade atopada como orientadora e quizais debido a situación de covid, foi o gran número de gardas semanais en horario de departamento o que fai que a sobrecarga de traballo de departamento se teña que xestionar en horario non lectivo. E preciso que se respecten as horas de garda de cada profesor e no caso de ter mais gardas que mestres a disposición do centro establecer un criterio máis unificado e proporcional para todos evitando facer en diversas ocasións cinco gardas semanais que restan e desorganizan o traballo programado para cada día.

10. PROPOSTAS DE MELLORA

En relación cos recursos persoais: Sería necesario que o centro contara coa presenza doutra mestre de PT e no caso de ser compartida fora co IES Cosme López, en primeiro lugar por a proximidade o noso centro, en segundo pola coordinación dos dous departamentos e finalmente pola continuidade dos alumnos de 6ºE.P a ese centro educativo.

Tamén será necesario que o centro siga contando o próximo curso coas dúas mestras de AL, unha preferente e a outra compartida co CEIP O Bolo, facilitando as labores de coordinación, e dando resposta a todas as necesidades existentes neste momento debido o número de alumnos que precisa da súa atención e outras que poidan xurdir o longo do próximo curso escolar.

Poder contar con estes recursos sería ideal para atender satisfactoriamente o alumnado de necesidades educativas, xa que en moitos casos os avances foron mínimos debido a non ter horas suficientes da mestra de PT para atendelos como precisaban.

En relación as relacións entre profesorado: Sería importante respetarse e coordinarse sempre mediante o consenso para mellorar a práctica educativa e o proceso de ensino aprendizaxe dos alumnos tomando decisións conxuntas de grupo ou equipo.

En relación a recursos materiais: Seguir incorporando material tanto para o Departamento como para as aulas de PT e A L e para as aulas de uso común referido o alumnado de necesidades que favoreza a variedade na planificación das actividades, fomentando e incrementando o interese por parte do alumn@

ante materiais atractivos e facilitando os mestres apoio con estes materiais en momentos puntuais que sexan precisos.

Outras propostas: Seria moi positivo que se mantiveran reunións das mestras especialistas PT/AL cos titores e servizos externos en conxunto, respetando o traballo de cada un deles e para unha mellor coordinación e seguimento do alumnado de necesidades.

Establecer coordinación constante entre os membros do Departamento, titores, especialistas de área, co obxectivo de planificar a metodoloxía e recursos persoais e materiais a empregar dentro e fora das aulas.

Solicitar o programa ARCO de cara o vindeiro curso escolar para reforzar o traballo da aula naqueles alumnos que presentan dificultades.

6.9.2. ATENCIÓN EDUCATIVA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA.

1. Alumnado:

1.1. Necesidades educativas do alumnado.

Alumnado de RE: 10 alumn@s de EP.

Reforzo nas áreas instrumentais: razoamento lóxico-matemático, cálculo, comprensión oral e escrita, afianzamento da lectoescritura, conciencia fonolóxica, conciencia léxica e semántica, reforzo gramatical, atención e memoria.

Área emocional: control da frustración, interiorización de rutinas, tempos de traballo e descanso.

Alumnado de RE con necesidades educativas permanentes: 1alumn@s de EP (TDAH).

Área emocional: interiorización dos tempos de traballo e descanso.

Reforzo da conciencia fonémica en sílabas trabadas, velocidade e ritmo lector.

Adaptación curricular: 1 alumn@ de EP (desfase curricular).

Alumnado de necesidades educativas permanentes con ACI: 3 alumn@s de EP (SD, necesidades asociadas á dificultades no acceso á linguaxe oral e escrita, TDAH).

1.2. Relación por niveis do alumnado atendido.

EP - 2º A: 1 alumn@.

EP - 2º B: 2 alumn@s.

EP - 3º A: 1 alumn@.

EP - 3º B: 1 alumn@.

4º EP: 5 alumn@s.

5º EP: alumn@s.

6º EP: 3 alumn@s.

1.3. Organización do alumnado.

Os grupos formáronse con alumnado do mesma aula dado a continuidade da pandemia da Covid.

Un número importante de alumn@s tiveron sesións individualizadas, uns casos motivado polo apuntado anteriormente e outros pola súa necesidade educativa de recibir apoio non compartido con outros nenos.

Na organización horaria priorizouse segundo as necesidades educativas: primeiro Alumnado NEAE, seguido de alumnado con ACI e a continuación alumnado de RE.

1.4. Valoración do alumnado atendido.

As sesións individualizadas propiciaron na maioría do alumnado un progreso importante. Os grupos formados resultaron enriquecedores ao ser alumnado dunha mesma aula e con características e dificultades similares de aprendizaxe.

Na aula de 6º de primaria producíronse dúas baixas motivadas pola valoración e posibilidade de que dentro da propia aula ordinaria poideran recibir o reforzo que precisaban.

1.5. Altas.

Ao longo do curso houbo tres alumnos que comezaron a recibir apoio: un alumno de 2º A, que se incorporou no segundo trimestre; unha alumna de 4º EP e unha alumna de 5º EP, ámbalas dúas incorporadas no terceiro trimestre.

2. Desenvolvemento da programación:

2.1. Grao de consecución dos obxectivos.

Procurouse que a nivel xeral se foran cumprindo os obxectivos plantexados referidos a:

- Establecemento de nexos entre aula ordinaria e aula de apoio; mantemento da coordinación dentro do DO, entre PT e AL, en especial co alumnado compartido; mantemento dun desenvolvemento do proceso E-A o máis adaptado posible ás necesidades.
- Co alumnado de RE intentouse que o reforzo recibido na aula de apoio fora unha axuda á aprendizaxe da aula ordinaria.
- Co alumnado de ACIS, conxuntamente aula apoio e ordinaria, acadouse avanzar na adaptación de cada un deles, se ben continuarase no vindeiro curso coas mesmas por haber obxectivos e contidos a seguir traballando.

2.2. Valoración dos recursos educativos empregados.

Os recursos materiais que se usaron resultaron bastante interesantes e complementarios no proceso de E-A, sendo elementos motivadores para alumnado e de apoio aos contidos. A combinación de recursos manipulativos (moedas, billetes, números móbiles..., abecedarios, tarxetas semánticas e fonémicas, de segmentación...), impresos (fichas), actividades no caderno do alumnado, pizarra (moi atractiva para a gran maioría dos alumn@s), actividades interactivas e recursos dixitais (Arasaac, Aula PT, Maestra AL, Mundo Primaria, Liverworks, etc) deu bo resultado; anque é posible que non sempre foran usados no equilibrio desexado e nos tempos correctos.

En canto aos recursos humanos dicir que a comunicación entre os membros que formamos o DO do centro resultou positiva á hora da organización horaria,

do aproveitamento dos recursos materiais e de adaptar estratexias metodolóxicas.

Cabe citar a figura do coidador do centro que se prestou nalgunha ocasión a participar de xeito integrador no proceso de ensino-aprendizaxe.

2.3. Valoración da metodoloxía empregada.

As estratexias e os principios metodolóxicos plantexados propiciaron o traballo co alumnado a través:

Do respecto e da maduración de cada neno e o seu ritmo de aprendizaxe; da significatividade e a constructividade (*aprendizaxe significativa de Ausubel*); da aportación de estratexias psicolóxicas e instrumentais para que o alumn@ as fora incorporando e normalizando (*Vigotsky*); do uso de recursos materiais e dixitais para motivar ou reforzar; da participación activa do alumn@; das vivencias polisensoriais, sempre que foi posible implicar os distintos sentidos e facer uso de diversas canles para achegar a información (Montesory), do entramento autoinstruccional (*Meichenbaum*); da secuenciación e da flexibilización das aprendizaxes, así como da adaptación aos tempos e ritmos de aprendizaxes; da formación de hábitos e actitudes positivas; do reforzo positivo.

3. Organización da aula e aproveitamento dos recursos.

Este curso houbo que adaptarse a distintos espazos debido ás obras, pero o alumnado non amosou ningún desencanto. Sempre se puido manter unha zona de traballo e outra para tempos de xogo e descanso.

Fixemos uso de material manipulativo de apoio aos contidos traballados: material de lectoescritura visual e/ou manipulativo, de numeración e cálculo, bloques lóxicos, material de unidades de medida, de xeometría...; cadros esquemáticos plastificados, material impreso de editorias varias (Cepe, Geu, Promolibro, Escuela Española, etc).

Material reciclado: folletos publicitarios, tapóns, revistas...

Xogos de mesa e material para xogo simbólico.

Recursos dixitais: actividades interactivas, recursos educativos visuais de tipo explicativo e para reforzo e apoio ás aprendizaxes, colgadas na aula virtual.

Contouse coa colaboración do persoal coidadora en momentos puntuais, cando foi necesario.

4. Avaliación:

4.1. Avaliación da práctica docente.

Plantexáronse e leváronse a cabo actividades adaptadas ás necesidades educativas do alumnado, aos seus tempos de execución e ritmo de aprendizaxe. Con certos casos as execucións das tarefas foron dirixidas, favorecendo ao mesmo tempo algo de autonomía. Plantexáronse tarefas curtas e sinxelas, de repaso. Foi necesario intercalar tempos de descanso con algún alumn@ e animar co reforzo positivo.

Empregouse material manipulativo e visual, impreso ou tecnolóxico para motivar e favorecer as aprendizaxes.

A elaboración de cadernos con actividades individualizadas, de material manipulativo adaptado ás necesidades, o achegamento de actividades interactivas e outros recursos dixitais favoreceron o reforzo dos contidos e axudou á comprensión dos mesmos. Procurouse que os contidos foran o máis significativos posible, proporcionando exemplos próximos á realidade.

En maior ou menor frecuencia houbo coordinación coas titorías, sendo cada mestre titor moi importante para aportar e recibir información do alumnado tanto a nivel curricular, como familiar e social.

4.2. Avaliación da propia programación.

A observación directa dos progresos e das dificultades de cada alumno@ condicionaron a permanencia ou modificación dos materiais e recursos educativos, as metodoloxías e o tipo de actividades.

5. Coordinación:

5.1. Coordinación entre os membros do Departamento de Orientación.

Ao longo do curso as reunións programadas e outras puntuais foron necesarias para coordinarse á hora de organizar os horarios iniciais e as súas modificacións posteriores, para obter e intercambiar información do alumnado tanto a nivel curricular, familiar, social, emocional e necesidades educativas. En distintos momentos do ano académico foi tamén moi positiva a coordinación entre PT e AL para seleccionar e compartir material, buscar metodoloxías e estratexias axeitadas aos alumn@s compartidos.

5.2. Coordinación cos profesorado titor.

A coordinación con cada titor no caso do alumnado de RE levouse a cabo con periodicidade semanal nos casos de reforzos moi concretos e outros máis espaciados cando os contidos a reforzar ocupaban varias sesións.

Co alumnado de ACI intentouse que cos contidos traballados e coas actividades realizadas se dera unha continuidade entre a aula de apoio e a aula ordinaria; elixindo e/ou compartindo o material, os cadernos de traballo; analizando e valorando coa titoría as dificultades, os progresos, a capacidade de autonomía ou a necesidade dun traballo guiado do alumn@.

5.3. Coordinación coas familias.

Ao longo desde curso foi a figura do titor ou titora á que informou de aspectos relevantes (curriculares, actitudes e artitudes) á familia; igualmente á inversa.

5.4. Coordinación con servizos externos.

A información sobre necesidades específicas, pautas e valoracións procedentes dalgún servizo externo a ter en conta e chegadas ao centro foron comunicadas pola orientadora.

6. Dificultades atopadas.

O curso transcorreu sen grandes dificultades; únicamente mencionar o complicado que resultou ao comezo encaixar as sesións de PT e AL dentro dos horarios das distintas aulas; ou a dificultade para ampliar o número de sesións con algún alumn@ dado o protocolo da pandemia Covid.

7. Propostas de mellora.

Manter ou en todo caso incrementar a coordinación con cada titoría, entre PT e AL e coas familias.

Sería moi positivo para certas necesidades manter e non reducir as sesións individualizadas; e aquelas que son compartidas que o foran con alumnado do mesmo nivel ou da mesma aula, e nun número moi reducido (dous ou tres nen@s) para un maior aproveitamento.

Un apunte a nivel de todo o centro, pero que repercute no funcionamento das aulas de apoio, sería estupendo seguir conservando a distribución horaria que se deu neste curso con sesións inferiores a sesenta minutos e a continuidade dos tempos de recreo no patio e de lectura seguidos, un a continuación do outro que favoreceu un menor cansanzo nas tarefas curriculares e un disfrute maior dos descansos para o alumnado.

6.9.3. ATENCIÓN EDUCATIVA DE AUDICIÓN E LINGUAXE.

MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (Especialista: Patricia García Arias)

1. Alumnado:

1.1. Necesidades educativas do alumnado.

Neste curso atendéronse as necesidades xa existentes e avaliáronse 2 novos alumnos/as pertencentes a 5º de Educación Primaria.

1.2. Relación por niveis de alumnado atendido.

O alumnado obxecto de intervención presenta necesidades educativas permanentes e transitorias / temporais, encuadrouse nos seguintes cursos:

- 1 alumno de 3º de Educación Primaria con necesidades educativas asociadas a linguaxe oral (vertente expresiva) e linguaxe escrita (procesos perceptivos, semánticos...).
- 4 alumnos/as de 4º de Educación Primaria con necesidades educativas asociadas a:
 - 1 alumna con necesidades educativas asociadas a Síndrome de Down.
 - 2 alumnos con necesidades asociadas a Trastorno Específico de Aprendizaxe.
 - 1 alumna con necesidades educativas asociadas a linguaxe escrita (procesos implicados no proceso lectoescritor) e linguaxe oral (vertente expresiva).
- 5 alumnos/as de 5º Educación Primaria con necesidades educativas asociadas a:
 - 1 alumna con necesidades educativas asociadas a procesos cognitivos básicos, linguaxe oral (vertiente expresiva – comprensiva) e linguaxe escrita (procesos implicados no acceso a linguaxe escrita).
 - 1 alumna con necesidades educativas asociadas ao proceso de adquisición dos procesos implicados na linguaxe escrita.
 - 3 alumnos con necesidades educativas asociadas a alteracións articulatorias (orgánica e funcional).

1.3. Organización do alumnado.

As sesións de intervención leváronse a cabo tanto de xeito individual, dentro da aula de AL e na aula ordinaria, como en pequeno grupo. Dentro da aula ordinaria o traballo estivo enfocado as materias de Ciencias.

No referido aos agrupamentos, fixéronse o máis homoxéneos posibles, acorde aos contidos a traballar, destacando positivamente que a presenza de dúas especialistas de AL (unha a tempo completo e outra a tempo parcial)

contribuiu a unha maior organización e axuste neste sentido, aínda que será necesario un reaxuste cara o vindeiro curso no referido a diminución ou aumento das sesións en base aos avances producidos ou un incremento das dificultades que inicialmente foron valoradas na avaliación inicial. De feito, compre contemplar a reorganización e reforzo dentro das aulas ordinarias, necesarios naquel alumnado com necesidades educativas permanentes, principalmente nas áreas das ciencias.

1.4. Valoración do alumnado atendido.

Con respecto aos avances e resultados acadados, reflexar que hai alumnado que polas características propias do trastorno/alteración ou síndrome que presentan, precisan un entrenamiento máis longo no tempo para alcanzar os obxectivos propostos, pero nos que se van producindo avances observables e significativos.

Nos alumnos con necesidades temporais a valoración é positiva, na maioría dos casos, pero con excepcións, xa que por unha banda a súa actitude cara a intervención foi variable, e por outra as características orgánicas das bases anatómico-funcionais limitaron o avance (dislalias orgánicas).

1.5. Altas.

Destacar que non se produxeron altas no alumnado.

2. Desenvolvemento da programación:

Ao comezo do curso escolar, partíuse para a elaboración da programación de aula (PA) e das programacións individuais do alumnado, da función avaliadora como *primeiro compoñente do proceso de intervención*, punto básico para a toma de decisións, e a súa vez, mecanismo de control da súa eficacia. Con este fin, revisouse a memoria final do curso anterior así como os informes finais do alumnado, que xa era obxecto de intervención, e naquel de nova incorporación a través dos informes psicopedagóxicos elaborados polo Departamento de Orientación, informes das mestras titoras e especialistas referidos ás avaliacións iniciais e todos aqueles outros relevantes (médicos, profesionais externos- logopeda, psicólogo-...).

Así mesmo, durante as avaliacións e de forma continua, recurríuse a distintas técnicas fundamentalmente a observación directa - discreta, específica e estruturada -, instrumentos de avaliación (fichas de rexistro, axenda de clase, gravacións en audio...) e reunións co profesorado implicado e familia,- na maioría dos casos-, para analizar os progresos e dificultades do alumnado co fin de axustar a práctica educativa que estimulase o proceso de aprendizaxe, tomando como referencia os criterios de avaliación recollidos nos programas de intervención de cada un dos alumnos/as no marco xeral da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria e que constitúe o referente inmediato da avaliación continua. Sendo esta, a que permitiu ir modificando, engadindo ou adaptando as actividades e obxectivos propostos, en base a avaliación inicial e as características individuais do alumnado.

A nivel centro e contorno os instrumentos de avaliación configuráronse nas distintas *reunións* do Departamento de Orientación (DO), da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), nas propias reunións de avaliación trimestrais, reunións coas familias..., así como nos criterios marcados no Proxecto Educativo (PE), nas Programacións Didácticas de curso, Plan de Acción Titorial (PAT), Plan Xeral de Atención a Diversidade (PXAD) e Plan de Orientación (PO) recollidos na Programación Xeral Anual (PXA), que permitiron concretar as necesidades a priorizar e axustes a realizar ao longo do curso.

A avaliación fíxose, polo tanto, de acordo ao criterio de sistematicidade: de forma continua mediante a observación e seguimento, informando de xeito periódico e trimestralmente aos titores /as e as familias, a través dun informe en cada avaliación e do informe individual de fin de ciclo.

2.1. Grao de consecución dos obxectivos.

En xeral, poderíamos dicir que os avances son observables e significativos en practicamente todo o alumnado obxecto de intervención, aínda que non se acadaran completamente os obxectivos propostos inicialmente ou que fose preciso modificar, en casos concretos, os propostos inicialmente. Incidir en que os ritmos de aprendizaxe son variables e que produxéronse circunstancias que ralentizaron a adquisición dos mesmos.

2.2. Valoración dos recursos educativos empregados.

En canto aos *recursos materiais*, neste curso empregamos material, principalmente de elaboración propia, enfocado a adquisición do proceso lectoescritor e os contidos das materias de ciencias, así como a linguaxe oral (articulación, discriminación auditiva...) personalizado para o alumnado con necesidades educativas permanentes para o uso dentro da aula ordinaria, xa que precisa dun material específico que favoreza seguir os contidos que se están a traballar no seu nivel de referencia (Adaptación Curricular). Así mesmo, recurrimos a actividades en soporte dixital, obtidas de páxinas webs específicas, que se adaptaban perfectamente aos aspectos a traballar.

Ao longo do curso facilitóuselle a gran parte do alumnado material, ben en soporte impreso ou ben en formato dixital (Aula Virtual), como continuación dos contidos traballados na aula de AL.

2.3. Valoración da metodoloxía empregada.

Os principios metodolóxicos básicos plantexados como base dos procesos de aprendizaxe e principios do ensino, apoiados nun enfoque metodolóxico interactivo, foron apropiados dun xeito global para o alumnado no seu conxunto. No referido ao alumnado de xeito individual, co que se levou a cabo, ademáis destes principios xerais, unha metodoloxía concreta, resaltar que, en xeral, foi adecuada, precisando un reaxuste e revisión nalgún caso concreto.

3. Organización da aula e aproveitamento dos recursos.

Tendo en conta a reforma integral na que estivo inmerso o centro durante o presente curso escolar, obrigounos a ir trasladándonos a diferentes aulas e espazos polo que a organización da aula foi relativa, tratándo de adaptarnos as circunstancias.

4. Avaliación:

4.1. Avaliación da práctica docente.

No referido a propia práctica docente, destacar que a presenza de dúas especialistas favoreceu a organización temporal a través dunha distribución horaria máis axustada xunto coa disposición por parte das titoras na realización

de cambios nos seus propios horarios (unha vez que xa os tiñan elaborados) que facilitase a elaboración dos das aulas de AL, expresando por este motivo agradecemento a todas elas.

4.2. Avaliación da propia programación.

A programación anual deseñada inicialmente implementouse satisfactoriamente, con modificacións relativas as programacións individuais no aspecto referido aos recursos materiais a empregar na aula ordinaria, ante a revisión das adaptacións curriculares que afectaban as materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Ciencias.

5. Coordinación:

5.1. Coordinación entre os membros do Departamento de Orientación.

A coordinación entre os membros do Departamento de Orientación precisa continuar na mesma liña de organizar o traballo a levar co alumnado que se atende de forma conxunta, dividindo os aspectos a traballar, co obxectivo de non solapar os contidos a adquirir e abarcar así todas as necesidades educativas que presentan.

5.2. Coordinación co profesorado titor.

A coordinación interprofesional e o ensino en equipo é especialmente importante no acneae, e dentro das nosas funcións como especialistas de AL o referido a necesidade de prestar asesoramento aos mestres/as (titores e especialistas), tanto os definitivos como os de nova incorporación ao centro, implicados no ensino do acneae (principalmente os que presentan necesidades permanentes) a través de pautas e orientacións (facilitándolle as referidas nos distintos informes do EOE como como os elaborados polas especialistas que integran o DO) enfocados a organización das aulas, materiais, hábitos comportamentais e toda aquela información relevante que favorecese os procesos de ensino-aprendizaxe, polo que valorar positivamente a coordinación coas titoras/or do alumnado con necesidades educativas permanentes (SD, DA, trastorno lecotescritor....) e transitorias.

Resaltar no referido ás linguas estranxeiras a importancia de que a especialista coñecese as características individuais do acneae para a

adaptación da metodoloxía, recursos materiais e instrumentos de avaliación, primordialmente naquel que presentaba alteracións/trastornos no proceso lectoescritor xa que, neste ámbito as dificultades son maiores pola irregularidade do idioma a aprender.

5.3. Coordinación coas familias.

Resaltar a importancia de fomentar e priorizar a colaboración coas e das familias, no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as. No presente curso establecéronse contactos para tal fin, de xeito presencial ou telefónicamente, con algunhas delas, sendo inexistente a relación con outras familias, polo que segue a ser este un aspecto a priorizar. De feito naquelas familias coas que se mantivo unha relación máis estreita, observáronse avances máis significativos, xa que colaboraron no ámbito familiar levando a cabo as orientacións que se lles facilitaron ou reforzando aqueles aspectos que se lles sinalaron.

5.4. Coordinación con servizos externos.

Do alumnado atendido durante o presente curso escolar, catro deles asisten semanalmente a un gabinete logopédico privado. A coordinación coa responsable externa (logopeda) da atención foi trimestral, no referido aos contidos e metodoloxía a seguir, valorándose positivamente xa que a unificación de criterios contribuiu a levar a cabo unha liña común de actuación, con avances observables no alumnado.

6. Dificultades atopadas.

As circunstancias motivadas pola COVID – 19 (confinamentos, contaxios, prevencións...) , entre outras, motivaron o absentismo do alumnado durante o curso escolar , que nalgúns casos, levaron consigo a interrupción das sesións de intervención presenciais durante períodos de tempo considerables coas consecuencias negativas en casos moi concretos, aínda que intentáranse suplir con actividades virtuais.

7. Propostas de mellora.

Como propostas de mellora para a Aula de AL:

- Destacar a necesidade de seguir incorporando material que favorezca a variedade na planificación das actividades, fomentando e incrementando o interese por parte do alumn@ ante materiais atractivos.

- Establecer comunicacións periódicas con todas as familias do alumnado obxecto de intervención que permitan un fluxo constante de información que repercuta positivamente na intervención.

- Incrementar e reorganizar as sesións de intervención dentro da aula ordinaria para o alumnado com necesidades educativas permanentes.

MEMORIA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (Especialista: Pilar Pérez Fernandez)

Esta memoria final é o resultado dun proceso de avaliación interna, análise e constatación do grao de consecución dos obxectivos e criterios de avaliación propostos no noso plan de apoio en audición e linguaxe para o presente cursos académico, 2021-2022.

Coa elaboración desta memoria pretendemos detectar as dificultades atopadas durante a práctica educativa para mellorar, na medida do posible, a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais (nee) e/ou necesidades específicas de apoio educativo (neae) de cara ó vindeiro curso.

As liñas xerais que determinaron a nosa actuación durante o presente curso podémolas resumir en:

- A inquietude constante na búsqueda de solución para compensar as desigualdades do noso alumnado.
- Aplicación do plan xeral de atención á diversidade para que a atención ó alumnado con necesidades sexa constante e desde o momento da súa detección.
- Implicación e coordinación de toda a comunidade educativa.

No presente curso escolar o centro contou con dúas mestras especialistas en AL, unha delas permaneceu a tempo completo no centro ao aveiro da *Orde do 4 de abril de 2018 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do*

corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente (DOG Núm. 77, 20/4/2018) e neste caso a que realiza esta memoria final, compartida co CEIP O Bolo, asistindo ao CEIP Manuel Respino (centro base) os martes, mércores, xoves e venres.

Atendendo a importancia da coordinación interprofesional realizamos de xeito conxunta a nosa programación anual sen embargo realizaremos as memorias especificamente por separado xa que cada unha prestamos a nosa labor en cursos específicos e con alumnado independente

Esta memoria é unha reflexión sobre o proceso de avaliación. Refírome por un lado á Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de EP, ESO e de BACH no sistema educativo de Galicia e por outra banda o Decreto 10572014 que establece que os mestres e mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente. Así partindo da Orde do 25 de xuño de 2009 na EI e a xa citada na EP; a avaliación terá un carácter global, continuo formativo e integrador.

Os mestres especialistas de AL pertencemos a un órgano de coordinación docente, concretamente ao Departamento de Orientación D. 120/98. Por outra banda somos considerados mestres de apoio, igual que os mestres especialistas de PT. Así, polo tanto, como membro do D.O. e como mestre de apoio teño que desenvolver as funcións recollidas nos D. 374/96 e a O. 24 de xullo do 98. Os mestres de AL centrámonos no ámbito comunicativo lingüístico aínda que non debemos esquecer que colaboramos tamén no desenvolvemento global do alumnado e nas demais capacidades (intelectual, motriz, afectivo-emocional, social).

En xeral, cando falamos das alteracións da linguaxe referímonos a un trastorno na adquisición, comprensión ou expresión da linguaxe falada ou escrita. O trastorno pode implicar a todos ou algún dos seus componentes: fonolóxicos, semánticos, morfosintácticos ou pragmáticos.

A avaliación constitúe un papel fundamental dentro das tarefas e funcións que os mestres e mestras temos encomendadas. Pero cando falamos de avaliación, tendemos moitas veces a pensar unicamente no proceso de aprendizaxe do alumnado sendo de vital importancia a avaliación do proceso de ensino. É dicir, da nosa práctica docente e a avaliación do Plan de apoio.

A **avaliación** enténdese como unha actividade valorativa e investigadora, que afecta non so ós procesos da aprendizaxe dos alumnos/as, senón tamén ós procesos do ensino. A avaliación será continua, formativa e global co fin de mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe introducindo ou cambiando aqueles aspectos que se consideren oportunos. Para o cal se anotará ao final de cada sesión todos os aspectos relevantes observados na sesión así como unha valoración do meu traballo como AL cubrindo unha rúbrica. Está última técnica tamén a levará a cabo o alumnado, a autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e reflexionar sobre o proceso de e/a e aprendizaxe individual realizado polo alumno (Calatayud 2002).

1. ALUMNADO:

1.1. NECESIDADES EDUCATIVAS DO ALUMNADO.

En canto ao **alumnado**, este atópase repartido nos seguintes etapas, niveis e grupos na seguinte táboa. O ANEAE reflectido correspóndese a alumnado con necesidades tales como: dislalias, dificultades na aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, Trastorno específico da linguaxe, Déficit de atención, rasgos disléxicos, alteracións na lectoescrita, descoñecemento da lingua de instrución e incorporación tardía ao sistema educativo

1.2. RELACIÓN POR NIVEIS DO ALUMNADO ATENDIDO:

	Educación Infantil			Educación Primaria							
	4º	5º	6º	1º	2ºA	2ºB	3ºA	3ºB	4º	5º	6º
Grupo	13	11	20	14	14	14	18	19	18	25	26
ANEAE	0	1	2	5	2	3	3	2			3

Total alumnado	44	148
	192	
Total ANEAE	3	18
	21	

1.3. ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO ATENDIDO:

Os alumnos que reciben atención pertencen tanto a Ed. Infantil como E. Primaria, as intervención realizáronse tanto na aula de AL como na aula ordinaria, así coma tamén de xeito individual ou en pequeno grupo; en función das características dos alumnos.

ED. INFANTIL
2 alumnos/as
1º ED. PRIMARIA
1 alumno con TEL 4 alumnos con dislalias
2º A ED. PRIMARIA
1 alumno con TDAH 1 alumno con alteracións na lectoescrita.
2º B ED. PRIMARIA
1 alumno con TDAH 1 alumno con dislalias. 1 alumno con disfemia.
3ºA ED. PRIMARIA
1 alumno con dea 1 alumno con dislalias 1 alumno con alteracións na lectoescrita.
3ºB ED. PRIMARIA
1 alumna co dislexia 1 alumno con dislalias e alteracións na lectoescrita.
4º ED. PRIMARIA

5º ED. PRIMARIA
6º ED. PRIMARIA 1 alumna con rasgos dislexia. 1 alumno con alteracións na lectoescrita. 1 alumna con DA.

1.4. VALORACIÓN DO ALUMNADO ATENDIDO:

Cómpre destacar que durante o presente curso académico foron detectados novos casos de neae relacionadas co ámbito da comunicación e a linguaxe, motivo polo que o número de alumnado atendido polas especialistas en AL aumentou tendo en conta as peticións recibidas no Departamento de Orientación do centro.

Na etapa de EI levouse a cabo unha intervención grupal dentro da aula ordinaria para a implementación dun Programa de Estimulación Lingüística (P.E.L.O). Cabe salientar a importancia destas sesións. O programa da estimulación da linguaxe oral ten como finalidade o desenvolvemento da linguaxe e a prevención e detección de dificultades. A adquisición e desenvolvemento da linguaxe é quizais a aprendizaxe máis importante que deben realizar os alumnos e alumnas de EI. De como se estimule e progrese este aprendizaxe dependerán as interaccións sociais que o neno estableza e destas a súa vez unha maior e mellor estimulación e comprensión do mundo que lle rodea, convertíndose así nun pilar fundamental da aprendizaxe.

Esta detección é fundamental para poder incidir dunha maneira máis individual nas necesidades do alumnado en EI no ámbito da comunicación e a linguaxe e poder facer unha intervención indirecta neste momento evolutivo e prever unha interacción directa cando así se requira.

En EI atendéronse dos alumnos con avaliación psicopedagóxica fóra da aula ordinaria. En EP atendéronse 18 alumnos fóra da aula ordinaria en pequenos grupos de traballo por aulas.

Así, neste curso atendéronse as necesidades xa existentes e incorporáronse entre a segunda e a terceira avaliación 1 alumno novo e aumento de sesións para outro alumno en EP ampliándose os grupos.

En 1º EP 4 alumn@s con dislalias e un alumno con dificultades ligadas a adquisición da lectoescrita.

En 2ºA de EP dous alumnos, un asociado a TDAH e o outro asociado a trastornos na lectoescrita.

En 2º B de EP un alumno asociado a Disfemia, un alumno asociado a TDAH con rasgos disléxicos e un tercer alumno asociado a dislalias.

En 3ºA de EP un alumno asociado a DEA, un alumno asociado a dislalia e un tercer alumno asociado a dificultades específicas na lectoescrita.

En 3ºB unha alumna asociada a rasgos disléxicos e un alumno asociado a alteracións na lectoescrita.

En 6º de EP unha alumna asociada a rasgos disléxicos, un alumno asociado a dificultades na lectoescrita e unha terceira alumna asociada a dificultades na atención.

Debido ó explicado no parágrafo anterior foi necesario introducir modificacións no meu horario varias veces durante o curso para reorganizar as sesións de apoio adicadas ao alumnado.

Con respecto aos avances e resultados acadados, reflexar que hai alumnado que polas características propias do trastorno ou síndrome que presentan, precisan un entrenamiento máis longo no tempo para alcanzar os obxectivos propostos. producindo avances observables e significativos.

Nos alumn@s con necesidades temporais a valoración é positiva, na maioría dos casos, pero con excepcións, xa que por unha banda a súa actitude cara a intervención foi variable, e por outra as características orgánicas das bases anatómico-funcionais limitaron o avance.

No referido aos agrupamentos, este curso académico fixéronse baseados nas restricións marcadas polo protocolo COVID, o que condicionou que os agrupamentos foran por grupo-clase, ou grupo-familiar.

1.5 Altas:

Neste curso 2021-2022 tiveron lugar dúas altas da miña aula de AL. Unha alta dun alumno de 2ºA de EP e unha alta dun alumno de 6º EP.

2. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.

2.1 Grao de consecución dos obxectivos.

Destacamos positivamente que a presenza de dúas especialistas de AL (unha a tempo completo e eu a tempo parcial) contribuíu a unha maior organización e axuste neste sentido, aínda que será necesario un reaxuste cara o vindeiro curso no referido a diminución ou aumento das sesións en base aos avances producidos ou un incremento das dificultades que inicialmente foron valoradas na avaliación inicial.

Ó longo do curso avalíanse as tres dimensións principais da linguaxe uso, forma e contido. Todas elas na súa dobre vertente, expresiva e receptiva.

A valoración destas dimensións realizarase mediante unha avaliación inicial a principio de curso, empregando probas estandarizadas e non estandarizadas e a observación directa da conduta comunicativa; tendo sempre como referencia o informe psicopedagóxico coa finalidade de establecer un plan de traballo individualizado segundo as necesidades de cada alumno/a. No desenvolvemento do curso a avaliación é totalmente directa e continua. Esta observación directa é fundamental para ver a evolución do proceso de ensinanza- aprendizaxe e valorar se o programa establecido foi o axeitado. A avaliación continua e seguemento de cada alumno/a coincide coas avaliacións trimestrais fixadas polo centro educativo, nestas sesións de avaliación os titores, a mestra especialista en pedagogía terapéutica (PT) e as mestras de AL valoraron o grao de consecución dos obxectivos determinando a calificación obtida.

Os resultados finais foron coherentes en relación coa evolución do alumnado, éste en xeral progresou polo que algún foron dados de alta e outros continuarán recibindo apoio logopédico o próximo curso.

Obxectivos xerais de intervención:

- Adquirir habilidades comunicativas por parte do alumnado e fomentar o seu uso nos procesos de comunicación propios da vida cotiá. **CONSEGUIDO.**
- Colaborar con todo o equipo educativo do alumnado, favorecendo a cooperación e o traballo en equipo para unha mellora na adquisición dos obxectivos dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. **CONSEGUIDO.**
- Desenvolver os mecanismos básicos da linguaxe, así como procurar a mellora en tódalas dimensións da linguaxe (forma, contido e uso). **CONSEGUIDO.**
- Iniciarse na produción de discursos, tanto orais como escritos, que cumpran as propiedades dun texto: adecuación, coherencia e cohesión. **CONSEGUIDO.**
- Favorecer o desenvolvemento tanto no ámbito expresivo como comprensivo da linguaxe. **CONSEGUIDO.**
- Promover a integración dos alumnos e alumnas que presentan neae respecto á linguaxe. **CONSEGUIDO.**
- Seleccionar, adquirir e elaborar material didáctico. **EN PROCESO.**

Obxectivos específicos de intervención serán analizados por nivel educativo do alumnado:

- A nivel fonético-fonolóxico:
 - Articular de forma correcta os fonemas alterados.
 - Empregar os fonemas correctamente na linguaxe espontánea.
- A nivel semántico:
 - Adquirir o vocabulario propio da idade que presente o alumno/a.

- Afianzar os procesos de acceso ó léxico a través da ruta visual e fonolóxica.
- Adquirir habilidades relacionadas coa lecto-escritura: fluidez e comprensión lectora, escritura ó ditado e espontánea.
 - A nivel morfo-sintáctico:
 - Facilitar a construción, comprensión e expresión de estruturas sintácticas.
 - Profundizar no uso das categorías gramaticais.
 - A nivel pragmático:
 - Acadar a finalidade comunicativa da linguaxe.

En xeral, no tocante ó proceso de adquisición da linguaxe e ó uso da comunicación, percíbese unha evolución positiva e gradual na maioría dos casos do alumnado con NEAE ó respecto. Polo tanto, en liñas xerais e aplicando unha avaliación global deste conxunto de alumnado, os **obxectivos específicos** mencionados previamente atópanse **CONSEGUIDOS segundo o planificado para o curso que está a rematar**, aínda así contamos con diversos casos que deben continuar progresando nos aspectos que engloba o ámbito lingüístico.

Tendo en conta as dúas etapas educativas nas que traballo, resalto, en relación cos resultados obtidos, a seguinte información:

EDUCACIÓN INFANTIL

- 4º CURSO: Non tivo lugar intervención en AL con ningún neno/a.
- 5º CURSO: Percíbese unha evolución lenta, en xeral o alumnado continuará recibindo apoio educativo en AL o próximo curso.
- 6º CURSO: Percíbese unha boa evolución, agás en dous casos que progresan de forma lenta.

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- 1º CURSO: O alumnado deste nivel progresa de forma axeitada, percíbese unha gran evolución positiva.

- 2º CURSO: O alumnado deste nivel progresa de forma axeitada, percíbese unha evolución positiva na maioría dos casos, agás en un que está pendiente de diagnóstico externo). Emitiuse unha **alta** no mes de decembro.
- 3º CURSO: Percíbese unha boa evolución, pero en xeral o alumnado continuará recibindo apoio educativo en AL o próximo curso.
- 6º CURSO: Percíbese unha lenta evolución pero continuará recibindo apoio educativo en AL o próximo curso.

2.2. Valoración dos recursos educativos empregados.

O material empregado é na súa maior parte manipulativo e con apoio visual para favorecer o proceso de ensinanza- aprendizaxe (E/A). Outro recurso foi o uso das TICs na aula, como ferramenta facilitadora e eficaz para levar a cabo as tarefas da E/A e motivadora para todo o alumnado. As sesións foron realizadas na aula de apoio en AL (fóra da aula ordinaria) e de maneira individual ou en pequeno grupo, dependendo das necesidades do alumnado.

2.3. Valoración da metodoloxía empregada.

A metodoloxía utilizada foi adaptada ás dificultades e necesidades que presentaba cada alumno/a e dirixida ó logro dos obxectivos relacionados coa competencia en comunicación lingüística.

O punto de partida foron os coñecementos previos do alumnado, os seus centros de interese en relación coa linguaxe oral e escrita para determinar o nivel de desenvolvemento individual de cada un, adaptándose ós seus ritmos de traballo e á realización do programa de intervención adecuado ás súas necesidades.

As sesións foron estruturadas para aproveitalas ó máximo. As actividades son específicas para cada un dos alumnos e alumnas e para traballar a linguaxe oral foi necesario realizar actividades diversas, ben aproveitando situacións da vida cotiá ou ben creando situacións ficticias na procura dunha aprendizaxe significativa.

3. ORGANIZACIÓN DA AULA E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS.

Este curso académico foi moi peculiar xa que tivo lugar no noso centro unha reforma integral o que ocasionou a imposibilidade de usar a aula de AL, tendo que cambiar de aula en varias ocasións e tendo o material en caixas esperando o remate das obras. Foi un curso de adaptación e de creatividade para levar a cabo as sesións da mellor maneira posible.

4. AVALIACIÓN.

4.1 Avaliación dos alumnos/as

A **avaliación inicial** realízase ao comezo de curso, cando chega un alumno/a novo ao centro ou cando se sospeita da aparición ou existencia de neae. Tamén na **O. do 27 de decembro de 2002** establécese que ó comezo da escolarización, tanto de EI como de EP, o alumno será obxecto dunha avaliación inicial. Os datos obtidos neste primeiro momento constitúen o punto de partida para establecer o programa de intervención axeitado ás neae dun alumno/a concreto.

Un segundo momento fai referencia á **avaliación continua**, formativa ou procesual. A través da observación e rexistro das actividades que se propoñen e o intercambio de información co mestre/a de aula e cos pais podemos obter información sobre as dificultades que o alumno/a atopa no seu proceso así coma o grao de aprendizaxe. Isto vainos ser útil pois permitiranos introducir as modificacións oportunas alongando, si é o caso, as actividades para un obxectivo que o neno/a considere máis difícil ou dando por finalizada a nosa intervención por considerar superadas as dificultades iniciais do alumno/a.

Por último, o terceiro momento vai coincidir coa **avaliación final** do noso programa ao finalizar o curso. Esta avaliación determinará se se alcanzaron ou non os obxectivos específicos propostos no programa de intervención que nos levarían a conseguir o xeral, isto é no caso do AL, favorecer a linguaxe expresiva e comprensiva aproveitando ao máximo as

posibilidades do alumno/a. Valorarase neste momento a conveniencia ou non de continuar o programa e realizárase un informe no que se farán constar os avances do alumno/a e o traballo realizado. Avaliarase a eficacia da intervención dos distintos mestres/as e especialistas que participaron no proceso de intervención do alumno/a, se a coordinación e colaboración entre eles foi a axeitada ou pode mellorarse, se o centro pode dispor de máis e mellores recursos para a atención do alumnado atendido ou é suficiente e se a metodoloxía utilizada é a máis acertada.

Avaliación da práctica docente

Considero que a avaliación forma parte integral do proceso de ensino aprendizaxe apoiando á súa revisión e análise e incidindo directamente na toma de decisións para a súa mellora e perfeccionamento constante. Polo tanto unha parte fundamental deste proceso e a avaliación da propia actuación.

	SI/NON	OBSERVACIÓNS
<i>A preparación das sesións é axeitada.</i>		
<i>A coordinación co titor e coa familia foi positiva.</i>		
<i>O ambiente favorece a consecución de aprendizaxes significativas.</i>		
<i>Os recursos empregados son suficientes a adecúanse as características dos alumnos/as</i>		
<i>Os obxectivos propostos foron alcanzados.</i>		

A avaliación serve para mellorar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Avaliación do Plan de Apoio

Como indiquei ao longo deste epígrafe a avaliación desempeña un papel fundamental dentro das tarefas e funcións que os mestres/as temos encomendadas. Pero cando falamos de avaliación, tendemos moitas veces a pensar unicamente no proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, esquecendo a maioría das veces o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente (xa abordados con anterioridade). Así, habemos de recordar que o proceso de ensino resulta primordial tamén para conseguir os obxectivos que nos propomos e dentro deste proceso desempeña un papel fundamental a avaliación do propio Plan de Apoio.

SI/NON OBSERVACIÓNS

Tivo en conta a lexislación vixente así coma as características do alumando ao que ía dirixida.

Foi funcional e resultou ser motivadora para os alumnos/as.

Propiciou que se levasen a cabo unhas vías de coordinación axeitadas.

As actividades cumpriron a súa temporalización.

Posibilitou que a familia participase en actividades.

As medidas específicas de atención á diversidade foron efectivas.

A metodoloxía empregada serviu para acadar aprendizaxes construtivas.

As estratexias de avaliación permitiron

obter a información necesaria para a valoración positiva do alumnado.

5. COORDINACIÓN.

* Coordinación con titores e especialistas:

Realizouse un seguemento do alumnado para ver o seu progreso e evolución sobre todo a nivel oral e escrito, aportando as orientacións necesarias e tomando as decisións oportunas en común en relación cos aspectos nos que era necesario reforzar a cada alumno/a.

* Coordinación coas familias:

Mantivemos contacto coas familias para informalas da evolución ou da situación na que se atopaban os seus fillos/as dentro do proceso de E/A. Proporcionándolle pautas para o traballo da linguaxe oral e a súa estimulación no ámbito familiar e socio-afectivo do neno/a.

Por outra banda tamén nos atopamos con algunhas familias pouco colaboradoras o que dificultou dita evolución.

* Coordinación con servizos externos de logopedia:

Comunicámonos cos diferentes servizos que interveñen co alumnado que temos en común, tanto de forma telefónica como de maneira persoal no centro educativo en todo momento que o precisamos.

6. DIFICULTADES ATOPADAS.

Ter en conta que un aspecto importante que ven reforzado dende a LOE e na actualidade LOMCE, e o feito de que interesa máis un diagnóstico de necesidades que pensar en términos de limitacións ou carencias. Este suposto fai que a nosa función teña como finalidade facilitar a satisfacción de necesidades detectadas independentemente das súas características.

Na última década producíronse importantes avances conceptuais e metodolóxicos que influiron significativamente na forma de organizar e planificar a resposta educativa ao alumnado con NEAE. Dende a perspectiva de escola inclusiva faise imprescindible contar cunha diversidade de medios e recursos para responder ás necesidades reais pero o máis importante é a adaptación real a estas necesidades.

O compromiso profesional coa formación, a posta en práctica de programas de investigación-acción e innovación educativa, asegurando desta forma a calidade da ensinanza e un modelo de escola equitativa capaz de ofrecer ao alumnado unha educación de vida dende a vida.

7. PROPOSTAS DE MELLORA

No referido as propostas de mellora, reflíctese nun apartado común a tal efecto, dentro da memoria do DO, sendo consensuadas polos membros deste (Orientadora, PT e AL).

8. CONSIDERACIÓNS FINAIS

O sentido desta memoria final é o desexo de contribuír a acadar, nos alumnos/as, unha formación integral e harmónica, que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

Para rematar dicir que a escola é un elemento compensador de desigualdades, xa que como dice Carmen García Pastor: *“a escola non integra alumnos senón que integra necesidades”*.

6.10. VALORACIÓNS DOS PROGRAMAS NOS QUE PARTICIPE O CENTRO:

6.10.1. PLAMBE

Cada ano pretendemos, tanto con todas aquelas actividades que se van repetindo con certa periodicidade como con aquelas novas que van xurdindo, fomentar o gusto pola lectura, pola nosa biblioteca en particular, e polas bibliotecas en xeral, descubriendo nela/s, un punto de encontro entre alumnado de todas as idades, onde intercambien experiencias e información; onde non haxa alumnado desfavorecido porque todos contan con igualdade de oportunidades; onde ademais de buscar información poidan ver nela un recurso privilexiado de desfrute; un lugar máxico de encontro cos seus amigos os libros e co resto de recursos que lles darán a oportunidade de desenvolver a súa imaxinación e creatividade.

Neste particular curso académico 2021-2022, debido as obras nas que estivemos inmersos durante todo o curso, pois xa dende setembro tivemos que deixar todo recollido e empaquetado, todas as actividades que se facían na Biblioteca (lectura, estudio, consulta de información, préstamo, xogos, utilización de ordenadores, actividades de formación de usuarios, decoración...) non se puideron realizar pois ao estar toda a planta en obras xa dende un principio, non se tiña acceso a ela.

Ao menos, para que o alumnado puidese seguir lendo, o que se fixo foi levar lotes de libros da biblioteca a cada unha das aulas, que xunto cos libros que os nenos traían das casas, foron os que leron na media hora de lectura que o colexio ten marcado no horario lectivo e que coincide precisamente cun dos períodos de lecer.

O tempo que dedicamos aos xogos tradicionais que foi o terceiro trimestre foinos escaso e precisamente por iso é que imos continuar con el para o seguinte curso combinándoo co tema da reciclaxe. O noso proxecto levará por título **“Xogos tradicionais III e recicla todo o que ves”**.

Aínda con estes contratempos, consideramos o grado de consecución dos obxectivos propostos como satisfactorio xa que como se vai a describir brevemente no próximo punto, desenvolvemos a meirande partadas actividades que nos tiñamos proposto realizar e o nivel de implicación tanto do alumnado como do profesorado foi moi bo.

BREVE DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS (EN RELACIÓN COA XESTIÓN TÉCNICA, O FOMENTO DA LECTURA, A EDUCACIÓN PARA A COMPETENCIA EN INFORMACIÓN E OUTRAS)

Catalogáronse moi poucos libros, nin sequera os que se mercaron neste curso. Ao non contar con horario para cada membro do equipo de Biblioteca e recaer todas as actividades no encargado da Biblioteca (3 horas semanais) non é posible sacar adiante todo o traballo.

Co diñeiro que recibimos do Plambe (1350 euros) mercamos 140 fondos, para Infantil e Primaria. Continuamos coa subscrición da revista “Papagaio”.

No que se refire a **xestión técnica** e ao apartado de **formación de usuarios**, non houbo préstamo nin formación polo motivo que xa se explicou no primeiro punto.

24 de outubro “**Día Internacional das Bibliotecas Escolares**”. Neste día, todas as aulas de Infantil y Primaria, recibiron un marcador de lectura, diferente para cada nivel, cunha frase de animación á lectura e un xogo de atención que tiñan que resolver.

No **Samáin**, non houbo o túnel do terror como é costume, onde todos tiñan que atravesalo ata chegar á biblioteca e alí proxectábaselles un corto terrorífico, pero de o EDNL pediuse por titorías que os nen@s gravasen un conto de medo. Tamén se fixo un gran mural á entrada con xogos de atención.

No Magosto, e relacionado co tema da biblioteca, organizáronse unha serie de xogos populares tendo como material principal para o desenvolvemento deles a castaña.

O 25 de Novembro conmemorouse o **Día contra a Violencia de xénero**. Cada nena decorou unha pluma e con todas elas creáronse unhas ás máxicas para voar alto e despois fíxose un photocall. Ademais nalgunhas clases de valores e de Infantil traballouse o conto “Pepuka y el monstruo que se llevó su sonrisa”.

No **Nadal**, fíxose un bosque de goma eva no que en cada árbore había colgados xoguetes feitos tamén co mesmo material. Houbo concurso de postais de Nadal.

Celebramos a conmemoración do **Día da Paz** coma sempre. Algúns nen@s en representación da súa aula saíron a ler os seus manifestos, poemas ou frases. Ao finalizar todo o alumnado se divertiu cantando e bailando, vestidos de hippies, a canción “Libertad”. Todos os cursos fixeron poemas sobre a Paz que se recolleron nun caderno.

No **Entroido**, profesorado e alumnado disfrazáronse de xogos e xoguetes. Antes de chegar ese día, previamente seguimos durante toda a semana as

ordes da meca Rosalía, pois este ano, ao caer tan xuntas as celebracións, decidiuse que fose Rosalía a meca. Os alumnos, por titorías, disfrazáronse de distintos xogos como o dominó, cartas de poker, mr. potato, puzzle, twister, tres en raia, comecocos, ¿quién es quién?...e o profesorado de nen@s.

O **Día de Rosalía** festexámolo á par do entroido como xa se comentou no punto anterior. Os nen@s fixeron libriños sobre a autora e tamén decoraron pétalos por aulas para constituír a flor de Rosalía. Cada pétalo está decorado con un poema ou unhas verbas da autora.

Día Internacional da Muller Traballadora, 8 de Marzo. Fixéronse varias actividades como se poden ver no vídeo entre as que se inclúen : varios murais reivindicativos, concentración na praza do concello, lectura dun manifesto e terminamos escoitando e cantando varias cancións. O alumnado de 6º curso fixo un cómic e un traballo sobre algunhas das mulleres que deixaron a súa pegada na historia.

Para conmemorar a **Semana da Prensa**, pediúselles ao alumnado de Primaria que fixera indagacións na rede e trouxera noticias relacionadas cos xoguetes. Colocáronse nun taboleiro á entrada xunto con traballos en origami con papel de xornais. As noticias xuntáronse todas e quedaron recollidas nun caderno que quedará na Biblioteca como material de consulta.

Infantil publicou diversas experiencias das aulas de 3, 4 e 5 anos no seu periódico dixital titulado “A voz de Infantil”.

Para o **Día do Libro**, pediuse aos nenos máis pequenos que fixeran a portada dun libro co seu título, no que o protagonista fose o seu xoguete preferido. Os máis maiores, ademais da portada, tiñan que inventar un conto. Poden escoitarse as súas gravacións no seguinte enlace.

Logo todos os contos se encadernarán e pasarán a ser material da Biblioteca. Tamén todos os cursos decoraron uns marcadores da nosa mascota Libriña xogando.

O alumnado de Infantil tamén aportou o seu gran de area. 4º de Infantil traballando o conto de Elmer; 5º de Infantil o conto “ O peixe arcodavella” e 6º de Infantil o conto “No quiero el cabello rizado”

No **Día Internacional do Acoso Escolar**, o alumnado de 6º de Infantil traballou co libro “Hoy no juegas”, un conto para reflectir sobre esta situación.

No día das **Letras Galegas**, fixéronse varias actividades. “As palabras de Florencio” Cada aula decorou unhas palabras ou poemas en cartolina A3 e expuxéronse en distintos establecementos da Rúa. Fíxose unha exposición no patio do colexio coa axuda de persoal do Barco, sobre a vida e a obra de Florencio Delgado. O 16 de Maio, realizouse un acto conmemorativo comezando por escoitar o Himno Galego; a continuación os alumnos de 6º rapearon o poema de Florencio titulado “Ahí ven o Maio” mentres o resto dos compañeiros acompañaban cunha coreografía. Por último, léronse unhas reseñas do autor, por aulas. Tamén se fixo un colaxe sobre a figura de Florencio entre varios nen@s do colexio e unha, nai utilizando distintos materiais. O alumnado de 6º curso fixo caricaturas do autor. Para rematar, os alumn@s de 3º, 4º, 5º e 6º fixeron un roteiro por Córghomo, terra natal de Florencio, onde se encontra enterrado.

O 17 de Maio celebrouse o Día Internacional contra a **LGTBIFOBIA** cuns manifestos que leron os nen@s de sexto e quinto curso e interpretáronse unhas cancións propias para a ocasión.

Entre as conmemoracións especiais, e dentro do apartado de **Bibliotecas inclusivas** teñen unha connotación especial no noso centro o Día mundial do Síndrome de Down. Como parte da conmemoración deste día, todo o colexio acudiu o cine para ver a película “Valentina”. A nivel de colexio, fíxose o día dos calcetíns desemparellados. No cartel aparece a nosa alumna con síndrome de Down rodeada dos pes dos seus compañeir@s.

En canto aos **materiais elaborados**, o noso PDI sobre **Xogos e xoguetes** foi traballado por trimestres. **No primeiro trimestre**, centrámonos máis nos xoguetes. Cada titoría construíu cos seus alumnos, dous xoguetes diferentes con materiais de reciclaxe. Ademais de facer os xoguetes, tiñan que cubrir unha ficha de cada un onde se explicaba o nome do xoguete, as habilidades que desenvolvía, os materiais empregados, o proceso de elaboración e unha imaxe do mesmo. As fichas están plastificadas e recollidas nun caderno.

O alumnado de segundo e cuarto fixo unha labor de indagación sobre adiviñas relacionadas cos xoguetes e os xogos. Fixemos con elas un caderno.

O alumnado de 6º e 5º curso de primaria inventaron uns raps sobre os xogos e xoguetes. Os traballos recolléronse nun caderno e algúns deses raps foron gravados por os propios nen@s e podemos escoitalos no seguinte enlace.

Fixemos unha enquisa aos pais/nais sobre coeducación.

Como colofón final, veu un artesán especialista en construción de xoguetes de madeira que fixo a delicia de todos os nen@s cunha exposición na que tod@s puideron pasar un ratiño entretido desfrutando deles.

O **segundo trimestre** enfocámolo a converter xogos de mesa en xogos de carácter didáctico. Fixéronse varios xogos de dominó para traballar a lingua, as matemáticas, un pasapalabra para traballar as ciencias, unha máquina de sumar...Cos todos os xoguetes e os xogos elaborados, fíxose unha exposición ao final do mes de maio.

No que respecta ao **terceiro trimestre**, témolo dedicado aos xogos tradicionais. Este tema é para seguir traballándoo no próximo curso. Queremos crear un patio inclusivo e dividilo por zonas onde convivan os xogos tradicionais con outros tipo de actividades como unha zona de expresión corporal, outra de carácter máis sensorial, tamén de expresión artística, unha zona de lectura, de escalada...

Dende a área de E. Física, estanse elaborando fichas sobre xogos tradicionais nos diferentes cursos, con fotos dos nen@s xogando a eles e unha breve descrición dos mesmos.

Os alumn@s de 4º curso participaron nun obradoiro de xogos tradicionais.

Xa se mencionara tamén que se fixeran diferentes xogos populares no magosto, coa castaña.

Dende Normalización Lingüística pedíuselle aos nosos alumn@s que se fixera a portada e a contraportada da nosa **revista Laverquiña** tendo en conta o tema dos xoguetes.

O xogo unha vez máis estivo presente no noso colexio e esta vez para traballar os primeiros auxilios a través de obradoiros. Cada explicación ía

acompañada dun xogo. Cada nen@ trouxo un peluche da súa casa ao que tivo que aplicar a maniobra de Heimlich.

Tivemos dúas **charlas**; unha da man de Antón Cortizas sobre a importancia dos xogos tradicionais e outra sobre patios inclusivos da man de Gey Lagar.

A AVALIACIÓN REALIZADA DAS ACTIVIDADES DESEÑADAS E DESENVOLVIDAS POLA BIBLIOTECA, ASÍ COMO DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DA PROPIA BIBLIOTECA EN BENEFICIO DA COMUNIDADE ESCOLAR.

Como indicadores de avaliación, utilizamos:

✓ O grao de implicación do profesorado e alumnado nas diferentes actividades. O grao de participación tanto do alumnado como do profesorado no desenvolvemento de todas as actividades realizadas tanto directamente dende a Biblioteca como a través doutras vías como o Proxecto de Formación, Departamento de Normalización, Equipo de Extraescolares, etc. foi moi bo.

✓ Número de visitas á biblioteca na hora do recreo. Este curso académico como xa se comentou con anterioridade a biblioteca tivo que permanecer pechada por causa das obras.

✓ O número de horas que a biblioteca permanece aberta. Como xa se explicou no apartado anterior, a biblioteca non abriu nin nos tempos de lecer, polo motivo xa explicado, nin das 16:00 ás 18:00 horas por non haber actividades extraescolares.

Fóra deste horario, permaneceu aberta no mes de setembro as 3 horas que a encargada da biblioteca ten do seu horario lectivo.

✓ Análise do número de préstamos ao alumnado a través dos datos facilitados polo programa Meiga. Non podemos analizar este dato porque non houbo servizo de préstamo polo motivo anteriormente explicado. O alumnado, aparte de ler os libros que se lles levaba da biblioteca, tamén lían os que traían da súas casas.

No tempo de lecer, despois de comer, lévase un carriño con libros para aqueles que desexen ler.

✓ Análise do número de préstamos ao profesorado polo programa Meiga.

As aulas de Infantil seguen sendo as que máis préstamos solicitan durante

todo o curso. Aínda que este curso non puideron coller libros.

✓ Análise do uso da biblioteca polo profesorado cos alumnos.

Ao igual que no resto dos apartados anteriores, a biblioteca practicamente

non foi utilizada. No que se refire ao apartado de investigación, temos que ter en conta que hoxe en día, o medio máis utilizado para consulta e busca de información é internet, deixando case de lado, calquera fonte de información impresa: libros, enciclopedias, dicionarios...

O noso alumnado de terceiro ciclo traballa con E-dixgal polo que ten a man sempre o ordenador e internet na aula como ferramentas de traballo polo que xustificaría que para esta actividade en concreto non tivesen necesidade de ir á biblioteca.

No resto dos cursos, o comportamento é similar. Todas as aulas dispoñen de internet e de encerado dixital polo que se fai moi cómodo traballar cos rapaces sen ter que saír da propia aula.

Non obstante, seguiremos traballando para fomentar o uso da biblioteca e dos seus recursos por parte do profesorado, para que os utilice, en beneficio do seu alumnado e de todos en xeral. Para que *“fagan da biblioteca o recurso que lle permita a mellora da docencia, o avance metodolóxico e por ende, a motivación e a aprendizaxe do alumnado”*.

✓ Análise do grao de cumprimento do plan de actividades programadas no Proxecto.

O grao de cumprimento das actividades programadas xa quedou reflexado no primeiro punto.

AS PREVISIÓNS DE FUTURO:

As perspectivas de futuro de cara ao próximo curso e que, despois dun curso de pandemia e outro de obras, pola reforma integral do colexio, todo volva á normalidade.

Para o próximo curso queremos desenvolver un proxecto de reciclaxe para que o alumnado tome conciencia da importancia do coidado do medio ambiente para a preservación dos recursos naturais e, desta maneira, que adquiran o hábito de reciclar e se promova unha cultura ecolóxica.

Trataremos de reciclar todo o que pase polas nosas mans (papel, cartón, plástico...) con idea de darlle unha nova utilidade con fins educativos, decorativos, lúdicos ou calquera outra finalidade.

Complementaremos o proxecto coa continuidade nos xogos tradicionais. Insistimos neles pois entendemos que é importante mantelos vivos principalmente polos lazos que crea entre xeracións.

As previsións para o próximo curso é que o equipo de biblioteca estea formado por a responsable de biblioteca e 3 membros máis polo que para poder levar a cabo o proxecto con entusiasmo e eficacia sería importante que se nos contemplara un horario acorde ao volume de actividades que se teñen que desenvolver.

6.10.2. SECCIÓNS BILINGÜES

Este é o séptimo curso que o noso centro participa na Rede de Centros Plurilingües de Galicia en lingua estranxeira Inglés. Un gran número de alumnos do Centro estiveron involucrados neste proxecto. A asignatura de plástica en toda Educación Primaria foi impartida en lingua inglesa.

Pode decirse que o Proxecto desenvolveuse de forma positiva ao longo do curso. A posta en marcha do Proxecto resultou moi beneficiosa:

- Os alumnos mostráronse moi contentos e motivados, empregando cada vez máis a lingua inglesa tanto para dirixirse a mestra como para relacionarse cos seus compañeiros.
- Os pais mostran o seu apoio ao desenvolvemento do Proxecto.
- Aínda que o desenvolvemento do Proxecto leva unha maior preparación das clases, resulta realmente motivador e beneficioso para os alumnos.

Ao longo das unidades didácticas nestes cursos utilizouse o inglés, traballando vocabulario específico da área de Plástica, rutinas e fórmulas que deben utilizar para comunicarse cos demais.

O deseño das unidades didácticas e a planificación de actividades leváronse a cabo tendo en conta os principios da aprendizaxe integrada de contidos en lingua estranxeira (AICLE). Estes principios poderían resumirse no seguintes catro puntos:

- A lingua úsase para aprender contidos e para comunicarse.
- A materia determina o tipo de linguaxe.
- A fluidez é máis importante que a exactitude.
- As unidades CLIL integran as 4Cs: Contido, Comunicación, Cognición e Cultura.

Como proposta de mellora considerase necesario seguir traballando na mesma liña.

6.10.3. E-DIXGAL

O proxecto Educación Dixital (E-DIXGAL) ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, facilitando aos centros adscritos á Rede Abalar a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais cos cales poidan desenvolver o seu proxecto na totalidade do currículo de 5º e 6º de Educación Primaria no presente curso.

Algunhas actuacións levadas a cabo para un adecuado funcionamento do programa foron:

- Realizouse o rexistro e asignación dos portátiles ao alumnado e colocóuselle un identificador co seu número.
- Entregáronselle unhas normas ás familias e o Programa Abalar.
- Os titores de 5º e 6º levaron a cabo reunións periódicas para artellar o funcionamento conxunto da plataforma. .
- Clonáronse varios equipos por problemas de funcionamento, co cal elaborouse unha guía para a realización do clonado.

Como propostas de mellora plantexase:

- Ao principio de curso é preciso formar ao profesorado de nova incorporación ao centro no uso da plataforma Edixgal.
- Ter en conta en 5º que o alumnado ten que familiarizarse coa plataforma e aprender a realizar documentos en libre office writer e a enviar tarefas a través da mesma. Consecuentemente, debemos adaptar as programacións nese senso, centrándonos máis na competencia dixital no primeiro trimestre.
- É preciso formar ao alumnado no uso da mensaxería dun modo correcto e respectuoso, así como no emprego dos foros e dos chat, como formas de comunicación e de traballo.
- Realizar reunións periódicas do equipo Edixgal para coordinar os proxectos e a súa operativización na plataforma.
- É necesaria a protección da BIOS para que o alumnado non realice cambios no equipo. Todos os equipos terán unha contrasinal na BIOS.

VALORACIÓN DO PROXECTO E DIFICULTADES ATOPADAS:

A mensaxería entre o alumnado é un hándicap porque os docentes non podemos controlala. Producíronse varias incidencias cos equipos. De feito, houbo que clonar varios deles. O modo de clonado recolleuse nun documento coa intención de compartilo con todos os membros do equipo para que non recaia só esta tarefa no coordinador/a. Os maletíns de transporte dos equipos son bastante débiles e rompen con facilidade.

Á hora de valorar o éxito do programa, podemos dicir que supuxo un avance na calidade da aprendizaxe por parte do alumnado. O alumnado adaptouse a esta nova metodoloxía de traballo sen ningún tipo de dificultade. O funcionamento ao longo do curso de todos os elementos do Proxecto foi aceptable xa que deronse algunhas incidencias, se ben é certo que solventáronse con rapidez. A nivel pedagóxico o Proxecto cumpriu coas expectativas creadas agás no que á oferta de actividades por parte das editoriais se refire, por este motivo unha

importante porcentaxe de profesorado non apostaba pola continuidade do centro no Programa.

6.10.4. DIGICRAFT NO TEU CENTRO

O Programa “DigiCraft no teu cole” tivo como obxectivo formar a nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria nas competencias dixitais que se recollen no Marco Común de Competencia Dixital da Comisión Europea (DigComp):

1. Información e Alfabetización informacional
2. Comunicación e colaboración
3. Creación de contidos dixitais
4. Seguridade
5. Resolución de problemas

O programa ten como base pedagóxica unha metodoloxía innovadora. Esta metodoloxía fundaméntase na aprendizaxe colaborativa, e busca a participación activa do alumnado a través do xogo e a experimentación, nun contexto que estimula a súa curiosidade, creatividade e desenvolvemento emocional positivo. A través de actividades lúdicas que combinan o mundo dixital co artesanal, DigiCraft achega as competencias dixitais aos máis pequenos, utilizando como vehículo para a aprendizaxe diferentes tecnoloxías emerxentes.

No presente curso, cada grupo de alumnos/as desenvolveu 2 itinerarios formativos, un total de 28 horas de formación en competencias dixitais.

Para facilitar o labor docente, o Programa formou aos/as docentes que impartiron os itinerarios nas aulas. As formacións tiveron como obxectivo que os/as docentes adquirisen os coñecementos necesarios para trasladar as actividades á aula, desenvolvendo as competencias dixitais do alumnado e tamén as propias. Nelas impartíranse conceptos sobre a metodoloxía do Programa, o marco DigComp e as áreas competenciais que recolle e realizáronse, de maneira totalmente práctica, as actividades dos itinerarios para que os/as docentes se familiarizasen con elas e cos materiais, ferramentas e programas necesarios para implementalas na aula.

Cada Itinerario levaba, ademáis, asociado un Kit DigiCraft, que contiña materiais e ferramentas tecnolóxicas para desenvolver algunhas das actividades do mesmo.

Con todo, pode decirse que o programa resultou unha actividade moi atractiva coa que o alumnado ao que ía dirixido acadou os obxectivos propostos, sendo a maior dificultade o elevado número de alumnado por aula para este tipo de actividades que impedía en certa maneira o normal desenvolvemento das sesións.

6.10.5. HORTO ESCOLAR

Proxecto OU/113

El huerto 3C: cultivo, cuido y cosecho

1. INTRODUCCIÓN

Este ano continuamos co proxecto dos cursos anteriores: “O horto escolar”.

A súa creación supuxo:

- A aparición dun espazo de recreación e aprendizaxe, para fomentar a educación ambiental, a curiosidade, a observación, a investigación e a experimentación dos nosos pequenos horticultores, pretendendo que se involucren en todo o proceso de sementeira, coidado e recollida dos produtos do horto.
- A produción de alimentos para o uso no comedor escolar.
- A protección do medio ambiente e o desenvolvemento de habilidades agrícolas na comunidade educativa.
- A integración dalgúns contidos en diferentes materias do currículo, usando o horto como recurso didáctico.
- A implicación dos estudantes no cultivo de alimentos sans e nutritivos.

Despois destes anos démonos conta de que os nenos /as coidan o horto con mimo, sempre están dispostos a colaborar nas tarefas, víxíano e respéctano.

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO

Os obxectivos do proxecto foron:

1. Facilitar un espazo de encontro, onde traballar e aprender:

Este obxectivo acadouse, xa que os nenos e profesores implicados traballaron e aprenderon moitas cousas relacionadas co horto.

2. Integrar os coñecementos, habilidades e valores relacionados derivados do traballo no horto no aprendizaxe dos nenos nas distintas disciplinas da aula, formando parte da formación integral dos alumnos:

O horto é un instrumento educativo e como tal axuda a:

Recoñecer os alimentos saudables

Mellorar os hábitos alimenticios

Aprender a cultivar os seus propios alimentos

Desenvolver o espírito de cooperación entre os colaboradores

3. Adquirir coñecementos sobre o medio agrícola e natural.

Os nenos e nenas aprenderon as distintas tarefas de sementeira, plantación e recolección de distintos produtos do horto.

Tamén aprenden a facer o noso propio composto cos restos orgánicos do comedor.

Aprendemos a aforrar auga, aproveitando a auga da chuvia para regar.

4. Sensibilizar cara a nosa influencia no medio.

Os nenos e nenas poñen especial interese no coidado do horto e ao mesmo tempo traballamos o respecto polo medio ambiente.

5. Traballar valores como a convivencia, a solidariedade, o respecto, a cooperación e a toma de decisións.

Todos estes aspectos se traballaron durante o curso, facendo quendas para traballar no horto, respectando as plantas, e colaborando sempre que sexa necesario.

6. Integrar todos estes obxectivos na nosa vida cotiá.

Os nenos comparan o noso horto cos das súas casas ou dos seus avós.

7. **Reforzar as boas costumes na alimentación.**

A través do consumo dos produtos do horto foméntase este obxectivo.

A avaliación fíxose de forma continua durante o curso, usando a observación directa durante a realización das actividades.

3. **METODOLOXÍA**

O principio básico da nosa metodoloxía foi a acción e participación dos alumnos, fomentando a curiosidade, a observación e a experimentación.

4. **ACTIVIDADES REALIZADAS**

A. Tarefas realizadas polos alumnos e os profesores:

A.1. Actividades complementarias:

Coñecemento do medio:

- Plantación dos produtos
- Sementeira
- Formigueiro
- Coidado dos vermes de seda

Linguaxe :

- Vocabulario
- Uso dos distintos medios para recoller información

Matemáticas :

- Prezo dos cultivos

Artística :

- Debuxos do horto e as hortalizas
- Elaborar carteis, etiquetas e fichas

- Fotografías
- Murais

A.2. Actividades propias do horto:

- Preparación do terreo
- Plantación de produtos de verán
- Rego

B. Tarefas realizadas polos profesores responsables:

1. A planificación das actividades
2. Organización dos traballos
3. Rexistro das actividades
4. Guiar aos alumnos na elaboración dos materiais.
5. A vixilancia dos nenos nas escasas tarefas realizadas no horto

5. DIFICULTADES E MELLORAS PARA O PRÓXIMO CURSO

Os inconvenientes encontrados para o coidado do horto durante este ano foron:

O cambio producido na localización. Trasládouse a outra zona do colexio.

Fíxose no mes de maio polo que non foi posible realizar moitas das actividades.

As melloras para o próximo curso :

- Procuraremos organizar algunha saída ao campo ou a algún sitio relacionado co medio ambiente.

6.11. VALORACIÓN DOS PLAN E PROXECTOS DO CENTRO:

6.11.1. PLAN DE CONVIVENCIA

Seguindo as liñas xerais recollidas no Plan de convivencia do Centro realizáronse as seguintes actividades ó longo do curso escolar 2020-2021:

ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E MELLORA DA CONVIVENCIA:

- Revisáronse e mantivéronse os partes de incidencia
- Asesoramento ás familias de forma individualizada, sobre xestión de rabechas, condutas disruptivas, modificación de conduta no ámbito familiar, etc.
- Utilización de material de xogo para a promoción de xogos cooperativos e populares no período de lecer.
- Foméntanse os patios dinámicos de xogos cooperativos.

Ademais destas actividades específicas para a mellora da convivencia, no centro realizáronse outras organizadas polos distintos equipos e órganos de coordinación que inciden directamente na mellora da convivencia, como son:

- Celebración das distintas conmemoracións como son: o día da Paz, o día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, día Internacional da Muller...
- Actividades de realización conxunta entre distintos grupos cantigas, bailes, contacontos, etc.

En xeral todas as actividades e festexos que se realizan conxuntamente e que, aínda que non figuren no plan de convivencia, inciden positivamente na mesma.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DETECTADAS E CORRECCIÓNS: Este curso por mor da situación xerada pola Covid-19, e pola estruturación das aulas, non se presentaron problemas de convivencia destacables.

De ser necesario todas as intervencións fanse de forma coordinada entre os/as titores, profesores/as especialistas e o Orientador. Realizáronse actividades e intervencións con todo o grupo clase, en pequeno grupo, por parellas e de maneira individual. Proporcionouse material, recursos e ferramentas ós profesores e ás familias para facilitar a súa formación e o desenvolvemento destas actividades.

PROPOSTAS PARA O PRÓXIMO CURSO:

- Continuar dedicando máis tempo lectivo á realización de actividades preventivas e proactivas dende comezo de curso para evitar a aparición de condutas disruptivas e contrarias á convivencia.
- Desenvolver programas de habilidades sociais e realización de sociogramas en todos os niveis e etapas, como medidas de prevención e detección.
- Vixiar especialmente ás dificultades de convivencia que podan xurdir entre o alumnado dos cursos superiores.
- Seguir a realizar actividades de acollida no cambio de etapa e coordinación entre os titores de maneira que se facilite o tránsito entre etapas.
- Favorecer e facilitar á incorporación dos alumnos/as novos que se incorporarán o próximo curso en distintos niveis da Educación Infantil e Primaria, favorecendo a súa socialización e integración no grupo-clase.
- Mellorar se cabe máis aínda a colaboración entre o profesorado, a Comisión de Convivencia Escolar e o Departamento de Orientación nos casos de dificultades de convivencia que afecten negativamente ao desenvolvemento do alumnado.
- Controlar e vixiar os tempos de lecer de aqueles alumnos/as que sabemos que teñen mais problemas de convivencia cos seus compañeiros/as.
- Animar e formar ao profesorado na resolución de conflitos e nas habilidades sociais para despois traspasalo ao grupo-clase.
- Elaborar un protocolo de actuación sinxelo para saber como ten que actuar o profesorado en caso de producirse un conflito. Incluír neste protocolo a forma de actuación que o Centro terá en relación á resolución pacífica dos conflitos e na aplicación de “castigos” / medidas correctoras ao alumnado.
- Asesorar ó profesorado para a participación en PFPP sobre problemas de conducta e resolución de conflitos.

- Tentar mellorar a colaboración por parte das familias nos casos de conflitos entre iguais, xa que en moitos casos empeoran a situación en lugar de tentar resolver conflitos.
- Formar as familias en resolución pacífica de problemas e habilidades sociais.

6.11.2. PLAN DE IGUALDADE

O Plan de Igualdade de centro, recolle e sistematiza moitas das accións que xa se levan a cabo a prol da igualdade e introduce cando é necesario novas actuacións para lograr a igualdade entre homes e mulleres, e prever a violencia de xénero. O rumbo a seguir foi:

- Afondamos nun modelo de coeducación e introducimos a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Fomentamos dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- Integramos a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar para garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolla a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
- Educamos desde a diversidade para conseguir unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Traballamos para evitar as relacións de abuso do poder e a violencia no exercicio das relacións persoais, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- Intentamos abordar a detección precoz e dar unha resposta eficaz e á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple. Hai que sinalar que todas as actividades do centro son sempre para todos, non habendo distinción de xénero en ningún aspecto da vida do centro. Pero aínda notamos que

hai certo grado de machismo nas ideas e/ou actitudes que parte do alumnado ten en algúns aspectos, e que deben ser erradicadas, sobre todo facéndoos decatarse de que esas actitudes nas súas vidas, ou na sociedade na que vivimos, son machismos ou micromachismos.

Este plan promove a igualdade, tanto na realización de actividades puntuais, conmemoracións e charlas, como noutras accións de carácter anual (organizativas, didácticas...).

Todas as actividades do centro dentro e fóra das aulas teñen carácter igualitario a todos os niveis e fomentan a coeducación:

- Xogo por recantos en Educación Infantil, promovendo que todos e cada un dos nenos e nenas poidan xogar en todos os recantos (casiña, tenda, construcións, coches...) independentemente do seu xénero.
- Patios inclusivos. O centro goza dun patio privilexiado e estamos reestruturando de xeito que haxa diferentes zonas de xogo en función das distintas necesidades de cada un.
- Horto escolar. Nel participan por igual nenos e nenas.
- Normas das aulas: en todas as aulas ao comezo de curso establecemos unhas normas básicas de convivencia na aula e de respecto aos demais.
- Utilización dunha linguaxe non sexista nas aulas e nas actividades.
- Dotación da biblioteca e das aulas con material diverso que vai desde xogos de mesa, construcións, disfraces, teatro, escornabots, mesa de luz... e promoción do seu uso independentemente do xénero.

Os documentos de centro están redactados cunha linguaxe non discriminatoria. Ademais recóllese a igualdade entre homes e mulleres tanto neste Plan de Igualdade, como no Plan de Convivencia, no PAT e nas NOF; así como nos demais documentos e programacións nas que se destaca ante todo o respecto mutuo e a igualdade de oportunidades. Así mesmo, de cara á comunidade educativa o ideario do centro promove eses valores democráticos nos que

todos/as temos os mesmos dereitos e deberes indistintamente do xénero, raza, condición...

No relativo á xestión de espazos, trátase de revisar o seu uso e a súa distribución de modo que non discrimine en ningún aspecto. Neste eido, destacar a reorganización do patio de xogos, tendo que definir zonas por ciclos, que se rotaron semanalmente. Este curso puxéronse ou actualizáronse estruturas no patio de infantil e en primaria, para ter máis opción de xogos en cada zona.

En canto a adquisición de material e recursos didácticos, revisouse que os fondos adquiridos non promovan condutas discriminatorias.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Desde o noso centro baseámonos en valores coeducativos e democráticos, co cal non podemos recoller aquí todas as actividades como actividades coeducativas, pero que si o son. Considerase necesario a creación dun equipo de mediación, se a situación Covid permite a relación entre distintos grupos. De cara ao vindeiro curso, hai que sistematizar as medidas e levar a cabo un maior seguimento deste novo plan para traballar a mellora da convivencia escolar, no que tamén incluiremos a igualdade.

6.11.3. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

Neste curso non realizamos ningún simulacro. O motivo non foi outro que evitar os contactos debido á situación sanitaria da Covid e que se está a levar a cabo unha reforma integral nas nosas instalación que requerirá unha revisión do Plan de autoprotección.

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Revisar o plan de autoprotección por se encontramos algún erro que haxa que corrixir.
- A principio do vindeiro curso explicaremos ao claustro as medidas a adoptar e os roles de cada profesor/a en caso de emerxencia.

6.11.4. PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Durante o presente curso escolar o Concello de A Rúa presentou solicitude para levar a cabo actividades de tempo libre e lecer en horario detarde para dispoñer das dependencias ubicadas no segundo andar do edificio vello así como do patio. A cesión das instalacións contou coa aprobación unánime do claustro e do consello escolar do centro seguindo a tramitación legal que se contempla na Orde do 22 de xullo de 1997, no seu capítulo 3, punto 9, resumido no protocolo que estableceu a Xefatura Territorial no curso escolar 2015/2016.

6.11.5. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.

Ao longo de todo o curso tratouse de potenciar as relacións da comunidade coas familias por medio das seguintes actuacións aumentando así a súa implicación na vida diaria do centro:

- Participación dos membros do Consello Escolar como representantes lexítimos que son dos distintos sectores da comunidade educativa do Centro.
- Comunicación, directa ou indirecta, cos pais/nais dos alumnos/as co fin de facelos partícipes dos intereses e necesidades do Centro, de modo que chegasen a asumir que as normas de organización establecidas na escola non son alleas a eles, senón o produto da estreita colaboración e adopción de medidas do conxunto da comunidade educativa.
- Diálogo e coordinación coa ANPA
- Envío de circulares a pais/nais/titores de alumnos/as con información puntual de asuntos do seu interese. Boletín informativo do inicio curso incidindo nas normas de organización e funcionamento máis importantes a ter en conta no Centro e uso da aplicación Abalar Móbil. Ademais do envío obrigado aos pais/nais/titores do boletín de cualificación trimestral, comunicación puntual, telefónica ou escrita, ou telemática, de calquera asunto de interese relacionado co proceso de ensinanza e aprendizaxe dos seus fillos/as
- Mantemento da páxina Web do colexio actualizada como canle de comunicación.

- Celebración de reunións conxuntas con todos os pais e nais dealumnos/as da aula, nivel ou ciclo para conseguir a máxima colaboración no proceso de educación dos seus fillos/as sempre que a situación epideomolóxica o permitía.
- Atención telefónica, presencial ou online aos pais/nais/titores por parte dos mestres/as titores/as de unha hora semanal todos os martes lectivos, de 16:00h. a 17:00 h., facilitando a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes. Estas entrevistas foron, ben a demanda do profesorado, ben por solicitude dos pais e nais con previa cita.
- Atención aos pais/nais/titores por parte do orientador/a concertando cita previa.
- Atención aos pais/nais/titores por parte do equipo directivo diariamente facilitando tamén a posibilidade de entrevista noutro horario en función das necesidades de ambas partes

PROPOSTAS DE MELLORA:

- Mellorar as canles de comunicación coas familias creando un hábito de consulta de información e tratar de evitar en todo o posible que o emisor das comunicacións sexan as propias familias para evitar confusións nas informacións dadas.
- Potenciar a apertura do centro á comunidade para lograr unha maior implicación das familias.
- Informar ás familias sobre a importancia de solicitar cita previa sempre que sexa posible para non interferir no normal funcionamento do centro.

6.11.6. PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESROADO.

Durante o presente ano académico o profesorado participou nun Plan de Formación Permanente do Profesorado. As liñas de actuación que se seguiron foron:

- “Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe por proxectos” con dous itinerarios: “Libriña inclúe” e “Creando xogos e xoguetes sostibles con Libriña”.

- “Plan dixital do centro. Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital” coseguinte itinerario: “Plan dixital de centro”.

CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS:

1. Plan dixital de centro: O principal obxectivo era a propia realización do plan, que nos posibilitase adecuarnos a realidade tecnolóxica como recurso educativo e de comunicación coas partes formantes da Comunidade Educativa e que supuxo un gran esforzo, principalmente pola esixencia nos prazos marcados para a súa elaboración.

2. Libriña inclúe: A dinamización do noso patio era unha necesidade que viñamos observando e que precisaba unha remodelación tanto na organización de espazos como de provisión de materiais e recursos que favorecesen a interacción e integración do noso alumnado entre el mesmo, un espazo no que se sentiran cómodos e cada un atopase o seu lugar, polo que a nova proposta non se esquece de ninguén e contribuirá a un maior disfrute do tempo de lecer.

3. Creando xogos e xoguetes sostibles con Libriña: A realización conxunta dos xoguetes, en base aos intereses do alumnado e respecto polo medio ambiente favoreceu os valores que pretendiamos favorecer entendidos como a cooperación, o aproveitamento dos recursos e a valoración do traballo artesanal.

EXPECTATIVAS DE CONTINUIDADE:

As expectativas nos itinerarios foron cumpridas pero aínda precisamos implementar parte das propostas que xurdiron do análise da nosa realidade como centro e que dinamizaran a Bilblioteca como eixe do noso proxecto e fío condutor tanto no ámbito curricular como no desenvolvemento integral do noso alumnado así como o establecemento de actuacións enfocadas a cohesión da comunidade educativa, polo que a continuidade do PFPP é un obxectivo que nos propoñemos cara os vindeiros cursos

7. SEGUIMIENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA.

En relación aos protocolos de actuación ante a Covid-19 adaptados ao centro, realizamos unha valoración moi positiva. Tivemos unha incidencia moderada

de casos positivos e baixade aulas pechadas grazas á responsabilidade de toda a comunidade educativa. As actuacións levadas a cabo par lograr os nosos obxectivos foron:

- Informaciones sobre os protocolos: antes do inicio do curso, tanto o profesorado como as familias foron informados de todos os protocolos Covid do Centro

- Equipo Covid: estamos contentos/as das funcións que desempeñou este equipo. Sobre todo, encargouse de asesorar ás familias ante as dúbidas que xurdiron durante o curso en relación á pandemia, notificou os casos positivos aparecidos á Consellería de Sanidade e estivo pendente da evolución sanitaria do alumnado e das súas familias. O equipo Covid tamén atendeu as chamadas telefónicas os fins de semana para ter unha información precisa das circunstancias familiares.

- Aula Covid: todo o alumnado con síntomas Covid foron levados a esta aula. O conserxe do centro fixo un gran traballo de atención a todos os alumnos/as.

- Autoenquisa diaria: a responsabilidade familiar foi clave para realizar esta enquisa diaria e de tomar a decisión de que, en caso de dúbida, non se enviase ao alumnado con algunha sintomatoloxía Covid ao Centro. Temos que felicitar ás familias porque evitaron moitas situacións de posible contaxio.

- Máscara, hixiene e ventilación: foi esencial para evitar os contaxios. Non foi fácil para o alumnado pero soubo adaptarse ás novas situacións.

- Aulas burbulla, entradas, saídas e recreos secuenciados: funcionou ben e foi importante para evitar os contactos.

- Comedor e transporte escolar: sen incidencias destacables.

- Titorías e tramites das familias: non presenciais. Habilitáronse todas as canles posibles de comunicación e de tramitación de documentación telemática.

- Limpeza do Centro: tanto por parte das limpiadoras como do persoal do centro que trataou de levar a cabo unha desinfección rigurosa das superficies según nos marcaba o protocolo nun primeiro momento

- Plan de continxencia: na xestión dos gromos, todo o alumnado que tivo que permanecer confinado estivo atendido pola súa titora mediante as plataformas da Aula Virtuale Edixgal, ademais do teléfono e mensaxería instantánea.

- Programa de Acollida do alumnado: o 1º día de clase receptionamos ao alumnado sen incidencias e con moita ilusión. Durante o curso traballáronse os aspectos emocionais e sociais.

8. VALORACIÓN DOS SERVIZOS EDUCATIVOS COMPLEMENTARIOS:

8.1. COMEDOR ESCOLAR.

Este ano o comedor funcionou con normalidade facendo uso deste servizo 149alumnos/as. A distribución do uso do comedor por cursos foi a seguinte:

4º de E.I.	10	38
5º de E.I.	10	
6º de E.I.	18	
1º de E.P.	12	111
2º de E.P.	20	
3º de E.P.	33	
4º de E.P.	12	
5º de E.P.	17	
6º de E.P.	17	
TOTAL	149	

O persoal encargado da atención e funcionamento estivo integrado por:

- A director do centro, Emilio Gozález López
- A encargada de comedor, Paula Pose López
- Persoal laboral composto por unha cociñeira e dous axudantes
- Persoal de atención e vixilancia: integrado por persoas propostas polo director do centro nas condicións e número esixido segundo o número de comensais, en concreto 7 nais e un mestre.

O funcionamento do Comedor escolar seguiu as pautas marcadas no Plan de funcionamento, baseado no Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Co fin de adaptarnos aos protocolos anti-covid, o comedor ampliou as súas instalación durante o curso pasado , ocupando unha boa parte do vestíbulo, cousa que este ano se reverteu dado que a modificación do protocolo permitiu que ese espazo puidese establecerse no propio comedor ao deixar que o alumnado dun mesmo grupo burbulla puidesen sentar enfrontados manéndose unha única quenda. Outra das medidas adoptadas para adaptarnos aos protocolos anticovid foi o emprego de bandexas plásticas para substituír aos cubertos de louza que se empregaban normalmente no comedor. Decidimos realizar este cambio para facilitar o servizo e tamén para garantir unha maior hixiene, tal e como se nos aconsellou dende sanidade.

Ao longo curso, conseguíuse ofertar un menú san e equilibrado, supervisado polo Servizo de Pediatría do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras, no que se trataron de incluír alimentos de todos os grupos, así como ter en conta factores culturais da nosa comunidade. Os menús, ademáis, foron adaptados ás necesidades do alumnado en canto a pataloxías, alerxias e intolerancia, así como por motivos relixiosos, establecendo un sistema de identificación baseado en cores tanto nas bandexas empregadas como nas etiquetas cos nomes nas mesas sen ter que separar a este alumnado do seu grupo burbulla e evitando en todo momento a contaminación cruzada. A aceptación por parte do alumnado usuario dos menús propostos pode decirse que é aceptable, sendo necesario traballar algúns hábitos alimenticios saudables dende o entorno familiar.

En canto ás normas básicas de conducta e hábitos de hixiene, non se deron incidentes salientables, inda que si foi preciso solicitar colaboración para que dende as titorías se incidise na importancia de manter a orde do alumnado durante o período da comida, así como nos momentos previos de entrada e saída, tratando de aplicar distintas fórmulas para disminuir o nivel de ruído durante o servizo de comedor e lograr un clima que favorezca a adquisición de

hábitos saludables. A pesar dos nosos esforzos, tan só logrouse reducir considerablemente o ruído ambiental co aislamiento do teito, paredes e fiestras levado a cabo como parte da reforma integral do centro, o cal pon de manifestó que trátase dun problema de disposición arquitectónica do comedor e non do comportamento do alumnado.

Un dos maiores problemas que tivo que afrontar o servizo de comedor foi a disposición de colaboradores necesarios para un correcto funcionamento do servizo, xa que en ocasións, a ausencia de solicitudes e a falta de compromiso facía que a ratio de colaboradores estivese por debaixo do máximo permitido, o que repercutía nunha adecuada atención ao alumnado e un exceso de traballo para os que sí estaban disponibles. Por este motivo, unha das melloras a ter en conta de cara o curso que ven será a creación dunha bolsa de colaboradores á que se poida recurrir en caso de ausencia ou imprevisto, dando unha maior e mellor publicidade ao prazo de solicitudes de colaboración.

8.2. TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo gratuíto de transporte escolar da Consellería de Educación un total de 114 alumnos/as en tres liñas de transporte. A Liña de Petín foi a que máis alumnado transportado tivo. En relación ao Protocolo Covid, destacamos que o alumnado transportado foi asignado a asentos fixos durante todo o curso escolar e por grupos de convivencia estable con uso obrigatorio de máscara. Funcionou sen incidencias, inda que tivemos que insistir ás familias da necesidade de facer un uso continuado do servizo e establecer un novo sistema de información que traslade os cambios diarios do uso do servizo por parte do alumnado para evitar posibles confusións nas saídas do centro. Neste senso, debemos destacar o traballo diario de coidadoras e condutores que colaboraron en gran medida a que o servizo funcionara correctamente. Para o vindeiro curso, está previsto contar coa mesma empresa contratada pola Consellería, con tres liñas, tres condutores e tres coidadoras. Agardaremos instrucións da Consellería de Educación específicas sobre o transporte escolar para o comezo do seguinte curso

9. LIBROS DE TEXTO

- Etapa de Educación Infantil: Utilizáronse cadernos de traballo para lectoescritura, e números. O resto do traballo globalizado fíxose mediante fichas elaboradas pola titora e outras que se seleccionaron de diferentes

materiais impresos cos que se conta na aula procedentes de diferentes editoriais. Os libros de texto empregados ao longo do curso en cada un dos niveis da etapa foron os que se relacionaron na memoria final do curso 20/21.

- Etapa de Educación Primaria: Os libros empregados na etapa de Educación Primaria durante o presente ano académico foron os relacionados na memoria final do curso 2020/21. O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria traballou con libro dixital.

Ademais, en cada nivel fixéronse unha serie de materiais didácticos complementarios. Considérase tamén a posibilidade de requerir, si o titor/a o considerara oportuno, algún libro de lectura e/ou cuadernillos de ortografía, caligrafía, cálculo e razoamento de problemas matemáticos ao longo do curso.

Os libros de texto que se empregarán durante vindeiro curso académico 2022/23 en cada un dos niveis das diferentes etapas educativas que oferta este centro serán os seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL:

CURSO: 4º de Educación Infantil

9788468213392 Espiral de colores. Matemáticas 3 anos. Editorial: Vicens Vives.

8429489916 Aprendo música. Carpeta 3 anos. Editorial: Santilla.

CURSO: 5º de Educación Infantil

9788468213408 Espiral de colores. Matemáticas 4 anos. Editorial: Vicens Vives.

8429489924 Aprendo música. Carpeta 4 anos. Editorial: Santilla

CURSO: 6º de Educación Infantil

9788468213415 Espiral de colores. Matemáticas 5 anos. Editorial: Vicens Vives.

9788414007761 Molalaletra. Nivel 3. Editorial: Edelvives.

8429489932 Aprendo música. Carpeta 5 anos. Editorial: Santilla

EDUCACIÓN PRIMARIA:

CURSO: 1º de Educación Primaria

9788468283913 L. castellana y Lit. 1 Trim. + Act. Bienvenida C. Zoom. Vicens Vives.

9788468280998 Matemáticas 1 Trim. + Act. Bienvenida Comunidad Zoom. Vicens Vives.

9788468264349 Ciencias da natureza 1 + Actividades de Benvida C. Zoom. Vicens Vives.

9788468283180 L. galega 1 Trim. + Actividades de Benvida C. Zoom. Vicens Vives.

9788468285429 Ciencias sociais 1 + Actividades de Benvida C. Zoom. Vicens Vives.

9788468283159 Relixión Católica. Comunidad Lanikai. Vicens Vives.

9780194074223 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 2. Class Book. Oxford.

9788413925394 Música e Danza. Revoa 1. SM Xerme.

9788468211459 Lectura. Cuentos de hoy 1. Vicens Vives.

9788468256405 Gamifica Matemáticas. Vicens Vives.

CURSO: 2º de Educación Primaria

9788468255996 Ciencias da Natureza 2.Libro. (P. Zoom). Vicens Vives

9788468256009 Ciencias Sociais 2. Libro (P. Zoom). Vicens Vives

9788468255989 Lingua Galega e Literatura 2. Libro 1, 2 e 3 (P. Zoom).Vicens Vives

9788468254852 Lengua castellana y Literatura 2. Libro 1, 2 y 3. (P. Zoom). Vicens Vives

9788468254869 Matemáticas 2. Libro 1, 2, 3 y Kit material (P. Zoom). Vicens Vives

9788468256894 Relixión Católica. Lanikai 2. Vicens Vives.

9780194074438 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 2. Class Book. Oxford.

9788468206578 Música. Tempo 2. Vicens Vives.

CURSO: 3º de Educación Primaria

9788468283197 Lingua galega 3 Trim. Comunidade Zoom. Vicens Vives.

9788468283944 Lengua castellana y Literatura 3 Trim. Comunidad Zoom. Vicens Vives.

9788468285337 Ciencias da natureza 3 Comunidade Zoom. Vicens Vives.

9788468285375 Ciencias sociais 3 Comunidade Zoom. Vicens Vives.

9788468282831 Matemáticas 3 Trim. Comunidad Zoom. Vicens Vives.

9780194073844 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 3. Activity Book. Oxford.

9788413925400 Música e Danza. Revoa 3. SM Xerme.

CURSO: 4º de Educación Primaria

9788468228679 Lingua galega e literatura 4. Aula Activa. Vicens Vives.

9788468228358 Lengua castellana y literatura 4. Aula Activa. Vicens Vives.

9788468228433 Ciencias da natureza 4. Aula Activa. Vicens Vives.

9788468228983 Ciencias sociais 4. Aula Activa. Vicens Vives.

9788467575408 Matemáticas 4. Savia. Editorial SM.

9780194073905 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 4. Activity Book. Oxford.

9788468206592 Música. Tempo 4. Vicens Vives.

CURSO: 5º de Educación Primaria

9780194073967 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 5. Activity Book. Oxford

CURSO: 6º de Educación Primaria

9780194074025 Lingua Estranxeira: Inglés. All About Us Now 6. Activity Book.
Oxford

10. VALORACIÓN DO PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

O persoal non docente forma parte do equipo de traballo deste centro e están sempre en continuo contacto co equipo directivo para coordinar as tarefas a realizar.

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA:

- O plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente desenvolveuse con normalidade.
- O persoal non docente leva moitos anos neste centro, sendo unha plantilla bastante estable, a excepción do Conserxe que incorpórase ao posto no presente curso, o que facilita o traballo, debido ao coñecemento do centro.
- Adaptáronse perfectamente ás indicacións do protocolo Covid específico das súas funcións e do seu traballo.
- Houbo unha comunicación fluída ente o persoal non docente co equipo directivo e co resto do profesorado.
- Valoramos moito o traballo que realizan no Centro.
- Como propostas de mellora, debemos seguir nesta liña, valorando o seu traballo e incidindo en deixar que tomen decisións importantes para o Centro dentro das súas competencias.

Seguiremos contando co seguinte persoal:

- Persoal coidador alumnado NEAE: 1 coidador, mentres haxa alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Persoal conserxe: 1 conserxe dependente do Concello de A Rúa.
- Persoal de limpeza: 2 limpadoras dependentes do Concello de A Rúa

- Persoal do comedor escolar: 1 cociñeira e dúas auxiliares de cociña
- Persoal de transporte escolar: 3 condutores e 3 coidadoras dependentes da empresa de transportes contratada pola Consellería.

11. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.

Este ano a ANPA non organizou actividades extraescolares previstas debido ás medidas de contención do actual protocolo da Covid-19 que dificultaría o normal desenvolvemento das mesmas por non poder xuntar distintas “aulas burbulla”.

12. REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PXA.

Dende unha perspectiva global e integradora pódense sinalar como factores para medir a eficacia do Centro e, polo tanto, a súa calidade, os seguintes recollidos na Programación Xeral Anual:

- Os fins e os obxectivos da avaliación.
- As metas inmediatas.
- O sistema organizativo do Centro.
- O grao de motivación e satisfacción do persoal docente.
- O clima de convivencia escolar.
- O contexto educativo da comunidade.
- Os recursos humanos, materiais e económicos dispoñibles.
- A implicación e participación do alumnado.
- As relacións do Centro coas familias.
- Os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Os resultados acadados con todos e cada un dos membros da comunidade educativa.

Ao longo do curso realizamos un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e actividades formuladas na PXA mediante a Comisión de Coordinación Pedagóxica e nas avaliacións trimestrais onde se foron anotando as incidencias, novas propostas, modificacións, valoración de resultados, etc., Tamén as reunións do Claustro serviron para preparar todas as actividades do centro, para aumentar a coordinación docente, para preparar todo o traballo en

equipo e sobre todo para avaliar a marcha do Centro e propoñer as modificacións oportunas. O redactado nesta Memoria Anual indica que o Centro ten un funcionamento estable e operativo e que tratará de ser mellorado nos seguintes cursos, como ven sendo habitual ao longo de todos estes anos.

Durante este curso, como no anterior, marcado pola incerteza da pandemia modificouse a organización do centro para garantir con éxito o traballo presencial e non presencial debido ao confinamento do alumnado. Agardaremos o novo protocolo cun relaxamento das medidas de contención que previsiblemente publicará a Consellería de Educación coas pautas para iniciar o curso con seguridade e agardamos que todo se desenvolva con normalidade.

13. VALORACIÓN DA XESTIÓN ECONÓMICA

Este informe trata de ser un resumo contable ata finais de xuño do presente ano. No mes de xaneiro, enviamos sempre ao profesorado e aos diferentes membros do Consello Escolar a contabilidade anual para a súa aprobación diante deste órgano. O máis destacable que podemos interpretar é o seguinte:

- Facendo un balance semestral, arredor dun 50% corresponderon á remodelación e pequenas obras no centro, un 30% dos gastos corresponden a subministracións do colexio en material funxible: material docente e de alumnado, materiais de ciclos e departamentos, consumibles informáticos, fotocopias, gasóleo de calefacción, etc. Tamén destaca un 20% de compra de material inventariable: pizarras brancas, mobles, etc.

XUSTIFICACIÓN ANUAL DE CONTAS EXERCICIO 2021						
FUNCIONAMENTO						
Remanente ano 2020						47.844,94 €
Ingresos						54.243,61 €
<ul style="list-style-type: none"> • Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* 2021. • Concello de A Rúa. 						
TOTALGLOBAL						102.088,55 €
GASTOS		INGRESOS				
Concepto	Cuantía	Entidad	Concepto	Data	Cuantía	
Comunicacións	1.301,14 €	CCEOU*	Gastos Funcionamento2020*	1/03/21	7.172,00 €	

COVID - 19	2.583,52 €	CCEOU*	Gastos Funcionamento2021	12/04/21	169,00 €
Material de oficina	4.809,40 €	CCEOU*	70% Gastos Funcionamento2021	11/05/21	11.400,00 €
Material inventariable	9.148,85 €	CCEOU*	Fomento uso do galego 20/21	27/08/21	282,00 €
Obras, mantemento e conservación	33.877,72 €	CCEOU*	PLAMBE 21/22	15/09/21	1.350,00 €
Subministracións	8.670,19 €	CCEOU*	Fondo solidario libros de texto 21/22	15/09/21	1.924,22 €
Transportes	1.309,67 €	CCEOU*	30% Gastos Funcionamento2021	8/10/21	4.887,00 €
Varios	5.717,52 €	CCEOU*	Dotación Extra. Biblioteca Inclusiva	19/10/21	990,00 €
		CCEOU*	Gastos Funcionamento Complementarios2021	20/10/21	6.484,00 €
		CCEOU*	Desenvolvemento Programa Educación Dixital 21/22	9/11/21	550,00 €
		CCEOU*	Seccións Bilingües 21/22	1/12/21	425,00 €
		CCEOU*	Departamento de Orientación 21/22	3/12/21	689,00 €
		CCEOU*	Gastos Funcionamento Complementarios2021	23/12/21	1.721,00 €
		CCEOU*	Gastos Funcionamento Complementarios2021	28/12/21	8.810,00 €
		CCEOU*	Auxiliares de Conversa	17/01/0/22	186,00 €
		CCEOU*	Plan Benestar Emocional	26/01/22	262,45 €
		CCEOU*	Aprendizaxe Linguas Estranxeiras	27/01/22	581,00 €
		CONCELLO	Parte proporcional gas propano/ gasóleo	19/2/21	2.634,28 €
		CONCELLO	Parte proporcional gas propano/ gasóleo	6/8/2021	4.756,11 €
TOTAL	67.417,93 €	TOTAL			54.243,61€
*O ingreso 7.172,00 € foi contabilizado no exercicio 2020 seguindo as instrucións do Servizo de Xestión Económica da CCEOU. * Os ingresos en verde efectuados no 2022 pola CCEOU pasan a contabilizarse no exercicio 2021 atendendo as instrucións do Servizo de Xestión Económica da CCEOU.					
Remanente 2020 + Ingresos 2021					102.088,55 €
Gastos 2021					67.417,93 €
SALDO A 31/12/2021					34.670,62 €

XUSTIFICACIÓN ANUAL DE CONTAS EXERCICIO 2021

COMEDOR

Remanente ano 2020

39.871,53 €

Ingresos Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria* 2021.						56.845,74 €
TOTAL GLOBAL						96.717,27 €
GASTOS		INGRESOS				
<u>Concepto</u>	<u>Cuantía</u>	<u>Entidad</u>	<u>Concepto</u>	<u>Data</u>	<u>Cuantía</u>	
Adquisicións	891,91 €	CCEOU	Bolsa Comedor	26/02/21	17.131,50€	
Materiais	6.888,01 €	CCEOU	Bolsa Comedor 3º Trimestre	14/05/21	19.194,45 €	
Subministracións	54.650,07€	CCEOU	Bolsa Comedor	2/12/21		
Gastos diversos	1.062,43 €					
Comisións/gastos (3º trimestre)	6,96 €					
TOTAL	63.499,38 €	TOTAL				56.845,74€
Remanente 2020 + Ingresos Consellería 2021						96.717,27€
Gastos 2021						- 63.499,38€
SALDO A 31/12/2021						33.217,89 €

O saldo da conta de funcionamento a día 28 de xuño de 2022 é de 14.630,58€ e o saldo da conta de comedor a día 28 de xuño de 2022 ascende a 33.763,67€

14. CERTIFICACIÓN DO CLAUSTRO E DO CONSELLO ESCOLAR.

A memoria final do CEIP Manuel Respino para o ano académico 2021/2022 foi aprobada por unanimidade polo Claustro de Mestres na sesión celebrada o 29 de xuño de 2022 ás 10:00 horas e polo Consello Escolar na sesión celebrada o 29 de xuño ás 11:30 horas.

Adxúntanse as actas de reunión dos dous órganos de gobernó nas que se aproba a memoria.

A Rúa, 29 de xuño de 2022

O Director

Asdo: Emilio González López